# PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA

**DOCUMENTO ADAPTADO Á ORDE DO 29 DE NOVEMBRO DO 2019 DE APROBACIÓN DEFINITIVA**



TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA

## TOMO V VOL. 1

## AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

- DOCUMENTO DE INICIO
- DOCUMENTO DE REFERENCIA

*Calixto Escariz S.L.U.*

*Xaneiro 2020*

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

# P.X.O.M. DE RIBADAVIA

---

DOCUMENTO DE INICIO PARA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PXOM DE RIBADAVIA

consultora galega s.l.
Agosto, 2006

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

# DOCUMENTO DE INICIO PARA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PXOM DE RIBADAVIA.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## ÍNDICE

**1. OBXECTIVOS DO PXOM. 5**

1.1. COMENENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIBADAVIA. 6
1.2. OS OBXECTIVOS XERAIS. 8

**2. ÁMBITO TERRITORIAL DO PXOM. 17**

2.1. ÁMBITO. 18
2.1.1. O ámbito municipal. 18
2.1.2. O ámbito comarcal. 19

**3. DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL 21**

3.1. TERRITORIO E CLIMA. 22
3.2. OS USOS DO SOLO 22
3.3. RECURSOS NATURAIS. 23
3.4. A PAISAXE 28
3.5. AS INFRAESTRUTURAS 29
3.6. OS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN 30
3.7. ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS 32
3.8. A EDIFICACIÓN. 33
3.9. DOTACIÓNS. 36

**4. DESCRICIÓN DO PLANEAMENTO 37**

4.1. FUNCIÓN DO PLANEAMENTO. 38
4.1.1. SÍNTESE DA PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA 41
4.1.1.1. CLASIFICACIÓN DO SOLO 41
4.1.1.2. INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS 42
4.1.1.3. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO E MEDIO AMBIENTE 43
4.1.1.4. ORDENANZAS URBANÍSTICAS 43
4.2. MARCO NORMATIVO. 45
4.2.1. CLASIFICACIÓN BÁSICA DE NORMATIVA XERAL 45
4.2.1.1. Normativa europea. 45
4.2.1.2. Normativa estatal española. 45
4.2.1.3. Normativa galega. 46
4.2.2. CLASIFICACIÓN TEMÁTICA DE NORMATIVA. 47
4.2.3. Normativa básica na tramitación ambiental. (segundo a C.M.A. da X.G.) 57
4.3. ALCANCE E CONTIDO DO PLANEAMENTO. 60
4.3.1. DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA. 60
4.3.1.1. MEMORIA DE INFORMACIÓN. 60
4.3.1.2. MEMORIA XUSTIFICATIVA. 63
4.3.1.3. ESTUDO DE sostibilidade AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO. 67
4.3.1.4. MEMORIA DE ORDENACIÓN. 71
4.3.1.5. DOCUMENTACIÓN CARTOGRÁFICA. 77
4.4. ALTERNATIVAS. 82
4.4.1. TRABALLOS PREVIOS DE ANÁLISE. 82
4.4.2. ALTERNATIVAS: SELECCIÓN DUNHA PROPOSTA XERAL DE ORDENACIÓN. 83
4.4.3. CRITERIOS XERAIS DE ORDENACIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA. 85
4.4.3.1. A RESPECTO DA HARMONIZACIÓN DO DESENVOLVEMENTO E A PRESERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL. 85
*4.4.3.1.1. Criterios medioambientais no planeamento que se está a abordar. 86*
*4.4.3.1.2. Harmonización do patrimonio natural e a expansión urbanística 90*
4.4.3.2. A RESPECTO DO TRATAMENTO DO PATRIMONIO CULTURAL. 91

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

4.4.3.3. A RESPECTO DO MODELO TERRITORIAL DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN. ..... 95
4.4.3.4. NO QUE ATINXE AOS SISTEMAS XERAIS. ..... 97
*4.4.3.4.1. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN. ..... 97*
*4.4.3.4.2. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS. ..... 101*
*4.4.3.4.3. NO QUE ATINXE AS DOTACIÓNS. ..... 104*
*4.4.3.4.4. NO QUE ATINXE Á CLASIFICACIÓN DO SOLO. ..... 110*
4.4.3.5. A demanda de solo para actividades produtivas comerciais-industriais ..... 114
4.4.3.6. A necesidade estratéxica de solo residencial e de vivenda protexida. ..... 116
4.4.3.7. Criterios concretos para a determinación e situación dos sectores. ..... 117
4.4.4. TIPOS DE MEDIDAS INCLUÍDAS NO PLANEAMENTO. ..... 128
4.4.4.1. Medidas protectoras e correctoras. ..... 128
4.4.4.2. Catalogo de medidas de carácter xeral. ..... 128
*4.4.4.2.1. Medidas de deseño do planeamento ..... 129*
*4.4.4.2.2. Atmosfera. ..... 129*
*4.4.4.2.3. Impactos sobre o relevo e os solos. ..... 130*
*4.4.4.2.4. Impactos sobre a hidroloxía. ..... 130*
*4.4.4.2.5. Impacto sobre a vexetación. ..... 130*
*4.4.4.2.6. Fauna. ..... 131*
*4.4.4.2.7. Impacto sobre a paisaxe. ..... 131*
4.4.4.3. Obxectivos para o desenvolvemento do planeamento e a ordenación. ..... 131
*4.4.4.3.1. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL. ..... 132*
*4.4.4.3.2. PROMOVER A MOBILIDADE SOSTIBLE. ..... 132*
*4.4.4.3.3. PROMOVER A EFICIENCIA ENERXÉTICA. ..... 132*
*4.4.4.3.4. PROMOVER UNHA PAISAXE DE CALIDADE. ..... 133*
*4.4.4.3.5. PREVENCIÓN DA EMISIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS. ..... 133*
*4.4.4.3.6. FOMENTAR A REDUCIÓN E XESTIÓN DOS RESIDUOS. ..... 133*
4.4.5. Aproximación aos efectos previsibles. ..... 134
4.4.5.1. ESPAZOS DE INTERESE E HÁBITATS PROTEXIDOS. ..... 134
*4.4.5.1.1. Hábitats de auga doce ..... 134*
*4.4.5.1.2. Vexetación primocolonizadora ..... 134*
*4.4.5.1.3. Prados e herbais ..... 135*
*4.4.5.1.4. Bosques ..... 135*
*4.4.5.1.5. Catálogo de humedais de Galicia ..... 136*
*4.4.5.1.6. Protección de canles de ríos e regatos. ..... 138*
4.4.5.2. AVALIACIÓN COMPARATIVA DOS EFECTOS PREVISIBLES. ..... 138
4.5. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADAS. ..... 142
4.5.1. Efectos previsibles sobre elementos estratéxicos do territorio e sobre as planificacións relacionadas. ..... 142
4.5.1.1. Accións tipo do proceso urbanizador e a súa incidencia no medio. ..... 144
4.5.1.2. Impactos sobre á atmosfera. ..... 145
4.5.1.3. Impactos sobre o relevo e os solos. ..... 147
4.5.1.4. Impactos sobre a hidroloxía. ..... 148
4.5.1.5. Impacto sobre a vexetación. ..... 149
4.5.1.6. Impactos sobre a fauna. ..... 150
4.5.1.7. Impactos sobre a paisaxe. ..... 152

**5. DESCRICIÓN DOS PROCESOS QUE SE SEGUIRAN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN. ..... 154**

5.1. METODOLOXÍA BÁSICA A EMPREGAR. ..... 155
5.1.1.1. DESCRICIÓN DE TRABALLOS A REALIZAR. ..... 160
5.1.1.2. CALENDARIO OFERTADO NO CONCURSO DO PXOM. ..... 163
5.2. DESCRICIÓN DETALLADA E ACTUALIZADA DO PROCESO DE TRAMITACIÓN DO PXOM. ..... 165
*5.2.1.* FASE 1-1. INFORMACIÓN E AVANCE DE PLANEAMENTO. ..... 165
5.2.2. FASE 1-2. A EXPOSICIÓN PÚBLICA DO AVANCE E ANÁLISE DAS SUXESTIÓNS. 166
5.2.2.1. A resposta cidadá na exposición pública do Avance. ..... 166

5.2.3. FASE 2-1. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL. ..... 167
5.2.4. FASE 2-2. REMISIÓN AO CONSELLEIRO PARA O INFORME PREVIO. ..... 168
*5.2.5.* FASE 3-1. CORRECCIÓN DO DOCUMENTO PARA A SÚA APROBACIÓN INICIAL. 168
5.2.6. FASE 3-2. APROBACIÓN INICIAL, EXPOSICIÓN PÚBLICA, INFORME DAS ADMINISTRACIÓNS E ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS. ..... 168
5.2.7. FASE 4-1. ELABORAción do DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL. ... 169
5.2.8. FASE 4-2. APROBACIÓN PROVISIONAL POLO CONCELLO E REMISIÓN DO EXPEDIENTE O CONSELLEIRO PARA INFORME DEFINITIVO. ..... 170
5.2.9. FASE 5 - DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. ..... 171

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

# 1. OBXECTIVOS DO PXOM.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

O Plan Xeral de Ordenación que se avanza ten o seu baseamento na formulación previa duns **Obxectivos xerais** nidios, que informaron todo o traballo desenvolvido ata o de agora, e, xa que logo, todas as determinacións que se conteñen na Documentación que agora se aporta.

Estes Obxectivos veñen ser, doutra banda, a síntese dialéctica entre uns posicionamentos de partida (tanto dos responsables da Administración que formula o PXOM coma dos técnicos que as redactan) e o resultado da esculca efectuada no medio físico e humano de Ribadavia.

Os Obxectivos ou Principios informadores actúan, loxicamente, dende o primeiro día, dende o intre en que se empeza a traballar; a mesma pescuda informativa non é endexamais neutra; o investigador nunca vai na procura duns dados dos que nada sabe, senón que persigue algo do que pode non coñecer as características cuantitativas ou as cualitativas menos importantes; pero a esencia do obxecto ten que a ter interiorizado denantes, se non quere correr o risco de perderse na morea dos dados estatísticos.

Porén tampouco vale un encadramento nuns principios denantes de comprobar na realidade que eses principios teñen valencia, e que son quen de servir para o obxectivo prioritario.

## 1.1. CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DA FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIBADAVIA.

Un concello coma o de Ribadavia cun pasado histórico moi importante (máis importante se cabe canto máis atrás nos remontemos), que aínda permanece escrito nos seus rueiros urbanos e rurais, na edificación da vila e das súas aldeas e lugares; cunha diversidade de usos e intensidades, notoria; un concello de dimensións moi pequenas (entre os 25 máis pequenos de Galicia), con máis de dezaseis entidades de poboación orixinais -aínda que hoxe como continuos distinguibles uns dos outros son algúns menos, por absorción das máis próximas nos núcleos de maior expansión e fusión de varias nunha soa-; cun litoral fluvial diverso e esgrevio e un agro concentrado nos vales dos regatos; con algunhas actuacións urbanístico-arquitectónicas que esnaquizaron nalgunhas zonas o modelo tradicional, con importantes infraestruturas de comunicación atravesando o seu territorio, como a Autovía A-52, N-120 ou o ferrocarril, que posibilitan unha accesibilidade inmellorable, situada preto de dúas das máis grandes poboacións da provincia de Ourense (O Carballiño e Ourense) e polo tanto cunha gran potencialidade de usos vinculados, require con urxencia dunha

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

reordenación do seu territorio e unha reorientación do planeamento marcando novas estratexias e novos modelos territoriais para acadar un desenvolvemento asumible e autosostible se non se quere que o deterioro ambiental chegue a cotas irreversibles.

Amais da conveniencia e da necesidade, están as propias esixencias de orde legal. Nas Disposicións Transitorias da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia de 30/12/2002 (Lei 9/2002) especifícase que deberá adaptarse a ela todo o planeamento urbanístico vixente. No tocante á figura de planeamento a elaborar, dada a complexidade urbanística e as novas condicións da Lei 9/2002, a figura obrigada a redactar é a dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Amais das razóns obxectivas e dos imperativos legais hai que ter en conta as razóns dimanantes dunha vontade da Corporación Municipal de replantexar un planeamento que non cumpre coa súa estratexia de ordenación territorial, mediante a corrección dos vicios normativos detectados nestes últimos 17 anos, a consideración das novas pautas de desenvolvemento, a incorporación das novas demandas da sociedade e das previsións de futuro, así como poñer a andar unha estratexia de conservación e posta en funcionamento de todo o potencial natural e cultural que este Concello aínda posúe, e que non debe nin pode perder, facendo do propio territorio unha *"empresa"* rendible economicamente, dando resposta á necesidade de protección que se ven demandando dende a Administración autonómica, estatal e comunitaria. Hai que sacar partido desta nova situación previndo xa no planeamento a demanda de recursos e xestión da actividade a realizar nos espazos nos que se ven impoñendo xa a súa protección concreta e catálogo de Espazos Naturais das N.S. Provinciais e inventario de humidais da Xunta de Galicia, de xeito que poida incorporarse pola vía do turismo respectuoso co entorno, un complemento da súa economía tradicional.

Hoxe en día xa é un Concello moi visitado, pero a ordenación actual, a insuficiencia de información, de medios de publicitación ou de actuacións de posta en valor de todo ese potencial natural e cultural que posúe este territorio impide sacar o máximo proveito a ese fluxo. Cabe dicir outro tanto das súas potencialidades deportivas vinculadas basicamente aos deportes náuticos no encoro de Castrelo de Miño, os cinexéticos ou fluviais (caza e pesca), ou mesmo os que se vinculan a actividades como o sendeirismo, de grandes posibilidades neste territorio, actividades estas que poden potenciar enormemente un sector en clara evolución, como é o turismo rural, cunha variada oferta de actividades complementarias.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Non é suficiente que a xente veña ata aquí senón que debe permanecer neste territorio máis tempo do que hoxe o fai e tratar de estender a tempada a todo o ano, sendo isto moi factible, dada a súa inmellorable accesibilidade a través de varios medios de transporte: terrestre (autoestrada, estradas, ferrocarril), e incluso por medios fluviais. Preparar a oferta axeitada para esa permanencia potenciando o sistema xa existente e a explotación racional dos recursos naturais, deportivos e culturais xa sería razón dabondo para elaborar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

## 1.2. OS OBXECTIVOS XERAIS.

1º) A PROCURA DA MAIOR CALIDADE DE VIDA POSIBLE É O OBXECTIVO PRIORITARIO QUE INFORMA A REDACCIÓN DO PRESENTE PLAN XERAL.

Fronte á pretensión ata hai pouco xeneralizada de irmos só na procura do **incremento do nivel de vida** que, cando se ten conseguido, case sempre se fixo a base da xeración de fondos desequilibrios, contabilizados por uns coma grandes beneficios e por outros coma deseconomías, molestias e déficits de dotacións e servizos (disto saben ben tódolos territorios galegos do interior), entendemos que se debe **situar en primeiro lugar o aumento da calidade de vida**, consistente nunha mellora da habitabilidade, que se sinta, valore e aprecie por cada ribadaviense.

Dado que a sociedade actual está baseada nun modelo urbano-industrial, os valores que se irradian a todo o territorio, tenden a colocar nun primeiro plano das necesidades, aquilo que se sinte coma necesaria no centro do modelo: as grandes cidades e concentracións industriais. Se isto se remedia na periferia dese modelo, ou sexa, nos medios rurais, o que adoitaría acontecer é a destrución do medio propio ou o seu esnaquizamento en mil anacos, sen chegarmos a poder construír nin tan sequera aquel outro modelo.

Hai que ter claro que o modelo urbano-industrial está xa caduco no mundo; pero aquí entre nós aínda hai moita xente que o quere remediar. É un intento imposible, pero os custos territoriais, sociais e económicos serían, en calquera caso, elevadísimos.

De entre todas as falacias que permitiron que ese concreto modelo urbano-industrial medrase e se estendese polo mundo enteiro, a máis teimuda, a que custa máis enterrar, é a de identificar progreso con **nivel de vida**; e este con consumo (na orde de valores sitúase antes

o **ter** que o **ser**). Nós xulgamos que é prioritario desfacer esa falacia e por iso imos partir dun principio distinto: a procura dunha **mellora da calidade de vida**. Acadando cotas de benestar sen perder todo o importante que a sociedade xa ten e que foi conquistado en centos e milleiros de anos polas xeracións precedentes; herdanza dos devanceiros, é preciso non esnaquizar o que son os nosos propios sinais de identidade, que se poden perder doadamente se un se converte en adorador dos ídolos falsos da sociedade do estrago e o consumo sen límites.

Este principio haberá de ter correspondencia con tódalas determinacións do PXOM; mais, coma é lóxico, ten unha relación máis directa, e hase plasmar de xeito máis nidio, no deseño de dotacións (espazos libres, equipamento comunitario, etc.) ou na preservación do medio ambiente natural e dos sinais de identidade máis fondos da sociedade ribadaviense.

2º) PROCURAR UNHA ORDENACIÓN QUE SEN ALTERAR GRANDEMENTE O MODELO PRIMIXENIO PREEXISTENTE, FAGA CONCORDAR O SISTEMA TRADICIONAL DE ASENTAMENTOS COAS TENDENCIAS MÁIS POSITIVAS DE HOXE EN DÍA, TENTANDO QUE SE FAVOREZA O ACAECEMENTO ENTRE ESA ORDENACIÓN E O CONXUNTO DE ROLES DESEMPEÑADOS POR RIBADAVIA ATA AGORA, MÁIS AQUELES NOVOS SOBRE DOS QUE EXISTEN FUNDADAS EXPECTATIVAS DE QUE POIDA XOGAR NO FUTURO INMEDIATO.

Todo o territorio é o resultado da intervención humana de moitas xeracións que, construíndo infraestruturas, cultivando a terra ou edificando, lle deron a fisionomía e a estrutura que as individualiza fronte dos outros territorios; tanto dos próximos coma dos afastados.

Isto aínda é máis importante no caso daqueles territorios que, coma é o caso de Ribadavia, foron acubillo de comunidades humanas dende a noite dos tempos e en diferentes xeiras do devalar histórico galego.

A estrutura territorial ribadaviense en moitos aspectos básicos, segue a manter, despois das intervencións e implantacións deste século e, mesmo, logo das actuacións moitas veces impropias das tres últimas décadas, as constantes tradicionais que lle son propias aos territorios do interior de Galicia, desenvolvidas conforme aos parámetros dunha certa industrialización baseada nos propios recursos.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Pero non é menos certo que este territorio atópase inmerso no sistema urbano-industrial, dada a súa proximidade ás vilas e ás zonas máis desenvolvidas da provincia de Ourense, con intervencións que, nuns casos, polo puro exercicio da especulación ou do negocio doado, noutros, por entender que cara aí andaba o progreso; e, noutras, por un moito de ignorancia, chegaron a constituír nalgúns casos unha ameaza tanto para os núcleos rurais como para o resto do territorio.

Afortunadamente esas intervencións non foron quen de borrar o esencial das pegadas do modelo tradicional e hoxe en día aínda se pode e se debe tentar unha ordenación que tenda a recuperar o mellor da súa tradición sen menoscabo de aplicar aquí determinacións dunha modernidade auténtica.

3º) O PLANEAMENTO HABERÁ DE PERSEGUI-LA CONSERVACIÓN E MELLORA DA PARROQUIA COMA INSTITUCIÓN BÁSICA DA CONVIVENCIA COTIÁN, PROCURANDO ATA ONDE HUMANAMENTE SEXA POSIBLE NON SÓ O MANTEMENTO SENÓN TAMÉN O AUMENTO DA POBOACIÓN NO TERRITORIO, RESPECTANDO A SÚA DISTRIBUCIÓN DESCENTRALIZADA E XERÁRQUICA.

Aínda que o instrumento de planeamento físico é moi incompleto para a consecución dunha planificación integral, tódalas determinacións que se establecen tentan, na medida do posible, non esquecer a realidade parroquial.

Isto ven supoñer que imos na procura de que a potenciación dunha zona ou sector de actividade endexamais free ou coute o cumprimento do presente obxectivo; isto é, que sexa doado permanecer no lugar propio e en condicións acaídas, de todo individuo que o desexe; impedindo ou poñendo atrancos á aparición de fortes desequilibrios que, a longo prazo, só supoñen a obriga de emigrar ou o cambio de residencia.

En concordancia co presente obxectivo, téntase unha ordenación que pule polo desenrolo dos sectores produtivos existentes favorecendo a protección dos recursos acuícolas, agrarios, gandeiros e forestais, que son tradicionais, adaptándoos aos tempos actuais así como os recursos industriais, cunha certa tradición tamén, anque máis recente e potenciando o desenrolo doutros recursos aínda pouco explotados: a **natureza** e a **historia**, a traveso das variadas formas de turismo que pode ofrendar Ribadavia de xeito descentralizado. Neste senso, non hai parroquia que non teña este *recurso* en abundancia, pero sobre todo a vila,

que é a que máis ten rendabilizado coma recurso os poucos que a historia deixou nela, ou mesmo Francelos, arredor da súa notable igrexa prerrománica, das poucas existentes en Galicia (e polo tanto máis salientable aínda) que cun contexto edificatorio rural que non desmerece no conxunto.

Non se pretende que cada unha das parroquias vaia contar con todo o abano de actividades, senón que hai que ir na procura das máximas posibilidades de uso do chan para cada unha delas cun criterio de autonomía de escala (e, por suposto, dentro do marco da legalidade urbanística vixente). Ben entendido que ten que haber diferenzas, poñamos por caso, entre as parroquias que teñen maiores concentracións de poboación e, xa que logo, maior diversidade de usos, e as parroquias máis rurais ou núcleos afastados do sistema básico de comunicacións de Ribadavia.

Pero iso non debe coutar o esforzo por dotar ás parroquias de equipamentos públicos, de dotacións diversas, de rematar o labor encetado coas infraestruturas de servizos etc. etc., porque todo é pouco para fixar poboación alí, conservando aquí a descendencia da poboación, recuperando a que vai volvendo da emigración e pulando polo establecemento de xente nova procedente das grandes vilas próximas, fartos xa da vida urbana.

Tamén se basearán neste principio os criterios seguidos sobre a delimitación dos núcleos rurais, que se fai cumprida, xustamente para que, sen atentar contra o modelo de asentamento tradicional, sexa máis doado seguir construíndo neses núcleos, para evitar facelo no resto do territorio que aínda conserva os seus recursos naturais ou que, alomenos, non se poñan atrancos innecesarios a ese labor, que vai a permitir a concentración de servizos á poboación coa conseguinte economía de recursos, preservando á súa vez aquelas zonas que teñen posibilidades endóxenas de usos naturais e/ou culturais, aplicando neste eido non xa como elección, senón como obriga, o espírito (xa con carácter lexislativo) da nova lei urbanística galega. (LOUG)

4º) PROCURAR QUE SE MANTEÑA, AGÁS NOS CASOS NOS QUE NON SEXA POSIBLE, A MULTIFUNCIONALIDADE E A SUPERPOSICIÓN DE USOS DO SOLO, ORDENANDO HARMONICAMENTE AS NOVAS IMPLANTACIÓNS E CORRIXINDO AS DISFUNCIONALIDADES QUE SE APRECIEN.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Isto significa que hai que procurar unha ordenación que tente a meirande mestura posible na utilización do solo, dentro dunha escala humana, en contraposición á excesiva segregación espacial de actividades que decote se producen nas grandes concentracións.

Ribadavia, neste senso, aínda presenta un moi baixo nivel de especialización espacial exceptuando quizais a progresiva especialización basicamente industrial que se está consolidando na zona nordeste do concello, e que o fará no futuro no polígono industrial xa urbanizado. Os distintos usos do chan -residencia, comercio, edificacións de carácter produtivo agropecuario, obradoiros e pequena industria, etc. no resto do territorio- distribúense, en xeral, de xeito repartido.

Unha situación así é difícil de atopar nas cidades e vilas grandes, onde a especialización do espazo leva parello o alongamento dos distintos usos, creando barrios-dormitorio ou zonas de terciarización, polígonos industriais, etc., sen integración ou cunha integración mínima; o cal leva a un desligamento da poboación e, xa que logo, á súa alienación.

Conservar a capacidade do espazo para acollida de usos diferentes, sempre que a súa intensidade o permita, e evitando a súa segregación, non é estar contra o acaecemento dunhas determinadas áreas para uns específicos usos. Actuando así é coma pode chegar a ser posible un artellamento do hábitat no que o ser humano poida seguir sendo o elemento vertebrador. Só cando existan incompatibilidades manifestas é que haberá que buscarlle localización axeitada aos usos non acaídos. Cecais sexa este o caso dos usos industriais nos que se pretende que certos tipos de usos cualificados como tais, que producen un certo impacto debido ao seu espallamento por todo o territorio teñan un lugar onde desenvolverse axeitada e integradoramente, co nivel de servizos que estes usos están a demandar progresivamente, plantexándose polo tanto a necesidade dun chan comercial-industrial que xa estaba previsto no planeamento vixente, en zonas situadas en torno á vila, nalgún caso ocupadas xa por algunha das actividades deste tipo máis importantes que actualmente están implantadas neste concello, xestando axilizar a súa xestión dende a redacción do PXOM, e, se fai falla, buscando outros emprazamentos viables en mellores ou similares condicións, e que durante a tramitación do PXOM se poida consensuar con todos os axentes implicados sempre que cumpra iso si, con todas as características necesarias de accesibilidade e doada topografía.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

5º) RESOLVER, MERCÉ A DISPOSICIÓN DE CANLES AXEITADAS, TODOS OS PROBLEMAS QUE ORIXINARÁ O PAULATINO E NECESARIO CAMBIO DE ROL DO TERRITORIO RIBADAVIENSE.

Existe -alomenos así nolo parece- unha aquiescencia en Ribadavia para poñer en valor o que se xulga pode ser deica en diante un dos posibles novos recursos a explotar máis intensamente que ata agora: o **medio natural** (que abrangue a unha parte moi importante do territorio), e o **medio artificial** con interese específico, ou sexa o patrimonio histórico-artístico, etnográfico e cultural, que se atopa espallado por todo o territorio, en todas as parroquias. Este recurso, que para sintetizar denominamos **natureza e historia**, é un recurso que se demanda cada día máis por parte de xentes que viven nas degradadas áreas urbanas onde xa é moi difícil atopar o xeito de descubrir e disfroitar do patrimonio artificial e, practicamente, imposíbel atopar e deleitar do patrimonio natural.

Ribadavia reúne no seu territorio, con certo grado de harmonía e, mesmo, con complementarización, estes dous elementos. É, pois, lóxico que se hai alguén que anda na súa procura, Ribadavia poña en oferta o que outros demandan.

Pero o recurso do que estamos a falar, coma tódolos recursos, ten as súas propias leis de uso. E as máis importantes destas leis indican que hai que ter moito coidado coa cantidade e o xeito de presentar esa oferta á demanda, pois un desaxuste neste terreo pode significa-lo seu propio esgotamento ou grave deterioro.

Por iso será necesario prepararse para resolver as concrecións desa demanda (nova edificación residencial, hostais e hoteis, rehabilitación do patrimonio edificatorio acaído para o turismo rural, axeitamento da oferta equipamental, das infraestruturas básicas,... etc.), tendo un exquisito coidado en que tais accións non couten a valencia do recurso medioambiental que a demanda persigue.

6º) PROTECCIÓN DOS RECURSOS E ESPAZOS NATURAIS E TAMÉN DO PATRIMONIO HISTORICO-ARTISTICO, ETNOGRÁFICO E CULTURAL.

Unha comunidade é sempre o resultado dunha acaída solución da contradición entre pasado e futuro, tradición e modernidade.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Para que esa solución se sega a producir decote, por enriba de calquera outra consideración, é necesario conservar os elementos básicos da mesma; isto é, os que fixeron posible que esa comunidade exista hoxe.

A primeira cousa a conservar e potenciar son os recursos, dos que a súa explotación permite vivir, literalmente falando, a esa comunidade. No caso de Ribadavia, isto concrétase, primeiramente, na explotación dos recursos vitivinícolas situados nos vales dos ríos, cunha produción xa profesionalizada e industrializada, pero que aínda se pode mellorar, e tamén na explotación do resto dos recursos agrarios -agrícolas, gandeiros, mineiros, forestais-. En maior ou menor medida eses recursos explótanse xa, integrando iso que se chama economía mergullada, de xeito que todas estas actividades acadan unha grande importancia para un sector -o primario- con peso cuantitativo importante, aínda que decrecente no conxunto da poboación do concello. Ámbalas dúas clases de actividades, xa que logo, constitúen unha boa parte do acontecer diario da maioría das comunidades que viven ou sobreviven aquí. Tamén será necesario conservar e, aínda, pular polo sector que ten nas instalacións industriais, comerciais e de servizos boa parte do seu sustento, pois é aí onde reside a outra parte da estrutura económica ribadaviense (esta última localizada sobre todo nas proximidades dos medios urbanos).

A ordenación debe velar porque as novas implantacións ou o acomodo das existentes non coute as fontes de riqueza tradicional, que teñen amosado suficientemente o seu valer para a continuidade da vida social aquí. Unha protección das potencialidades produtivas –dos ríos e da terra- é algo así coma un seguro para calquera incerteza do futuro, onde nada hai con garantías plenas; nin tan sequera as pensións por xubilación.

Aínda que non se fose explotar coma un ben económico, e só polo feito de que a comunidade é algo máis que unha sinxela agregación de individuos, é preciso conservar tamén a historia, a cultura material que coligou á colectividade a traveso do tempo. Se diso se pretende tirar un proveito, con moita máis razón.

Esa protección, por parte do planeamento debe abranguer:

a) **A protección do medio ambiente** e dos grandes **espazos naturais** do territorio do Concello. E non só polas novas esixencias da regulamentación medioambiental, senón tamén por coidar que é esta a única maneira de garantir, repetimos, non só as

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

posibilidades produtivas propias, senón tamén a calidade de vida da que se falou ao comezo do presente capítulo. Isto é máis imperioso aínda agora, cando xa non só atentan contra do medio as actuacións de axentes privados que andan á procura do máximo beneficio económico individual, aínda que sexa a costa da máxima perda colectiva, senón que tamén o fan (e de xeito moito máis grave dada a maior escala) as institucións públicas que non teñen, decote, a sensibilidade necesaria para calibrar os resultados das súas grandes actuacións no territorio.

b) **A conservación e rehabilitación do patrimonio material e cultural do pobo:** único xeito de conservación das raigañas comunitarias. Este obxectivo ven supoñer a necesidade, entre outras, de conservación, mellora e, no seu caso, reutilización dos bens merecentes de ser considerados de interese cultural: conxuntos produtivos-industriais, construcións históricas de carácter senlleiro (militares, civís e relixiosas), xacementos arqueolóxicos, patrimonio etnográfico, arquitectura popular, etc. etc. Esta actividade estase a desenvolver xa con éxito no casco histórico da vila, pero sería conveniente estender esa iniciativa ao resto do territorio, principalmente aos núcleos rurais, empezando por aqueles que conservan aínda edificacións ou conxuntos de notable interese.

7º) OFRECER UN DOCUMENTO NORMATIVO COMPLETO E DOADO DE APLICAR, ASÍ COMA UN SISTEMA DE XESTIÓN URBANÍSTICA CONFORME COA CAPACIDADE ECONÓMICA E TÉCNICA DO CONCELLO, UTILIZANDO AO MÁXIMO OS MECANISMOS LEGAIS PARA A OBTENCIÓN DAS DOTACIÓNS PÚBLICAS E REPARTO DE CARGAS E BENEFICIOS.

Aínda que non resulte doado, por canto a lexislación urbanística é cada vez máis complexa, coidamos que o documento normativo que se está a deseñar debe procurar un alto grado de racionalidade e sinxeleza, buscada polo desexo de que as cousas fundamentais puidesen ser entendidas sen moitos problemas polo maior número de persoas, ao tempo que tamén resulte máis aplicable e controlable por parte de quen ten a competencia para esa aplicación e control.

Esa sinxeleza e racionalidade hase plasmar nun **reducido número de ordenanzas**, que equiparen todo aquilo que sexa equiparable; (cousa que, doutra parte, introduce un elemento de equilibrio no tratamento de tódalas situacións parellas; e de xustiza no que ten de

tratamento de expectativas) e na xusta determinación de zonas sometidas a **instrumentos de planeamento de desenvolvemento** para a ordenación do solo. Só cabe tal método, no caso do Medio Natural ou do Patrimonio, para acadar o grao necesario de desenrolo, alomenos nas grandes zonas a protexer nalgunhas áreas do monte ou nas de ribeira para definir pormiudadamente mediante Plans Especiais os instrumentos de xestión e procura de financiamento, e a mellor rendibilidade de uso sostible e compatible coa protección ou conservación dos elementos de interese. Tamén para o caso das infraestruturas específicas, tal é o caso do viario de alta capacidade ou o encoro de Castrelo de Miño, que deben regularse con criterios propios polas Administracións titulares ou responsables de tales infraestruturas ou espazos e, coma é lóxico, no caso da ordenación do chan urbanizable ou o urbano non consolidado, no seu caso. Estes dous tipos de chan teñen que ser desenvolvidos, tamén por esixencias legais a traveso dos correspondentes plans parciais ou especiais respectivamente, e logo mediante os instrumentos de equidistribución de cargas e beneficios que correspondan, tentando reducir ao máximo o tamaño dos ámbitos de desenrolo unitario para facilitar a xestión neses tipos de solo.

EN RESUMO: O FUTURO PLANEAMENTO DE RIBADAVIA DEBERA TER COMA NORTE O ESTABLECEMENTO DUN MODELO QUE SEN RENUNCIAR A UNHA AUTENTICA MODERNIDADE, PRESERVE OS VALORES ESENCIAIS DO TERRITORIO (NATURAIS E ARTIFICIAIS) E FACILITE UNHA EXPLOTACIÓN RACIONAL DOS RECURSOS TRADICIONAIS, COMA ÚNICO MEDIO DE ACADAR UNHA MELLORA DA CALIDADE DE VIDA PARA O CONXUNTO DA SÚA POBOACIÓN.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 2. ÁMBITO TERRITORIAL DO PXOM.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 2.1. ÁMBITO.

### 2.1.1. O ÁMBITO MUNICIPAL.

O ámbito territorial do presente PXOM e o territorio completo do concello de Ribadavia, dunha superficie aproximada de 2.692 Ha.

Ribadavia está cómprendida nas seguintes coordenadas: latitudes N 42º 20’ e 42º15’ W e as lonxitudes 8º04’ e 8º11’ O.

O concello de Ribadavia está situado na zona oeste da provincia de Ourense ao abeiro das Serras do Suído e o Faro de Avión, que coa Serra do Leboreiro da outra banda, configuran un suco tectónico no que se insire o curso do río Miño no seu tramo medio e todos os seus afluentes desta parte do curso, como o Avia e o Arnoia, que conforman os característicos “ribeiros” que dan nome a esta comarca, cunhas especiais condicións climáticas e ambientais. Estas características xeográficas e ambientais confírenlle un marcado carácter natural sendo polo tanto unha das súas máis importantes potencialidades a explotar.

Ribadavia encádrase na comarca do Ribeiro no oeste da provincia de Ourense. A comarca limita coa comarca de Carballiño ao norte, terra de Celanova ao sueste e a provincia de Pontevedra ao oeste. Os concellos que conforman a comarca son: Ribadavia, Arnoia, Avión, Beade, Carballeira de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro e Melón.

Ribadavia linda polo norte cos municipios de Cenlle, Beade, Carballeda de Avia, Melón, e polo sur con Crecente, Cortegada, Arnoia, Castrelo de Miño .

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO




O municipio consta de 7 parroquias que contabilizan 16 entidades de poboación. Agás as parroquias de Ribadavia e Francelos que teñen un pouco máis de 733 hectáreas de superficie cada unha, o resto das parroquias son moi pequenas, sendo todas elas menores de 400 hectáreas, sendo a parroquia de Regodeigón a máis cativa de superficie con tan só 41 hectáreas.

### 2.1.2. O ÁMBITO COMARCAL.

No mapa comarcal de Galicia aprobado pola Xunta de Galicia en febreiro de 1997, Ribadavia constitúese como o centro da comarca de O Ribeiro, xunto cos concellos de A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro e Melón.

A organización institucional foi variando ao longo da historia dende as primeiras xeiras, chegando a súa configuración actual coa superposición de diferentes divisións territoriais no que se refire aos diferentes poderes: eclesiástico, xudicial, administrativo e mesmo o económico.

No caso da administración xudicial, Ribadavia tamén é o centro do partido xudicial do mesmo nome, no que se inclúen todos os concellos xa citados máis o de Pontedeva, un pequeno concello que se inclúe a efectos comarcais na Terra de Celanova. A meirande parte dos concellos pertenceron xa dende o principio a esta xurisdición pero algúns outros

mudaron a súa dependencia xudicial, como os de Leiro e Melón, que chegaron a ter xurisdicións propias pero a partires de 1820 se integraron na de Ribadavia, ou no caso de Arnoia e Castrelo de Miño, que orixinariamente dependeron de Celanova, pero xa dende o século XIX pasaron a depender de Ribadavia, ou o caso máis particular de Cortegada, que pertencía á antiga xurisdición de Milmanda pasando logo á de Celanova ata 1965 e á de Ourense ata 1988, integrándose a partires desa data na de Ribadavia.

No que se refire á Mancomunidade de Concellos de O Ribeiro constituída en 1988, que ten tamén a súa sede central en Ribadavia, está composta por 9 concellos, que veñen a coincidir practicamente coa delimitación comarcal, coa única exclusión do concello de Cortegada.

Neste contexto de capitalidade comarcal a todos os niveis con carácter xa histórico e tradicional con forte arraigo popular na provincia de Ourense, como centro dunha importante área de mercado, a organización e estrutura territorial e funcional dos concellos desta comarca depende directamente de Ribadavia, aínda que algúns concellos como Avión, Carballeda de Avia ou Leiro teñan tamén certas dependencias funcionais secundarias co concello de O Carballiño, en relación a determinados servizos administrativos moi concretos.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

# 3. DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL

A Información que se contén nos volumes do documento correspondente, puxo de releve os riscos que caracterizan a Ribadavia. De modo sintético, a xeito dunha primeira aproximación á súa Diagnose, nas páxinas que seguen recóllense os riscos definidores da poliédrica realidade que interesa a todo o planeamento.

## 3.1. TERRITORIO E CLIMA.

O concello de Ribadavia, situado ao sur da capitalidade de Galicia, Santiago de Compostela, e cara ao noroeste da provincia de Ourense, da que administrativamente, forma parte na actualidade, aséntase nun promontorio estratéxico e ben comunicado á veira do río Avia, de aí o seu nome, moi preto da desembocadura do mesmo, no río Miño. Limita cos concellos de Arnoia, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Melón e Cortegada.

Xeograficamente esténdese ao longo dun non moi grande sector do territorio moi característico, o Avia, que baixando dende os montes de Avión describe un val pechado.

Dende o punto de vista físico, no Concello de Ribadavia distínguense dous sectores claramente diferenciados entre si: o occidental que se corresponde coas altas terras, derivacións da Serra do Faro de Avión e que forman os outeiros de Franqueirán e Couto de Feixa. O segundo, o val aberto, configurando unha ampla ribeira, que se forma polo leste, polo decorrer do Miño que encaixotado entre os outeiros de Foz e os de Castrelo de Miño, ao sur, recolle as augas do Avia, sendo é aquí onde se concentra a terra máis produtiva e fértil de todo o Concello.

Climaticamente ten variacións moi locais con relación á tendencia xeral do noroeste da provincia de Ourense. O clima está condicionado por varios factores entre os que destacan dous: dunha banda, a seca e aridez propia do verán, con altas temperaturas e falla de precipitacións. Por outra banda a influencia do clima oceánico que se mete no Concello, e en xeral por toda a Comarca, a través do río Miño.

## 3.2. OS USOS DO SOLO

O actual réxime de explotación da terra, salvo excepcións en réxime de cooperativa no concello, é o minifundio, o cal inexorablemente conduciu ao abandono da actividade tanto agrícola como gandeira en prol doutras actividades de subsistencia que se desenvolven fóra do concello, todo elo a pesares da introdución de novos cultivos como a flor ou o kiwi e dos intentos por mellorar os sistemas de comercialización e a racionalidade na produción. Sen

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

embargo é certo que a actividade agraria atravesa un momento de claro estancamento; este abandono da explotación da terra, ao non atoparse suficientemente incentivado, priorizado e planificado, conleva á degradación do medio natural do concello, debéndose buscar posibles solucións.

Non debemos esquecer un dos recursos naturais nos que Ribadavia ten unha grande potencialidade: a explotación forestal. O 40% das industrias de Ribadavia están orientadas á transformación da riqueza forestal, así pois, dende o PXOM convén fomentar a reforestación en determinadas zonas do concello na procura dunha explotación que combine a economía coa natureza na procura ao mesmo tempo dun medioambiente sostible.

Os usos do solo distribúense deste xeito: cultivos, o 14.1%; forestal arborado, o 26.9%; monte baixo ou sen arborado, o 46.8%; e usos improdutivos, o 12.2%, nos que se desenvolven ou integran os núcleos de poboación e as infraestruturas (núcleos de poboación o 3.8%, infraestruturas principais 0.71% e ríos principais 7.7%), aparecendo en moitos casos pequenas zonas de horta dentro dos núcleos.

### 3.3. RECURSOS NATURAIS.

A **rede fluvial** do territorio de Ribadavia é extensa. A cunca fluvial a que pertencen tódolos cursos fluviais do concello é o sistema Miño-Sil, e polo tanto todo o territorio corresponde á Demarcación da Confederación Hidrográfica do Norte. O principal río é o Miño, atopándose en parte retido no encoro de Castrelo do Miño, realizado en 1968 que abrangue uns 60 $hm^3$ de auga, anegando parte das terras do concello de Ribadavia na súa marxe dereita e de Castrelo do Miño na súa marxe esquerda. A cunca Miño–Sil é a máis importante de Galicia abrandando unha extensión de 12.000 $km^2$, e o Miño ven de regar o amplo val tectónico de Ourense e é xusto en terras de Ribadavia onde este val se estrangula ao sufrir un forte encaixamento entre o Alto de Foz e as ladeiras de Couto de Novelle pasada a presa[1]. Augas abaixo únese o río Avia, o seguinte río en importancia do concello. O Avia é un dos principais afluentes do sistema Miño Sil, que nace na serra do Suído, a case 900 m de altitude. No seu primeiro tramo é alimentado por moitos afluentes que drena o circulo de montes que o arrodean, augas abaixo o encaixamento encorase mediante o represa de Alvarellos que represa as augas do Avia e do río Viñao que mediante unha canle dende Boborás traspasa o encoro boa parte do seu caudal. A partir de Alvarellos e a desembocadura do Viñao o Avia recibe o seu máis importante tributario o río Arenteiro, e outros regatos.

[1] Pedro Araujo Nespereira Guía de la Naturaleza de Galicia Faro de Vigo

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

No concello temos que engadir o aproveitamento para fins recreativos, tanto do encoro, que presenta un aproveitamento para usos recreativos asociados a auga importante, o mesmo que o paseo fluvial no Avia ou o conxunto de pozas e pequenas fervenzas ou a praia fluvial de A Veronza acondicionada para o baño e o uso recreativo.
Outra característica importante na zona é a existencia de afloramentos de augas termais, nas ribeiras do río Cerves no lugar de Prexigueiro onde se atopa un balneario rústico dotado de bañeiras e piscinas (Ver plano). Augas termais bicarbonatadas sódico e sulfuradas cunha temperatura de 41ºC.

No Inventario de **Humedais** de Galicia (IHG) inclúense aqueles sistemas naturais, seminaturais o artificiais que poidan ser adscritos a algún dos tipos establecidos na clasificación de humedais de Ramsar[2] e cuxo interese ambiental poida ser corroborado con calquera dos sistemas homologados internacionalmente (Ramsar[3], Directiva Aves, Directiva Hábitat, IUCN) para a caracterización da biodiversidade no ámbito dos seus compoñentes bióticos e das ecofuncións que estes realizan no sistema.
As areeiras e o encoro de Castrelo do Miño aparecen catalogados como humedais no IHG estando incluídas as primeiras na tipoloxía de humedais artificiais en estanques de orixe mineiro que presenta o código 7 de Ramsar e o 7.4.1 do IHG, e o encoro no 6 de Ramsar e 4.5.1. de IHG. Estamos ante humedais artificiais que ofrecen unhas moi boas funcións recreativas e paisaxísticas. As interaccións entre os principias elementos do humidal (auga, solo, nutrientes, vexetación e fauna, capacítanlles para realizar unha serie de funcións e xerar unha serie de recursos.

Unha parte fundamental da riqueza biolóxica dun territorio é a **diversidade vexetal**. No presente apartado realízase unha descrición dos principais tipos de formacións vexetais que caracterizan os ecosistemas no concello, segundo o terceiro inventario forestal e o catálogo hábitat. Dende o punto de vista fisionómico pódense clasificar as comunidades

[2]Entre as múltiples definicions de humidal, sen dúbida a adoptada pola Convención sobre os Humedais (Ramsar, Irán, 1971) no seu artigo 1 é a que ten unha maior aceptación a nivel científico e legal. A DEFINICIÓN RAMSAR "Aos efectos da presente Convención son humedais as extensions de marismas, pantanos e turbeiras, o superficies cubertas de augas, sean éstas de réxime natural o artificial, permanentes ou temporais, estancadas o correntes, doces, salobres o salgadas, incluidas as extensions de auga marina cuia profundidade en marea baixa non exceda de seis metros.

[3] Os humedales son ecosistemas de capital importancia, no só porque agora escasean e esteán ameazados, sino porque realizan funcións básicas, proporcionan recursos para moitos intereses e axentes como apoio a actividades humanas e constituen un valioso patrimonio cultural e natural. Reflexo de elo é que os humedais son o único gran ecosistema obxecto dun tratado internacional, o Convenio de Ramsar, elaborado fai veinte años y no cal tódolos Estados membros da UE son Partes contratantes, ágas, Luxemburgo que, na actualidade, está en proceso de serlo.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

vexetais en comunidades arbóreas, arbustivas e herbáceas. Dentro do ámbito municipal, as comunidades que alcanzan maior representatividade espacial son as que están dominadas por especies leñosas, xa sexan masas arborizadas (bosques, plantacións forestais) ou de porte arbustivo (matogueiras).

A **vexetación arbórea** potencial dos sectores galaico-portugués está constituída por diversos tipos de carballeiras dominados polo carballo Q. robur, posto que esta especie é a que mellor compite coas do seu entorno baixo as condicións edafoclimáticas que se dan na maior parte do territorio. A vexetación arbórea potencial de este sector está constituída por especies atlánticas, sendo o seu xenuíno representante o carballo (Quercus robur L.), nunha expansión que percorre dende a costa cantábrica ata desaparecer en Aveiro (Portugal), lugar no que se sitúa o límite da Rexión Eurosiberiana[4].

Segundo os dados do 3º Inventario Forestal Español, a superficie forestal é o 62 % do municipio (1.522 ha), das cales o 88 % de dita superficie está cuberta por bosques, o que supón que 1.372 hectáreas no concello de Ribadavia están cubertas por bosques, segundo os dados do 3IFN.

As masas de piñeirais e coníferas representan o 36% do territorio e máis da metade de todo o forestal arborado de Ribadavia. así gran parte dos bosques orixinais de cerquiños, carballos e sobreiras foron substituídos por piñeirais, eucaliptais e/ou acacias.

Os bosques dominados por especies caducifolias do xénero Quercus deberían ser o tipo de comunidades arborizadas máis amplamente estendido no territorio, se ben non concorda na actualidade polo nivel de modificación da cuberta vexetal, e así segundo os dados do dados do 3IF as carballeiras representan soamente o 2 % do territorio.

A principal mancha de vexetación de ribeira está no río Avia, e trátase dun ameneiral ripario claramente termófilo e de influencia mediterránea. As especies máis comúns neste bosque ripario son o Amieiro Alnus glutinosa, que enriquece o solo con nitróxeno, secundado por salgueiros Salix sp e, en menor medida, freixos Fraxinus angustifolia, sambucus Sambucus nigra, abeleiras Corylus avellana, e outras árbores. Estas árbores poden acompañarse dun mato de silva, plantas rubideiras, fentos, etc, e os bosques ribeiregos que conforman teñen un carácter ecolóxico fundamental.

O **Inventario Nacional de Hábitat** desenvólvese no territorio nacional, sendo unha consecuencia da aplicación da directiva de Hábitat (Directiva 92/43/CEE). O inventario ten un carácter exhaustivo, sobre os tipos de hábitat do Anexo I da Directiva. Para a realización do Inventario utilizouse fotografía aérea e traballo de campo para a delimitación

[4] Izco, 1987; Rivas et al., 1987

dos recintos, trazados sobre follas do mapa 1/50.000 do Servizo Xeográfico do Exército (SGE). As zonas catalogadas neste inventario no concello de Ribadavia aparecen no mapa seguinte elaborado e xeorreferenciado a partires do mapa do inventario.

Mapa das zonas hábitats




Temos o 13.22% do municipio catalogado polo inventario de Hábitat, segundo os dados de superficie e a súa porcentaxe de cada un destes hábitats en relación ao concello, expresado na seguinte táboa:

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| Lenda | hectáreas | Porcentaxe de superficie |
|---|---|---|
| h1) Matogueira, pastizal | 11.08 | 0.41% |
| h2) Matogueira, pastizal | 46.92 | 1.74% |
| h3) Ribeira, carballeira | 43.69 | 1.62% |
| h4) Matogueira pastizal | 33.74 | 1.25% |
| h5) Matogueira pastizal | 138.03 | 5.13% |
| h6) Matogueira pastizal | 56.43 | 2.10% |
| h7) Carballeira | 18.64 | 0.69% |
| h8) Ribeira | 4.95 | 0.18% |
| h9) Ribeira | 2.36 | 0.09% |
| **Total hábitats** | **355.84** | **13.22%** |
| resto municipio | 2,336.10 | 86.78% |
| Total | 2,691.95 | 100.00% |

Para valorar a importancia das principais **especies faunísticas** presentes no Concello empréganse dous criterios: o primeiro é se as especies constitúen endemismos, e o segundo é que se atopen incluídos nos catálogos das normativas de protección.

Co fin de determinar a distribución máis probable na área das diferentes especies animais, divídese o territorio en catro biótopos. Estes biótopos deben entenderse nun senso amplo, xa que con eles só se pretende dar unha idea da importancia que sobre a fauna teñen determinados medios presentes no concello, sendo necesario aclarar que os biótopos non son independentes entre si, e cómpre entender que os cultivos e prados lindan con canles e cursos fluviais ou co medio forestal e que ademais existen moitas especies ubiquistas, que polo tanto, poden vivir indiferentemente nos distintos biótopos. Os principais biótopos presentes no concello de Ribadavia, son:

Cursos de auga e ribeiras. Dentro deste biótopo inclúese a profusa rede de ríos, regatos e regueiros así como as areeiras.

Zonas arboradas. Dentro deste grupo inclúense tódalas formacións arboradas.

Cultivos e praderías. Englóbase todo o espazo agrario do municipio e tamén o medio antrópico do rural (pequenos núcleos de poboación e construcións agrarias) acubillo de moitas especies de aves e roedores.

Matogueiras. Constituído polos espazos forestais non arborados e terreos de cultivos abandonados, invadidos polo mato.

A diversidade de **Itiofauna** nesta zona está perturbada pola existencia de encoros e presas que representan unha barreira infranqueable para algunhas especies, así como a baixada de caudal do Avia no verán, e a baixa calidade das augas nos encoros e a introdución de especies en tempos recentes Black-Blas e as Carpas. Así temos 7 das 12

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

especies autóctonas e unha (O barbo) das 3 especie endémicas (o bordallo, a pardella e o barbo) que circunscriben as súas áreas de distribución ao NW da Península Ibérica presentes en Galicia.

O concello de Ribadavia sitúase nunha zona da diversidade media, en relación coa **herpetofauna**, como refliten os seguintes mapas[5] tomados do Atlas de Vertebrados de Galicia. En Galicia están presentes 39 especies de anfibios e réptiles con desigual requirimento ecolóxico. Os anfibios sen lugar a dúbidas predominan nos diversos tipos de humidais lacunares, palustres e fluviais sendo estes os hábitats que maior número de especies de anfibios presentan, mentres que os réptiles predominan nos medios máis secos (matogueiras, herbeiros, dunas, rochedos, etc).

As **aves** veñen sendo recoñecidas como o principal grupo faunístico indicador da importancia biolóxica dun espazo. Entre as especies detectadas cómpre distinguir aquelas que nidifican na localidade (residindo todo o ano ou ben só no verán), daquelas que aparecen regularmente durante a invernía e os pasos migratorios, como daquelas outras que só foron rexistradas de forma ocasional. No municipio de Ribadavia ou arredores atopamos que confirmadas 13 especies de nidificantes, outras 13 especies son nidificantes probables e 24 especies son posíbeis nidificantes segundo o Atlas de vertebrados de Galicia. Das aves destacamos as incluídas no Catálogo provisional de aves nidificantes ameazadas en Galicia (C.P.A.N.M.G) que pertencen todas ao status de cría como son o Merlo rieiro ou sensible á alteración do seu hábitat, o Lagarteiro Peneireiro e o Azor por ser especie vulnerable.

No concello de Ribadavia atópanse catalogadas a presenza de 33 **mamíferos** dos 60 atopados en Galicia, que representan máis da metade (55%) dos mamíferos galegos. Dos mamíferos presentes, oito son de interese especial (anexo II) no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas. Destacamos o *Galemys pyrenaicus* por tratarse dun endemismo ibérico que ten as poboacións en retroceso na Península Ibérica, e estar incluído tamén no Anexo II do RD de Espazos Naturais.

### 3.4. A PAISAXE

Harmonía e diversidade, dozura e esgreviez, montaraz e fluvial, natureza e artificio, son algunhas das características básicas da paisaxe de Ribadavia, cunha configuración topográfica moi singular, na conxunción de dous importantes e característicos ríos como son o Avia e o Miño, aínda que se produciron importantes distorsións paisaxísticas como a que

[5] Fonte Atlas de Vertebrados de Galicia

produce o encoro de Castrelo de Miño. En calquera caso, a paisaxe é un elemento que debe ser protexido non só por esixencias éticas, estéticas e, mesmo, xurídicas, senón por razóns económicas: é ela mesma un ben económico que é preciso conservar e/ou poñer en valor, segundo os casos.

É un obxectivo fundamental a xestión acaída deste recurso, pois as últimas tendencias apuntan tanto á súa progresiva degradación e proliferación de impactos masivos como á aparición de novos recursos económicos para a súa explotación racional e conservación, que virán da man das novas esixencias de protección de espazos demandados polas directivas comunitarias, estatais e autonómicas.

Algunhas das zonas do seu monte, dada a súa singularidade e unha inmellorable situación para acometer a súa recuperación e potenciación como recurso natural, (e mesmo económico) rendible, merecen a concentración de esforzos e concienciación da poboación para acadar o status de lugares de alto interese recoñecido, que pode ser a única posibilidade para a súa salvagarda e conservación no futuro, status que Ribadavia xa posúe noutros eidos moi vinculados á paisaxe, como é o patrimonio histórico e arquitectónico de interese, e xa recoñecido como importante factor de atractividade centrada no seu Casco Histórico.

### 3.5. AS INFRAESTRUTURAS

En canto ás comunicacións externas, o principal eixo está constituído pola autovía A-52 e a N-120, a primeira cun percorrido polo Concello de aproximadamente 10 km., e a segunda que discorre practicamente paralela á primeira, que ao mesmo tempo serve de enlace principal de varias das parroquias de Ribadavia.

Este viario fai máis doado e rápido o percorrido dos 90 km. de distancia que o separa da capitalidade de Galicia, Santiago de Compostela, e os 25 km. que o separan da capital da provincia, Ourense. É necesario resaltar que tamén, agora, é sumamente doado o percorrer os 45 kms que o separan das praias da ría de Vigo.

A rede secundaria está formada pola OU-401 que une a vila con Leiro e Cortegada e que ao mesmo tempo serve de enlace coa OU-402 por Castrelo de Miño, e maila OU-212 que comunica con Beade, Carballeda de Avia e Avión.

No que atinxe ao resto do viario interior, a comunicación interparroquial realízase a través de estradas locais de menor importancia.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Ribadavia conta tamén cunha liña de ferrocarril, a do tramo Ourense-Tui e unha estación no seu Termo Municipal, preto da vila, doutra banda do río Avia, conta cunha lonxitude duns 12,5 ao longo do concello, con vía única e ancho convencional.

A rede de infraestruturas de abastecemento de auga está xestionada por unha empresa contratada polo concello, que é a titular da meirande parte da rede existente, existindo tamén nalgúns núcleos redes de propiedade veciñal que por regra xeral se van municipalizando pouco a pouco para mellorar o servizo, o mantemento e a calidade da auga. As captacións realízanse nas zonas de monte e distribúense varias estacións de tratamento e saneamento por parte da empresa concesionaria para resolver os problemas existentes e a extensión da rede a todos os habitantes do municipio.

A rede de saneamento é xestionada a traveso da mesma empresa e o seu esquema básico céntrase nun colector pola marxe dereita do río Avia que recolle os afluentes da zona máis poboada de todo o concello e os conduce á EDAR de Francelos. Está prevista unha estación de bombeo para conectar tamén a meirande parte dos residuos da marxe esquerda do Avia. O resto dos núcleos rurais verten os residuos aos ríos ou regatos sen tratamento previo, atopándose tamén en execución o Plan Director para resolver as deficiencias existentes.

Existe servizo de recollida de lixo en todos os núcleos con frecuencias variables e o seu tratamento realízao a empresa pública Sogama. Sería preciso unha recollida específica de voluminosos e zonas para vertedoiros de interese de residuos de construción, etc.

O servizo de abastecemento de enerxía eléctrica e alumeado chega a todos os núcleos, distribuíndose dende o encoro de Castrelo de Miño, existindo tamén unha minicentral eléctrica en Francelos. A calidade da rede de distribución é variable en función das zonas, sobre todo a de alumeado, que conviría mellorar en moitos casos, tanto na rede como nas luminarias.

O servizo de telefonía acada tamén a totalidade dos núcleos respecto á fixa, existindo tamén unha boa cobertura de telefonía móbil con varios postes repetidores polo territorio municipal.

## 3.6. OS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN

O termo municipal de Ribadavia conta na actualidade (censo de 2001) cunha poboación de 5.441 habitantes distribuídos nunha superficie de aproximadamente 25.1 $Km^2$, o que supón unha densidade de 216,78 habitantes por $Km^2$, cifra moi superior á media dos concellos de Galicia que é de 95 habitantes por $Km^2$ e aos da provincia de Ourense que é de 54 habitantes por $Km^2$.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Dende principios de século (1910) o termo municipal sostense nun ritmo pequeno de crecemento ata a década dos anos 60 no que sofre un vertixinoso e perigoso descenso de poboación, temperado un pouco polo retorno da emigración na década dos anos 70, sendo moito máis acusado o descenso a partires de entonces cun índice de crecemento vexetativo negativo. Hai que subliñar que a maioría da poboación concéntrase na propia capitalidade e, nas parroquias ribeiregas máis máis produtivas -Francelos e Ventosela-.

O termo municipal de Ribadavia, ten un total de 16 entidades singulares de poboación, agrupadas en 8 parroquias: Camporredondo, Esposende, Regodeigón, Francelos, Ribadavia (Sto. Domingo de Fora), Ribadavia (Sto. Domingo), Sanín e Ventosela.

Mentres que antigamente a maioría da poboación instalábase nos diversos núcleos rurais, na actualidade fóronos abandonando para desprazarse á vila, á capital (Ourense), ou para irse diseminando ao longo dos antigos camiños de carro hoxe en día transformados en pistas acondicionadas ao servizo do automóbil. Este abandono por parte da poboación dos núcleos rurais conleva á paulatina degradación da estrutura destes, atopándose algunhas zonas en auténtica ruína, xa dificilmente recuperable, se non existe unha firme decisión pública con investimentos e medidas axeitadas para materializar esa recuperación.

A situación da meirande parte dos núcleos sobre vías de comunicación de paso (é dicir que non rematan no propio núcleo) permitiron unha boa interrelación co seu entorno, evitando o excesivo illamento, aínda que iso facilitou a degradación das súas tipoloxías tradicionais e relación co seu entorno rural.

A respecto da caracterización urbanística dos núcleos, resalta a existencia de Ribadavia como unha vila de servizos non só a nivel municipal senón tamén comarcal, con carácter netamente urbano, seguida doutros núcleos de carácter semiurbanos situados todos eles no entorno da vila, como son os de Francelos, Sampaio-Valdepereira e San Cristovo. O resto dos núcleos teñen un carácter xa máis rural, e as súas condicións de ocupación e expansión vense condicionados case sempre pola existencia de viario de paso de certa importancia que foi polarizando ás súas beiras o crecemento edificatorio no entorno dos núcleos.

O vertixinoso e perigoso descenso de poboación, que dende o ano 1960 sofre o concello, dende ese ano ata agora o índice de crecemento é do 71,86% (en 1960 tiña 7.571 habitantes e neste intre 5.441 habitantes), unido ao notable incremento da súa media de idade, fan que a demografía se converta nun dos elementos máis delicados e que necesita unha resposta máis contundente á hora da definición e redacción do Plano Xeral de Ordenación Municipal. Unha das posibles respostas ante esta problemática sería a creación de "núcleos dixitais" dado o desenvolvemento que a sociedade da información está tendo no noso tempo, sería de interese, ao igual que ocorre noutras zonas de Europa e América o fomento de prácticas de

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

teletraballo entre as empresas da zona, idea esta xa plantexada a principios de século por Frank Lloyd Wright na súa proposta da "Ciudad Viviente". As zonas dos núcleos rurais que na actualidade se atopan deterioradas e en estado que poderá devir en ruína, poderían ser rehabilitadas para ser alugadas a xóvenes que poidan desenvolver o seu traballo dende a mesma vivenda a través dos actuais sistemas dixitais de comunicación creando un "núcleo dixital" que poida prestar servizos de secretariado, de procesamento de dados, de marketing directo, etc, a distintas empresas. Deste xeito ao tempo que se consigue aumentar a poboación, recupéranse os núcleos rurais que foron parcialmente abandonados cando parte dos seus ocupantes se trasladaron á capital municipal ou a outra zona do concello, (cando non a outros concellos, preferentemente a Ourense capital) acentuándose gravemente, deste último xeito, a dispersión típica dos asentamentos galegos.

Outro dos plantexamentos á hora de atallar o continuo descenso da poboación, sería o de mellorar as inversións en infraestruturas turísticas dado que a súa paisaxe podémola definir como un exemplo característico do interior de Galicia, o seu territorio está sucado por unha ampla rede de camiños e pistas axeitadas para a **práctica do sendeirismo**, ao tempo que poderiamos admirar a abundante natureza dos seus vales, montañas, prados, montes e ríos.

Non debemos esquecer a alta concentración de especies cinexéticas coas que conta Ribadavia, podéndose converter nunha importante zona de caza que xere riqueza, tanto directa como indirecta, a través do sector hostaleiro e de servizos anexos aos habitantes do concello.

## 3.7. ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS

A actividade agraria é tradicional, aínda que está diversificada do resto da actividade a que se dedica a poboación. Da superficie total das explotacións (1.320 Ha), un 35.7% dedícase a terras de cultivo; o terreo forestal supón o 52.2% e os prados e pastos só un 12 %.

Agora ben, dende o punto de vista puramente económico, foi o viño o que historicamente sostivo a economía de todo o Concello e, aínda máis, a de toda a Comarca, o que levou a que a capital, Ribadavia, se convertese ao mesmo tempo no centro neurálxico de servizos de toda a comarca, o que se pode referendar nos seus dados económicos e sociais. Entre os viños colleitados, o branco é o que lle deu máis sona á comarca, cunha produción anual de 1.854.947 kg, representando o 83.2% do total da produción. O tinto, de menor graduación, representa o 16.8% do total da produción, acadando os 374.019 kg.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Ademais do espazo cultivado pola vide (420 Ha), a pataca temperán é dominante tanto en secano como en regadío e, xunto a ela, os cultivos da horta familiar (legumes, hortalizas, froitas); sendo o aproveitamento das terras herbáceas e froiteiros do 9%.

Cómpre sinalar que a poboación ocupada no sector primario, representa o 3,4% do total de ocupados, unha porcentaxe moi baixa, se a comparamos coa poboación de Ourense, ocupada neste sector (16.2%) ou coa de Galicia. (17.9%)

A actividade industrial está bastante desenvolvida no municipio, que conta cunha poboación asalariada de preto de 500 persoas, cunha media de 15 obreiros por empresa e empregado, fundamentalmente na industria manufactureira. Esta actividade industrial, na súa maioría, concéntrase na transformación da riqueza forestal, concretamente na fabricación de mobles e cadaleitos.

A industria vinícola, sen dúbida a máis importante, organízase arredor de grandes e medianos adegueiros que se dedican á elaboración artesá do viño, actuando como intermediarios, recollendo o viño dos pequenos produtores para logo proceder á súa distribución. Mais, tamén xorden pequenas empresas derivadas da produción vitivinícola como as da cortiza, toneis, vernices, etc.

As actividades turísticas e de servizos públicos e privados constitúen a base económica de Ribadavia que, ademais goza dun patrimonio artístico de relevante importancia cultural e histórica.

## 3.8. A EDIFICACIÓN.

A presión construtiva expresentou un notable avance na última década. No período 1995-2003 constrúese de nova planta máis do 5,5 % do total do parque existente en 1981. Esa porcentaxe chega ao 8,9 % se se lle suma a edificación rehabilitada, ou ampliada, que son unhas cifras bastante importantes, en realidade notables, se pensamos que se trata dun concello do interior de Galicia, pois estes parámetros só se acadan na costa, moito máis activa neste senso. Cómpre sinalar nembargantes, que nos dous últimos anos (2002-2003) a actividade descendeu notablemente, debido quizais a cuestións estruturais ou a crises económicas localizadas no tempo, ou tamén polo cambio de tendencia de certos hábitos de inversión xa comentados, que se centran na actividade inmobiliario.

Entre 1981 e 1991 o parque pódese dicir que permanece cunha evolución normal, pasando de 2.479 vivendas a 3.083 (máis de 60 vivendas novas anuais), tendencia que se mantén con pequenas modificacións no seguinte decenio, pois de 3.083 vivendas censadas en 1991 pásase a 3.375 no 2001 (case 30 vivendas novas anuais).

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| | 1900 | 1910 | 1920 | 1930 | 1940 | 1950 | 1960 | 1970 | 1981 | 1991 | 2001 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **PRINCIPAIS** | 1.145 | 1.016 | 1.143 | | | | | | 2073 | 1996 | 1.971 |
| **SECUNDARIAS** | | 194 | 248 | | | | | | 124 | 182 | 605 |
| **VALEIRAS** | 0 | | | | | | | | 282 | 407 | 791 |
| **OUTRAS** | | | | | | | | | | 498 | 8 |
| **TOTAL VIVENDAS** | **1.145** | **1.210** | **1.391** | **1.398** | **1.508** | **1.420** | **2.547** | **2.674** | **2.479** | **3.083** | **3.375** |
| %ANTERIOR | | 106 | **115** | 101 | 108 | 94 | **179** | 105 | 93 | **124** | 110 |
| % A 1900 | 100 | 106 | 121 | 122 | 132 | 124 | 222 | 234 | 217 | 268 | 295 |
| **EDIFICIOS** | **1.515** | **1.650** | **1.745** | **1.832** | **1.884** | **1.506** | **2.464** | **2.102** | | | **2.144** |
| %ANTERIOR | | **109** | **106** | 105 | 103 | 80 | **164** | 85 | | | |
| % A 1900 | 100 | 109 | 115 | 121 | 124 | 99 | 163 | 139 | | | 142 |
| **POBOACIÓN** | **4.788** | **4.903** | **5.114** | **6.341** | **7.031** | **7.369** | **7.571** | **6.181** | **6.622** | **5.946** | **5.441** |
| %ANTERIOR | | 102 | 104 | **124** | **111** | 105 | 103 | 82 | **107** | 90 | 92 |
| % A 1900 | 100 | 102 | 107 | 132 | 147 | 154 | 158 | 129 | 138 | 124 | 114 |

Fonte: Censos de poboación e vivenda 1900-2001. Elaboración propia

A cor decrecente das casillas representa por grao de magnitude as tres maiores.

Un dado que é significativo a este respecto, sobre todo se constatamos que no censo de 2001 o número de vivendas baleiras ascendía a 791, subindo notablemente a respecto das 407 de 1991 e as 282 no censo de 1981, debendo ter en conta que nese período a poboación só baixou de 6.622 a 5.441 habitantes, e o normal é que tivese aumentado o número de vivendas baleiras, xa que logo este aumento débese sen dúbida a unha compoñente de inversión con carácter xeral, ou ben de construción de vivenda por parte dos emigrados antes do seu previsto retorno, ou simplemente para pasar tempadas na súa terra natal.

Segundo os dados oficiais de estatística de vivenda consideramos que a presión construtiva nos últimos anos segue a ser notable, como demostran as seguintes cifras: no período 1995-2003 rehabilitouse oficialmente un 12 % do parque de vivendas e constrúese de nova planta o 4,5 % do total do parque existente en 1991, non obstante a proporción real é seguramente maior, expoñente da presión construtiva real existente nestes anos (o novo parque construído é sempre maior que o solicitado legalmente), aínda que isto non se transformou directamente en aumento de poboación.

Estes dados interprétanse de forma máis detallada na Memoria Informativa e na presente Memoria Xustificativa, cando se analizan os resultados da capacidade máxima residencial, do que se deduce que continúa a progresión de vivenda e se estabiliza a poboación municipal con posibilidades de alza; de calquera xeito, a progresión das vivendas baleiras implica o risco do seu deterioro parcial ou mesmo total, sobre todo nos núcleos rurais. Tal

cuestión entendemos que respondeu no seu momento en moitos casos ao abandono definitivo ou case definitivo de vivenda por parte da emigración titular da mesma. É reveladora neste senso a contía de edificios en ruína; dos dados extraídos do estudo do asentamento poboacional despréndese que nos núcleos rurais a proporción das ruínas é un 4,3 %, verbo do total de edificios.

De calquera xeito, aínda que a demanda de edificación residencial sexa hoxe baixa, preténdese coa estratexia do PXOM aumentala notablemente, e coidamos que é preciso contar con que a demanda que se produce e a nova que se espera, poida desenvolverse principalmente en calquera dos núcleos preexistentes, pois no resto do territorio coidamos que se ten que coutar o uso residencial, agás en casos moi puntuais (nos solos urbanizables previstos a carón dos núcleos urbanos), único modo de que os valores naturais, xa en parte hoxe recoñecidos e protexidos, poidan devir en valores económicos, cuxa explotación redunde na mellora do nivel e da calidade de vida dos moradores.

No que atinxe á **tipoloxía** hai que salientar que os modelos de edificación rural tradicional mantéñense con dificultade en bastantes zonas, mercé a unha nova tendencia a valorar este tipo de edificios que se rehabilitan cada vez máis, pero son maioría crecente as tipoloxías de vivenda illada alleas ao territorio e á propia cultura, que nos núcleos máis densos están dando paso a unhas tipoloxías urbanas de vivenda colectiva, de calidade variable no que atinxe aos aspectos construtivos e mala no que fai a deseño e acaemento co medio, realizadas normalmente á marxe do planeamento e en moitos casos abandonadas ou baleiras, que veñen a confirmar a innecesariedade e improcedencia de modelos urbanos densos de ocupación de territorio, non asumibles aínda nun concello como Ribadavia.

A outra cara da moeda a presenta a actividade que desenvolve a Oficina de Rehabilitación Municipal na xestión do Plan Especial do Casco Histórico, que está a valorar e a rehabilitar a edificación histórica con fondos públicos nunha alta porcentaxe.

Resumindo, en Ribadavia tense producido o que en moitos outros territorios de Galicia: aumento de previsións construtivas, establecemento de modelos errados no planeamento e planificación urbana e territorial, incumprimento das súas determinacións, xurdimento da especulación, apropiación de modelos e tipoloxías construtivas alleas, rexeitamento dos valores propios, destrución do patrimonio, etc, aínda que se está invertendo esa tendencia no último lustro, cunha toma de conciencia xeral sobre a valorización do propio fronte ao alleo, e sobre todo por parte dos dirixentes municipais.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 3.9. DOTACIÓNS.

É preciso que o planeamento lle dea solución ás carencias actuais ou previsibles de dotacións urbanísticas para as proxeccións de poboación previstas e para os estándares que establece a nova LOUG, que lle dea canle acaída ás novas demandas edificatorias, vinculadas ao carácter de Ribadavia como centro comarcal e á proximidade ás dúas grandes vilas provinciais (Ourense e O Carballiño), que pode axudar á súa xestión e revitalización dos núcleos, perfilando un deseño territorial e unhas condicións para a edificación que traten de devolver aos pobos ribadavienses a harmonía e o equilibrio que perderon, ou que nalgúns caos aínda conservan.

No que fai ao resto do territorio, deberanse potenciar os usos tradicionais do solo e tamén os novos (sobre todo, os turísticos) facéndoos compatibles coas preexistencias e os valores singulares do territorio.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

# 4. DESCRICIÓN DO PLANEAMENTO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 4.1. FUNCIÓN DO PLANEAMENTO.

As funcións básicas do planeamento son a resolución dos problemas territoriais que dependen do ámbito da potestade municipal mediante os instrumentos que a lexislación urbanística pon ao seu alcance. Podemos sintetizar brevemente os problemas principias a resolver de entre os xa vistos na diagnose e distribuídos por grupos temáticos:

PAISAXE.

É un obxectivo fundamental a xestión acaída deste recurso, pois as últimas tendencias apuntan tanto á súa progresiva degradación e proliferación de impactos masivos como á aparición de novos recursos económicos para a súa explotación racional e conservación, que virán da man das novas esixencias de protección de espazos demandados polas directivas comunitarias, estatais e autonómicas.

Algunhas das zonas do seu monte, dada a súa singularidade e unha inmellorable situación para acometer a súa recuperación e potenciación como recurso natural, (e mesmo económico) rendible, merecen a concentración de esforzos e concienciación da poboación para acadar o status de lugares de alto interese recoñecido, que pode ser a única posibilidade para a súa salvagarda e conservación no futuro, status que Ribadavia xa posúe noutros eidos moi vinculados á paisaxe, como é o patrimonio histórico e arquitectónico de interese, e xa recoñecido como importante factor de atractividade centrada no seu Casco Histórico.

NÚCLEOS.

Mentres que antigamente a maioría da poboación instalábase nos diversos núcleos rurais, na actualidade fóronos abandonando para desprazarse á vila, á capital (Ourense), ou para irse diseminando ao longo dos antigos camiños de carro hoxe en día transformados en pistas acondicionadas ao servizo do automóbil. Este abandono por parte da poboación dos núcleos rurais conleva á paulatina degradación da estrutura destes, atopándose algunhas zonas en auténtica ruína, xa dificilmente recuperable, se non existe unha firme decisión pública con investimentos e medidas axeitadas para materializar esa recuperación.

POBOACIÓN.

O vertixinoso e perigoso descenso de poboación,que dende o ano 1960 sofre o Concello, dende ese ano ata agora o índice de crecemento é do 71,86% (en 1960 tiña 7.571 habitantes

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

e neste intre 5.441 habitantes), unido ao notable incremento da súa media de idade, fan que a demografía se converta nun dos elementos máis delicados e que necesita unha resposta máis contundente á hora da definición e redacción do Plano Xeral de Ordenación Municipal. As zonas dos núcleos rurais que na actualidade se atopan deterioradas e en estado que poderá devir en ruína, poderían ser rehabilitadas para ser alugadas a xóvenes que poidan desenvolver o seu traballo dende a mesma vivenda a traveso dos actuais sistemas dixitais de comunicación creando un "núcleo dixital" que poida prestar servizos de secretariado, de procesamento de dados, de marketing directo, etc, a distintas empresas. Deste xeito ao tempo que se consigue aumentar a poboación, recupéranse os núcleos rurais que foron parcialmente abandonados cando parte dos seus ocupantes se trasladaron á capital municipal ou a outra zona do concello, (cando non a outros concellos, preferentemente a Ourense capital) acentuándose gravemente, deste último xeito, a dispersión típica dos asentamentos galegos.

Outro dos plantexamentos á hora de atallar o continuo descenso da poboación, sería o de mellorar as inversións en infraestruturas turísticas, dado que a súa paisaxe podémola definir como un exemplo característico do interior de Galicia. O seu territorio está sucado por unha ampla rede de camiños e pistas axeitadas para a **práctica do sendeirismo**, ao tempo que poderiamos admirar a abundante natureza dos seus vales, montañas, prados, montes e ríos.

Non debemos esquecer a alta concentración de especies cinexéticas coas que conta Ribadavia, podéndose converter nunha importante zona de caza que xere riqueza, tanto directa como indirecta a través do sector hostaleiro e de servizos anexos aos habitantes do concello.

EDIFICACIÓN.

Segundo os dados oficiais de estatística de vivenda consideramos que a presión construtiva nos últimos anos segue a ser notable, como amosan as seguintes cifras: no período 1995-2003 rehabilitouse oficialmente un 12 % do parque de vivendas e construíuse de nova planta o 4,5 % do total do parque existente en 1991, non obstante a proporción real é seguramente maior, expoñente da presión construtiva real existente nestes anos (o novo parque construído é sempre maior que o solicitado legalmente), aínda que isto non se transformou directamente en aumento de poboación.

Estes dados interprétanse de forma máis detallada na Memoria Informativa e na presente Memoria Xustificativa, cando se analizan os resultados da capacidade máxima residencial, do que se deduce que continúa a progresión de vivenda e se estabiliza a poboación municipal con posibilidades de alza; de calquera xeito, a progresión das vivendas baleiras

implica o risco do seu deterioro parcial ou mesmo total, sobre todo nos núcleos rurais. Tal cuestión entendemos que respondeu no seu momento en moitos casos ao abandono definitivo ou case definitivo de vivenda por parte da emigración titular da mesma. É reveladora neste senso, a contía de edificios en ruína. Dos dados extraídos do estudo do asentamento poboacional despréndese que nos núcleos rurais, a proporción das ruínas é un 4,3 %, verbo do total de edificios.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS.

No que atinxe á **tipoloxía** hai que salientar que os modelos de edificación rural tradicional mantéñense con dificultade en bastantes zonas, mercé a unha nova tendencia a valorar este tipo de edificios que se rehabilitan cada vez máis, pero son maioría crecente as tipoloxías de vivenda illada alleas ao territorio e á propia cultura, que nos núcleos máis densos están dando paso a unhas tipoloxías urbanas de vivenda colectiva, de calidade variable no que atinxe aos aspectos construtivos e mala no que fai a deseño e acaemento co medio, realizadas normalmente á marxe do planeamento e en moitos casos abandonadas ou baleiras, que veñen a confirmar a innecesariedade e improcedencia de modelos urbanos densos de ocupación de territorio, non asumibles aínda nun concello como Ribadavia.

Resumindo, en Ribadavia tense producido o que en moitos outros territorios de Galicia: aumento de previsións construtivas, establecemento de modelos errados no planeamento e planificación urbana e territorial, incumprimento das súas determinacións, xurdimento da especulación, apropiación de modelos e tipoloxías construtivas alleas, rexeitamento dos valores propios, destrución do patrimonio, etc, aínda que se está invertendo esa tendencia no último lustro, cunha toma de conciencia xeral sobre a valorización do propio fronte ao alleo, e sobre todo por parte dos dirixentes municipais.

DOTACIÓNS.

É preciso que o planeamento lle dea solución ás carencias actuais ou previsibles de dotacións urbanísticas para as proxeccións de poboación previstas e para os estándares que establece a nova LOUG, que lle dea canle acaída ás novas demandas edificatorias, vinculadas ao carácter de Ribadavia como centro comarcal e á proximidade ás dúas grandes vilas provinciais (Ourense e O Carballiño), que podemos axudar á súa xestión e revitalización dos núcleos, perfilando un deseño territorial e unhas condicións para a edificación que traten de devolver aos pobos ribadavienses a harmonía e o equilibrio que perderon, ou que nalgúns caos aínda conservan.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

No que fai ao resto do territorio, deberanse potenciar os usos tradicionais do solo e tamén os novos (sobre todo, os turísticos) facéndoos compatibles coas preexistencias e os valores singulares do territorio.

### 4.1.1. SÍNTESE DA PROBLEMÁTICA URBANÍSTICA

Ademais das cuestións de Síntese e Diagnose Informativa expostas nos apartados anteriores, cómpre facer unha selección de cuestións de índole máis ben urbanística detectadas polo Equipo Redactor e nalgúns casos polos Técnicos Municipais ou polo Goberno Municipal como temas básicos ou puntuais que cómpre analizar e que requiren de solucións concretas, que se poderán avanzar nalgúns casos na presente fase do traballo, e neutros casos requirirán de maior información, de colaboración en opinión de asociacións ou particulares, ou de ter unha maior concreción que a dun avance para poder ser resoltas de xeito acaído. Estas cuestións podemos englobalas en varios apartados por temáticas semellantes segundo a estruturación seguinte:

#### 4.1.1.1. CLASIFICACIÓN DO SOLO

A respecto da interpretación das Normas Subsidiarias Municipais existentes plantéxanse algunhas cuestións dubidosas debido á súa deficiente ou contraditoria documentación (sobre todo entre memorias e planos) nalgúns aspectos, aínda que unha actualización planimétrica posterior sobre cartografía máis actualizada resolveu as cuestións de dubidosa interpretación, alomenos no que á **clasificación do solo** se refire.

A respecto tamén das N.S.M. vixentes cómpre sinalar tamén que a respecto dos núcleos rurais, hai algúns que xa existían naquel intre pero non foron clasificados como tais, tal é o caso de **A Quinza** (aínda que na actualización planimétrica denantes citada aparece xa como núcleo rural delimitado). Neste núcleo cómpre tamén resolver urbanisticamente a súa inserción nunha zona de proliferación de usos semiindustriais, áreas de servizo, etc., con problemas derivados da súa inserción nunca zona pragada de infraestruturas con múltiples áreas residuais entre elas, a protección do río Avia, etc.

Outro tanto pasa con parte do núcleo de **Maquiáns**, que aparece clasificado como solo urbanizable de usos mixtos, aínda que neste caso existen dúbidas sobre a legalidade das edificacións existentes (moitas das actuais xa estaban inzadas cando se aprobaron as N.S.M de 1986), e a clasificación como urbanizable mantívose neste

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

caso na actualización cartográfica xa citada. Neste caso cómpre, ao noso entender a xestión e execución do planeamento de desenvolvemento como zona prioritaria, con grandes posibilidades como reserva de expansión de Ribadavia, e situada moi preto dela, aproveitando para integrar o paso do regato de Maquiáns e un gran espazo libre previsto nas NSM.

O núcleo de **Prexigueiro** tampouco estaba delimitado por falta de planimetría nas NSM, pero si se delimitou na actualización cartográfica repetidamente citada. Neste mesmo núcleo existen outros problemas dende fai xa bastantes anos a respecto da irregular apropiación privada dalgunhas propiedades comunais (foi repartida entre os veciños algunha das zonas que se sitúan cara o sur do núcleo) e na actualidade están xa construídas moitas das parcelas. Débese estudar con cautela a clasificación do solo nesta zona, e tratar de aplicar algún sistema de reparto de cargas e beneficios alomenos nas zonas aínda non consolidadas pola edificación.

Outro dos aspectos a ter en conta na **clasificación do solo** é a resolución axeitada das implantacións industriais, tanto no solo urbano como no non urbanizable, sendo preciso tomar medidas a respecto da súa continuidade ou non, da evolución do impacto que poidan producir, o establecemento de medidas correctoras, a limitación de usos en aplicación do RAMINP, control de intensidades e de edificabilidades, etc.

#### 4.1.1.2. INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS

A respecto das **infraestruturas**, é preciso resolver problemas de borde e servidumes dos múltiples trazados viarios de todo tipo (estradas, autoestradas ou autovías, ferrocarril, etc.) que decorren en determinadas zonas en paralelo, ás veces en franxas moi estreitas ou superpostas en altura, xerando problemas de diverso tipo (paisaxístico, ambiental, servidumes sobre propiedades inmediatas, ruídos, etc.). Existen tamén outros problemas viarios máis concretos, pero serán obxecto de análise en posteriores fases do PXOM, cando se aborde a ordenación detallada.

No eido das **dotacións** cómpre resolver tamén, ademais dalgunhas deficiencias ou necesidades xa detectadas nese apartado concreto da memoria (piscina cuberta, locais sociais, etc.), algunhas outras de índole máis urbanística a respecto das existentes, como pode ser a posibilidade de crear unha pasarela sobre o río Avia para acceder ao Pavillón deportivo, a construción do novo cemiterio en Francelos, os problemas de cota sobre o río e inundacións no Centro de Saúde que precisa de aparcamentos e dun emprazamento alternativo, ou a definitiva xestión dos problemas urbanísticos que aqueixan á Estación de Autobuses, rematada fai 2 anos, pero aínda

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

sen estrear ata que se resolva o problema existente coa propiedade inicial dos terreos polas modificacións introducidas no convenio asinado co Concello.

#### 4.1.1.3. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO E MEDIO AMBIENTE

A carencia dun **Catálogo de edificios ou de elementos** nas NSM é unha das razóns fundamentais da falla de protección do importante patrimonio histórico-artístico de Ribadavia, pois só os elementos declarados Bens de Interese Cultural (BIC) gozan dun nivel axeitado de protección, que se complementa cun cativo inventario recollido nas Normas Subsidiarias Provinciais, que non acadan a recoller todos os elementos de importancia.

Dado que o patrimonio histórico-artístico é un dos factores que Ribadavia pode ofrecer en cantidade e calidade, cómpre realizar un exhaustivo **Catálogo de edificios e elementos a protexer** que recolla todos aqueles que sexan merecedores e representativos da cultura que en Ribadavia se ven desenvolvendo dende moitos séculos atrás. Este **catálogo** será regulado por unha **ordenanza** que faga compatible a protección necesaria en cada caso coa adaptación do elemento ao uso que se requira nos tempos actuais.

Cómpre tamén a protección de todos aqueles espazos de interese natural ou medioambiental que xa se recoñeceron no estudo do medio natural (zonas forestais con arborado autóctono ou interese ambiental, ríos e regatos, humidais como as pozas de San Cristovo, etc., e compatibilizar na medida do razoable a protección de espazos que se grafitan nas NSM, e que abrangue a case a totalidade do concello, sen aterse á existencia de asentamentos de todo tipo, cecais pola escala na que se representa o plano, que non permitía unha delimitación máis axeitada ao que se debe protexer realmente, polo tanto será revisada a delimitación de espazos naturais en función do estudo pormiudado realizado para o presente PXOM.

#### 4.1.1.4. ORDENANZAS URBANÍSTICAS

Unha das maiores deficiencias das actuais NSM é a falla dunha normativa urbanística precisa e axustada á problemática actual, polo tanto procederase na seguinte fase a unha revisión xeral da normativa, partindo practicamente de cero, para axustarse ás demandas da nova lexislación urbanística (LOUG) e para resolver os problemas concretos da normativa municipal actual (ordenanzas axeitadas de usos, regulación precisa da situación de fóra de ordenación, axuste dos parámetros das diversas

ordenanzas edificatorias ás necesidades e condicionantes lexislativos actuais, un proceso regulado de xestión do solo que permita o correcto desenvolvemento de todos os tipos de solo, un estudo económico axeitado á realidade de Ribadavia e realmente executable cos recursos dispoñibles, etc)

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 4.2. MARCO NORMATIVO.

É preciso dedicar un apartado do estudo a citar as normas específicas e sectoriais, establecidas tanto no ámbito europeo, como no estatal, como no autonómico, no comarcal e/ou no municipal. Tratando de establecer un amplo marco de referencias legais, e sen ánimo de esgotar a lexislación sectorial ou específica, engadimos unha relación básica da normativa que directa ou indirectamente afecta á implementación deste estudo ambiental.

### 4.2.1. CLASIFICACIÓN BÁSICA DE NORMATIVA XERAL

#### 4.2.1.1. Normativa europea.

Directiva 85/337/CEE, do 27 xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
Directiva 96/61/CE, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrado da contaminación.
Directiva 97/11/CE, do 3 marzo de 1997, que modifica a Directiva 85/337/CEE.
Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (DOCE núm. L 197, do 21 de xullo de 2001)
Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, que establece a participación do público na elaboración de certos plans e programas relativos ao medio ambiente e que o modifican no referente a participación cidadá e acceso á xustiza as Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello.
Convenio de Espoo, do 25 de febreiro de 1991, ratificado pola UE, publicado no BOE do 21 de outubro de 1997.

#### 4.2.1.2. Normativa estatal española.

Lei 22/1988 de Costas
Lei 25/1988, do 29 de xullo de 1988, de Estradas.
Lei 4/1989, do 27 de marzo de 1989, de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre.
Lei 21/92, do 16 de xullo de 1992, de Industria ( BOE do 23 de xullo de 1992 ).
Lei 54/1997, do 27 de novembro de 1997, do Sector Eléctrico.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Lei 6/2001, do 8 de maio de 2001, de modificación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño de avaliación de impacto ambiental (BOE do 9 de maio de 2001, páxinas 16.607 a 16.616).

Lei 16/2002, do 1 de xullo de 2002, de Prevención e Control Integrados da Contaminación.

Real Decreto 849/1986, do 11 de abril de 1986, sobre Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Real Decreto 1302/1986, do 28 de xuño de 1986, de avaliación de impacto ambiental, posteriormente modificado pola Lei 6/2001, de 8 de maio.

Real Decreto 1131/1988, do 30 de setembro de 1988, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.

Real Decreto 1211/1990, Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres.

Real Decreto 1812/94, do 2 de setembro de 1994, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas.

Real Decreto 1997/1995, do 7 de decembro de 1995, que traspón a Directiva Hábitats (Directiva 92/42/CEE).

Real Decreto Lei 9/2000, do 6 de outubro de 2000, que modifica o Real Decreto Lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.

Decreto 2414/1961, do 30 de novembro de 1961, Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

Orde Ministerial do Ministerio de Industria, do 18 de outubro de 1976, sobre Protección do Ambiente Atmosférico.

LEI 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

4.2.1.3. Normativa galega.

Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común

Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza

Lei 7/1997, do 11 de agosto, de Protección contra a Contaminación Acústica.

Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de Avaliación de Impacto Ambiental.

Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de Avaliación de Efectos Ambientais.

Decreto 250/1993, do 24 de setembro, de Repoboacións Forestais (Art. 13).

Decreto 199/1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Protección Contra a Contaminación Acústica.

### 4.2.2. CLASIFICACIÓN TEMÁTICA DE NORMATIVA.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

**URBANISMO**

- ESTATAL
  - Lei 49/2003 DE ARRENDAMENTOS RÚSTICOS 26/11/2003
  - Lei 38/1999 DE ORDENACIÓN DA EDIFICACIÓN 05/11/1999
  - Lei 8/1999 REFORMA DA LEI 49/1960, DE 21 DE XULLO, SOBRE PROPIEDADE HORIZONTAL 06/04/1999
  - Lei 6/1998 SOBRE RÉXIME DO SOLO E VALORACIÓNS 13/04/1998
  - Lei 16/12/1954 DE EXPROPIACIÓN FORZOSA 16/12/1954
  - Real Decreto 1/2002 MEDIDAS DE FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS PROTEXIDAS EN MATERIA DE VIVENDA E SOLO. PLAN 2002-2005 10/09/2001
  - Orde HAC/234/2002 MODIFICACIÓN DO MÓDULO DE VALORACIÓN CATASTRAL 05/02/2002
  - Real Decreto Lei 4/2000 DE MEDIDAS URXENTES DE LIBERALIZACIÓN NO SECTOR INMOBILIARIO E TRANSPORTES 23/06/2000
- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Lei 15/2004 LEI 15/2004, DE 29 DE DECEMBRO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 9/2002, DE 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA 29/12/2004
  - Lei 4/2003 LEI DE VIVENDA DE GALICIA 29/07/2003
  - Lei 9/2002 LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL EN GALICIA 30/12/2002
  - Lei 12/2001 MODIFICACIÓN DE LA LEI DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE GALICIA 10/09/2001
  - Orde 14/05/1991 NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA. 14/05/1991
  - Instrución 1/1998 INSTRUCIÓN SOBRE A APLICACIÓN DA LEI DEL SOLO DE GALICIA NO MARCO DA LEI 6/1998 SOBRE O RÉXIME DO SOLO E VALORACIÓNS 24/07/1998
  - Decreto 85/2001 AXUDAS PUBLICAS EN MATERIA DE VIVENDA A CARGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL). MODIFICACIÓN DECRETO 345/1998 DE 20 DE NOVEMBRO 06/04/2001
  - Decreto 330/1999 UNIDADES MÍNIMAS DE CULTIVO EN GALICIA 09/12/1999

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Decreto 28/1999 REGULAMENTO DE DISCIPLINA URBANÍSTICA PARA O DESENVOLVEMENTO E APLICACIÓN DA LEI DO SOLO DE GALICIA 21/01/1999
- Circular 1,2,2/2003 TRES CIRCULARES INFORMATIVAS SOBRE A NOVA LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA 31/07/2003

**ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Lei 10/1995 LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA 23/11/1995
  - Decreto 80/2000 PLANS E PROXECTOS SECTORIAIS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL 23/03/2000

**ESTRADAS**

- ESTATAL
  - Lei 25/1988 DE ESTRADAS E CAMIñOS ESTATAiS 29/07/1988
  - Real Decreto 1231/2003 AUTOPISTAS E AUTOVÍAS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO 26/09/2003
  - Real Decreto 579/1999 MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS 16/04/1999
  - Real Decreto 1191/1997 MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS 19/12/1997
  - Real Decreto 1812/1994 REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS 02/09/1994
- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Lei 4/1994 LEI DE ESTRADAS DE GALICIA 14/09/1994
  - Decreto 308/2003 RELACIÓN DE ESTRADAS DE TITULARIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 26/06/2003

**COSTAS**

- ESTATAL
  - Lei 22/1988 LEI DE COSTAS 28/07/1988
  - Real Decreto 1471/1989 REGULAMENTO XERAL PARA O DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI 22/1988 DE COSTAS 01/12/1989
  - Orde 30 de Outubro de 1992 ORDEN POLA QUE SE DETERMINA A CONTÍA DO CANON DE OCUPACIÓN E APROVEITAMENTO DO DOMINIO PUBLICO MARITIMO-TERRESTRE 30/10/1992
- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Decreto 158/2005 DO 2 DE XUÑO, POLO QUE SE REGULAN AS COMPETENCIAS AUTONÓMICAS NA ZONA DE SERVIDUME DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Decreto 151/1995 SOBRE O EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DA COMUNIDADE GALEGA EN MATERIA DE COSTAS 18/05/1995
- Decreto 19/1993 SOBRE COMPETENCIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA EN MATERIA DE COSTAS 28/01/1993

**AUGAS**

- ESTATAL
  - Real Decreto 606/2003 MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO DOMINIO PUBLICO HIDRÁULICO 23/05/2003
  - Real Decreto 606/2003 REGULAMENTO PUBLICO HIDRÁULICO 23/05/2003
  - Real Decreto 1/2001 TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE AUGAS 20/07/2001

**PORTOS**

- ESTATAL
  - Lei 62/1997 MODIFICACIÓN DA LEI DE PORTOS DO ESTADO E DA MARINA MERCANTE 26/12/1997
  - Lei 27/1992 DE PORTOS DO ESTADO E DA MARINA MERCANTE 24/11/1992
  - Real Decreto 2486/80 REGULAMENTO DE PORTOS DEPORTIVOS

**FERROCARRIL**

- ESTATAL
  - Lei 16/1987 DE ORDENACIÓN DE TRANSPORTES TERRESTRES
  - Lei 39/2003 DO SECTOR FERROVIARIO 17/11/2002
  - Real Decreto 1211/1990 REGULAMENTO DA LEI 16/1987
  - Real Decreto 2387/2004 REGULAMENTO DO SECTOR FERROVIARIO
  - Orde FOM/2230/2005 POLA QUE SE REDUCE A LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN NOS TRAMOS DAS LIÑAS DA REDE FERROVIARIA DE INTERESE XERAL QUE DISCORRAN POR ZONAS URBANAS
  - Orde FOM/1323/2005 DE 5 DE MAIO, POLA QUE SE DELEGA A COMPETENCIA PARA A MODIFICACIÓN DA LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN NAS LIÑAS FERROVIARIAS
  - Real Decreto Lei 1/2004 APRAZA A ENTRADA EN VIGOR DA LEI 39/2003, DE 17 DE NOVEMBRO, DO SECTOR FERROVIARIO

**HIDROCARBUROS**

- ESTATAL
  - Lei 34/1998 DE HIDROCARBUROS

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Real Decreto 1523/1999 MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS PETROLÍFERAS, APROBADO POR RD 2085/1994 E AS INSTRUCIÓNS TÉCNICAS COMPLEMENTARIAS MI-IP03, APROBADA POR RD 1427/1997 E MI-IP04, APROBADA POLO RD 2201/1995 01/10/1999
- Real Decreto 1562/1998 DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO DE LÍQUIDOS PETROLÍFEROS 17/07/1998
- Real Decreto 1914/1997 GAS. INSTALACIÓNS E SUBMINISTROS 19/12/1997
- Orde 18/11/1974 REGULAMENTO DE REDES E ACOMETIDAS DE COMBUSTIBLES GASOSOS E INSTRUCIÓNS. "MIG" 18/11/1974

## INSTALACIÓNS AERONÁUTICAS

- ESTATAL
  - Real Decreto 1541/2003 HELIPORTOS 05/12/2003
  - Real Decreto 1541/2003 POLO QUE SE MODIFICA O RD 584/1972 DE SERVIDUMES AEREONAUTICAS E D 1844/1975 DE SERVIDUMES AERONÁUTICAS EN HELIPORTOS 05/12/2003
  - Real Decreto 1257/2003 RUÍDO NOS AEROPORTOS 03/10/2003
  - Decreto 584/1972 SERVIDUMES AERONÁUTICAS
  - Decreto 1844/1975 SERVIDUMES AERONÁUTICAS CORRESPONDENTES A HELIPORTOS

## INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS

- ESTATAL
  - Real Decreto 2857/1978 REGULAMENTO XERAL PARA O RÉXIME DA MINERÍA
  - Real Decreto 277/2005 EXPLOSIVOS 16/02/1998
  - Orde 15/03/1963 INSTRUCIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A APLICACIÓN DO REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS E PERIGOSAS 15/03/1963
  - Decreto 2414/1961 REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS E PERIGOSAS 30/11/1961

## INSTALACIÓNS DE INTERESE PARA A DEFENSA NACIONAL

- ESTATAL
  - Lei 8/1975 ZONAS E INSTALACIÓNS DE INTERESE PARA A DEFENSA NACIONAL
  - Real Decreto 689/1978 REGULAMENTO DE ZONAS E INSTALACIÓNS DE INTERESE PARA A DEFENSA NACIONAL

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓN

- ESTATAL
  - Lei 32/2003 TELECOMUNICACIÓNS 03/11/2003
  - Lei 11/1998 XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS 24/04/1998
  - Real Decreto 401/2003 REGULAMENTO REGULADOR DAS INFRAESTRUTURAS COMÚNS DE TELECOMUNICACIÓNS PARA O ACCESO AOS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓN NO INTERIOR DOS EDIFICIOS E DA ACTIVIDADE DE INSTALACIÓN DE EQUIPOS E SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓNS 04/04/2003
  - Real Decreto 1066/2001 REGULAMENTO QUE ESTABLECE CONDICIÓNS DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PUBLICO RADIOELÉCTRICO, RESTRICIÓNS ÁS EMISIÓNS RADIOELÉCTRICAS E MEDIDAS DE PROTECCIÓN SANITARIA FRONTE A EMISIÓNS RADIOELÉCTRICAS 28/09/2001
  - Orde 09/04/1999 TELECOMUNICACIÓNS. TERMINAIS 09/04/1999
  - Orde 27/01/1999 TELECOMUNICACIÓNS. TERMINAIS 27/01/1999
  - ANTENAS
    - Real Decreto 1201/1986 ANTENAS PARABÓLICAS 06/06/1986
    - Orde 08/08/1967 INSTALACIÓN DE ANTENAS COLECTIVAS EN V.P.O. 08/08/1967
    - Orde 23/01/1967 NORMAS PARA A INSTALACIÓN DE ANTENAS COLECTIVAS 23/01/1967
    - Real Decreto Lei 1/1998 ANTENAS EN EDIFICIOS 27/02/1998
    - Decreto 18/10/1957 INSTALACIÓN DE ANTENAS RECEPTORAS NO EXTERIOR DE INMOBLES 18/10/1957

## INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE ALTA E MEDIA TENSIÓN

- ESTATAL
  - Real Decreto 1955/2000 PARA REGULAR AS ACTIVIDADES DE TRANSPORTE, DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN, SUBMINISTRO E PROCEDEMENTOS DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA 01/12/2000
  - Real Decreto 1428/1986 PROHIBICIÓN DE PARARRAIOS RADIOACTIVOS 13/06/1986
  - Real Decreto 3275/1982 REGULAMENTO SOBRE CONDICIÓNS TÉCNICAS E GARANTÍAS DE SEGURIDADE EN CENTRAIS ELÉCTRICAS E CENTROS DE TRANSFORMACIÓN 12/11/1982
  - Orde 06/06/1989 DESENVOLVEMENTO E CUMPRIMENTO DO REAL DECRETO 7/1988 DE 8-ENE, SOBRE ESIXENCIAS DE SEGURIDADE DE MATERIAL ELÉCTRICO 06/06/1989
  - Decreto 2617/1986 REGULAMENTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA E SANCIÓNS EN MATERIA DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS (INSTALACIÓNS EXISTENTES)
  - Decreto 3151/1968 REGULAMENTO DE LIÑAS AÉREAS DE ALTA TENSIÓN 28/11/1968

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- PARARRAIOS
  - Real Decreto 903/ 1987 MODIFICACIÓN DEL R.D. 1428/1986, DE 13-XUN. CONCESIÓN PRAZO DE 2 ANOS PARA RETIRADA CABEZAIS DOS PARARRAIOS RADIOACTIVOS 13/07/1987

- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Decreto 275/2001 CONDICIÓNS TÉCNICAS ESPECIFICAS DE DESEÑO E MANTEMENTO AS QUE SE DEBERAN SOMETER AS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DISTRIBUCIÓN 04/10/2001

**INSTALACIÓNS AGROPECUARIAS**

- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Orde 1 de agosto de 2003 EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA FAMILIAR E TRADICIONAL PARA OS EFECTOS DO INDICADO NA LEI 9/2002 01/08/2003

**PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE**

- ESTATAL
  - Decreto 2183/1968 APLICACIÓN DO "REGULAMENTO DE ACTIVIDADES MOLESTAS, INSALUBRES, NOCIVAS Y PERIGOSAS" EN ZONAS DE DOMINIO PUBLICO E SOBRE ACTIVIDADES EXECUTABLES POR ORGANISMOS OFICIAIS 16/08/1968
  - CONSERVACIÓN NATUREZA
    - Lei 4/1989 DE CONSERVACIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS E DA FLORA E FAUNA SILVESTRES
    - Real Decreto 436/2004 INVENTARIO NACIONAL DE ZONAS HÚMIDAS 12/03/2004
  - MONTES
    - Lei 43/2003 DE MONTES 21/11/2003
  - IMPACTO AMBIENTAL
    - LEI 9/2006, de 28 de abril, SOBRE AVALIACIÓN DOS EFECTOS DE DETERMINADOS PLANS E PROGRAMAS NO MEDIO AMBIENTE.
    - Lei 6/2001 DE 8 DE MAIO DE MODIFICACIÓN DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 1302/1986, DE 28 DE XUÑO, DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
    - Real Decreto 1131/1988 REGULAMENTO PARA A EXECUCIÓN DO REAL. DECRETO LEXISLATIVO 1302/1986, DE 22-XUN DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL 30/09/1988
    - Real Decreto Lei 9/2000 MODIFICACIÓN DE RDL 1302/1986
    - Real Decreto Lei 1302/1986 AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL 28/06/1986

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Instrumento de Ratificación DO CONVENIO SOBRE AVALIACIÓN DO IMPACTO NO MEDIO AMBIENTE NUN CONTEXTO TRANSFRONTEIRIZO, FEITO EN ESPOO (FINLANDIA) O 25 DE FEBREIRO DE 1991

- AMBIENTE ATMOSFÉRICO
  - Lei 38/1972 PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFÉRICO 22/12/1972
  - Real Decreto 1494/1995 REAL DECRETO SOBRE VIXILANCIA E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN EN RELACIÓN COA CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA CAUSADA POLO OZONO 08/09/1995
  - Decreto 833/1975 DESENVOLVEMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE ATMOSFÉRICO 06/02/1975
  - Real Decreto 547/1979 MODIFICACIÓN DO DECRETO 833/1975, DE 6-FEB 20/02/1979
- RESIDUOS SOLIDOS URBANOS
  - Lei 10/1998 NORMAS REGULADORAS DE RESIDUOS 21/04/1998
  - Lei 42/1975 DESPERDICIOS E RESIDUOS SOLIDOS URBANOS 19/11/1975
  - Real Decreto 1163/1986 MODIFICA A LEI 42/1975, DE 19 DE NOVEMBRO, SOBRE DESPERDICIOS E RESIDUOS SOLIDOS URBANOS. 13/06/1986
  - Real Decreto 1163/1986 ADAPTACIÓN DA LEI 42/1975 Á DIRECTIVA 75/442 CEE DE 15-XUL-75 13/06/1986
- VERTIDOS AUGAS RESIDUAIS
  - Real Decreto 2116/1998 MODIFICA AO RD 509/1996, POLO QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS APLICABLES AO TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS 02/10/1998
  - Real Decreto 509/1996 DESENVOLVEMENTO DO REAL DECRETO-LEI 11/1995 POLO QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS APLICABLES AO TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS 15/03/1996
  - Real Decreto 258/1989 NORMATIVA XERAL SOBRE VERTIDOS DE SUSTANCIAS PERIGOSAS DENDE TERRA AO MAR 10/03/1989
  - Orde 28/06/1991 AMPLIACIÓN DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DA ORDEN DE 12-NOV-87 A CATRO SUSTANCIAS NOCIVAS OU PERIGOSAS QUE PODEN FORMAR PARTE DE DETERMINADOS VERTIDOS 28/06/1991
  - Orde 13/03/1989 INCLUSIÓN NA ORDEN DE 12-NOV-87 DE NORMAS APLICABLES A NOVAS SUBSTANCIAS NOCIVAS PERIGOSAS QUE PODEN FORMAR PARTE DE DETERMINADOS VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS 13/03/1989
  - Orde 12/11/1987 NORMAS DE EMISIÓN, OBXECTIVOS DE CALIDADE E MÉTODOS DE MEDICIÓN DE REFERENCIA RELATIVOS A DETERMINADAS SUBSTANCIAS NOCIVAS OU PERIGOSAS CONTIDAS NOS VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS 12/11/1987
  - Orde 23/12/1986 NORMAS COMPLEMENTARIAS EN RELACIÓN COAS AUTORIZACIÓNS DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS 23/12/1986

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Orde 29/04/1977 INSTRUCIÓNS PARA O VERTIDO AO MAR, DENDE TERRA, DE AUGAS RESIDUAIS A TRAVÉS DE EMISARIOS SUBMARINOS 29/04/1977
- Real Decreto Lei 11/1995 NORMAS APLICABLES AO TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS 28/12/1995
- Resolución 23/04/1969 NORMAS PROVISIONAIS SOBRE INSTALACIÓNS DEPURADORAS E VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS AO MAR 23/04/1969

- RUÍDOS
  - Lei 37/2003 LEI DO RUÍDO 17/11/2003

- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - CONSERVACIÓN NATUREZA
    - Lei 9/2001 CONSERVACIÓN DA NATUREZA 21/08/2001
    - Orde 28 de Outubro de 1999 ORDEN PARA A DECLARACIÓN PROVISIONAL DAS ZONAS PROPOSTAS PARA A SÚA INCLUSIÓN NA REDE EUROPEA NATURA 2000, COMO ESPAZOS NATURAIS EN RÉXIME DE PROTECCIÓN XERAL 28/10/1999
    - Decreto 110/2004 REGULA OS HUMIDAIS PROTEXIDOS
    - Decreto 124/2005 DO 6 DE MAIO, POLO QUE SE REGULA A FIGURA DE ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL E A FIGURA DE ESPAZO PRIVADO DE INTERESE NATURAL.
    - Decreto 132/2005 DO 28 DE ABRIL, POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 110/2004, DO 27 DE MAIO, POLO QUE SE REGULAN OS HUMIDAIS PROTEXIDOS.
    - Decreto 72/2004 DECLARACIÓN DE ESPAZOS COMO ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS 02/04/2004
    - Resolución 30/04/2004 CARTOGRAFÍA ONDE SE RECOLLEN OS LIMITES DOS ESPAZOS NATURAIS DECLARADOS ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS POLO DECRETO 72/2004, DO 2 DE ABRIL
  - IMPACTO AMBIENTAL
    - Decreto 442/1990 AVALIACIÓN DO IMPACTO AMBIENTAL PARA GALICIA 13/09/1990
  - AMBIENTE ATMOSFÉRICO
    - Lei 8/2002 LEI DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE ATMOSFÉRICO DE GALICIA 18/12/2002
    - Lei 1/1995 PROTECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA 02/01/1995
  - RESIDUOS SOLIDOS URBANOS
    - Lei 10/1997 RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DE GALICIA 22/08/1997
    - Decreto 174/2005 DO 9 DE XUÑO, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME XURÍDICO DA PRODUCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS E O REXISTRO XERAL DE PRODUTORES E XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Resolución DO 17 DE XUÑO DE 2005, POLA QUE SE APROBA O PROGRAMA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN DE GALICIA 2005-2007.

- RUÍDOS
  - Lei 7/1997 PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA 11/08/1997
  - Decreto 320/2002 REGULAMENTO QUE ESTABLECE AS ORDENANZAS TIPO SOBRE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. 07/11/2002
  - Decreto 150/1999 PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. (REGULAMENTO) 07/05/1999

**PROTECCIÓN DE PATRIMONIO**

- ESTATAL
  - Lei 13/85 DE PATRIMONIO HISTÓRICO 25/06/1985
  - Real Decreto 162/2002 MODIFICACIÓN DO ART. 58 DO REAL DECRETO 111/1986 E A LEI 16/1985 DE PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL 08/02/2002
  - Real Decreto 111/86 REAL DECRETO DE PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL 28/01/1986
- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Lei 3/1996 DE PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO DE GALICIA 10/05/1996
  - Lei 8/1995 DE PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA 30/10/1995
  - Decreto 45/2001 REFUNDICIÓN DA NORMATIVA EN MATERIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO 01/02/2001
  - Decreto 199/1997 REGULACIÓN DA ACTIVIDADE ARQUEOLÓXICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 10/07/1997

**OUTROS**

- ESTATAL
  - Real Decreto 2421/1978 REGULAMENTO DA LEI SOBRE SINAIS FISICAS E XEODÉSICAS
  - ACCESIBILIDADE
    - Lei 51/2003 MINUSVALIDOS 02/12/2003
    - Real Decreto 355/1980 RESERVA E SITUACIÓN DAS V.P.O. DESTINADAS A MINUSVALIDOS 25/01/1980
    - Resolución 05/10/1976 NORMAS SOBRE A SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS DAS EDIFICACIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL 05/10/1976

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- CÓDIGO CIVIL
  - Real Decreto 24/07/1889 CÓDIGO CIVIL (SERVIDUMES ART. 580-585) 11/05/1888
- CEMITERIOS
  - Decreto 22/1974 REGULAMENTO DE POLICÍA SANITARIA MORTUORIA
- VARIOS
  - Real Decreto 2816/1982 REGULAMENTO XERAL DE POLICÍA DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS 27/10/1982

- AUTONÓMICO DE GALICIA
  - Lei 10/2004 MODIFICACIÓN DA LEI 9/1997, DO 21 DE AGOSTO, DE ORDENACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO EN GALICIA
  - Decreto 191/2004 DO 29 DE XULLO, ORDENACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL
  - ACCESIBILIDADE
    - Lei 8/1997 ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 20/08/1997
    - Decreto 35/2000 REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DA LEI DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS 28/01/2000
    - Decreto 286/1992 ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 08/10/1992
  - CÓDIGO CIVIL
    - Lei 4/1995 DEREITO CIVIL DE GALICIA
  - CEMITERIOS
    - Decreto 3/1999 MODIFICACIÓN PARCIAL DO DECRETO DE POLICÍA SANITARIA MORTUORIA 07/01/1999
    - Decreto 134/1998 POLICÍA SANITARIA MORTUORIA 23/04/1998
  - VARIOS
    - Orde 18 de Abril de 1996 REGULACIÓN SOBRE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES (DESENVOLVEMENTO DO DECRETO 243/1995 DE 28 DE XULLO) 18/04/1996
    - Decreto 50/2000 NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE XUVENTUDE (ALBERGUES, GRANXAS ESCOLAS...) 20/01/2000
    - Decreto 267/1999 POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DOS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS 30/09/1999
    - Decreto 306/1997 NORMAS DE SEGURIDADE EN PARQUES INFANTÍS 23/10/1997
    - Decreto 341/1996 COMERCIO MINORISTA. CREA A COMISIÓN CONSULTIVA DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS E REGULA A IMPLANTACIÓN DE GRANDES ESTABLECEMENTOS. 13/09/1996

- Decreto 240/1995 SERVIZOS SOCIAIS. REGULA OS DE ATENCIÓN PRIMARIA. 28/07/1995
- Decreto 390/1987 ORDENACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE TURISMO EN GALICIA 15/10/1987
- Decreto 236/1985 ORDENACIÓN DOS CAMPAMENTOS PÚBLICOS DE TURISMO EN GALICIA (CÁMPINGS PÚBLICOS) 24/10/1985

### 4.2.3. NORMATIVA BÁSICA NA TRAMITACIÓN AMBIENTAL. (SEGUNDO A C.M.A. DA X.G.)

**1. Marco legal da avaliación ambiental:**

**Lexislación europea:**

- Directiva 2003/35/CE dE 26 de maio de 2003, pola que se establecen as medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente y pola que se modifican, no que se refire á participación do público e ao acceso á xustiza das Directivas 85/337/CEE e 96/61/CE do Consello. (DOCE nº L156, 25/06/03).
- Directiva 2003/4/CE, de 28 de Xaneiro, do Parlamento Europeo e do Consello relativa ao acceso ao público da información medioambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE do Consello. (DOCE nº L 41/26 de 14/02/03).
- Directiva 2001/42/CE, de 27 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197, de 21/07/01).
- Directiva 97/11/CE, de 3 de marzo, pola que se modifica a Directiva CEE 85/337, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOCE nº L 73, 14/03/97).
- Directiva 96/61/CE, do Consello, de 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e o control integrados da contaminación. (DOCE nº L 257, 10/10/96).
- Directiva 85/337/CEE, de 27 de xuño, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente. (DOCE nº L 175, 05/07/85, modificada en DOCE nº L 73, 14/03/97 e en DOCE nº L 156 del 25/06/2003).

**Lexislación estatal:**

- LEI 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (BOE nº 102, 29/4/06).
- Artigo 127 de Lei 62/2003, de 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e del orde social. (BOE nº 313, 31/12/03).
- Lei 16/2002, de 1 de Xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE nº 157, 02/07/2002), modificados pola Lei 1/2005, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Lei 6/2001, de 8 de maio, de modificación do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental. (BOE nº 111, 9/05/01).
- Real Decreto-Lei 9/2000, de 6 de outubro, de modificación do Real Decreto lexislativo 1302/1986, de 28 de Xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental. (BOE nº 24, 7/10/00)
- Lei 38/1995, del 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de medio ambiente. (BOE nº 297, 13/12/95).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE nº 285/1992, 27/11/92). Modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 012, 14/01/1999) e pola Lei 24/2001 (BOE nº 313, 31/12/2001).
- Instrumento de Ratificación do Convenio sobre avaliación do impacto no medio ambiente nun contexto transfronteirizo, feito en Espoo (Finlandia) o 25 de febreiro de 1991. (BOE nº 261, 31/10/97).
- Real Decreto 1131/1988, de 30 de Setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental. (BOE nº 239, 5/10/88).
- Real Decreto Lexislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de avaliación de Impacto Ambiental. (BOE nº 155, 30/06/86, modificado por Real Decreto Lei 9/2000 en BOE nº 24, 7/10/00, Lei 6/2001 en BOE nº 111, 9/05/01 e artigo 127 de Lei 62/2003 en BOE nº 313, 31/12/03).
- Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (BOE nº 292, 7/12/61 y BOE nº 57, 7/3/62).

**Lexislación autonómica:**

- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. (DOGA nº 75, 17/04/00).
- Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental. (DOG nº 32, 17/02/97).
- Lei 2/1995, do 31 de marzo, pola que se da nova redacción á disposición derrogatoria única da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia (DOG nº 72, 12/4/95).
- Lei 1/1995, de 2 de Xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia. (DOG nº 29, 10/02/95, e corrección de erros DOGA nº72, 12/04/95).
- Decreto 327/1991 de Avaliación de Efectos Ambientais para Galicia. (DOG nº199, 15/10/91).
- Decreto 442/1990, de Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia. (DOG nº188, 25/09/90).

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

**2. Marco legal básico de autorización ambiental integrada:**

**Lexislación europea:**

- Directiva 2003/4/CE, de 28 de Xaneiro, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso ao público da información medioambiental e pola que se derroga a Directiva 90/313/CEE do Consello. (DOCE nº L 41/26 de 14/02/03).

- Directiva 96/61/CE, do Consello, de 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e o control integrados da contaminación. (DOCE nº L 257, 10/10/96).

**Lexislación estatal:**

- Real decreto 9/2005, do 14 de Xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados (BOE Nº 15, 18/01/2005).

- Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE nº 157, 02/07/2002), modificados pola Lei 1/2005, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

- Lei 38/1995, de 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de medio ambiente. (BOE nº 297, 13/12/95).

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE nº 285/1992, 27/11/92). Modificada pola Lei 4/1999 (BOE nº 012, 14/01/1999) e pola Lei 24/2001 (BOE nº 313, 31/12/2001).

- Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas. (BOE nº 292, 7/12/61 e BOE nº 57, 7/3/62).

**Lexislación autonómica:**

- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal. (DOGA nº 75, 17/04/00).

- Decreto 455/1996, de 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental. (DOG nº 32, 17/02/97).

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 4.3. ALCANCE E CONTIDO DO PLANEAMENTO.

Neste capítulo imos expor os contidos e as características documentais pormiudadas do Plan de Xeral de Ordenación Municipal de Ribadavia (en adiante P.X.O.M.) na súa versión definitiva, unha vez conteña tódolos documentos requiridos a un Plan destas características pola lexislación vixente.

### 4.3.1. DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA.

É nesta fase onde se require acadar xa un documento completo con tódalas determinacións dun PXOM.
A documentación a elaborar na presente fase ha ser a resultante de todas as achegas producidas durante o proceso de elaboración anterior, así como do resultado das participacións públicas. Desenvolverase nos seguintes documentos:

#### 4.3.1.1. MEMORIA DE INFORMACIÓN.

Expresará o nivel informativo acadado ata ese momento e disporase, se acaso cun maior nivel sintético, coa mesma estrutura empregada xa para a fase de Avance, a saber:

1.-**Antecedentes do planeamento.-**

1.1. Completa **relación de todas as figuras de desenvolvemento urbanístico aprobado e en trámite de aprobación**, co sinalamento dos diferentes tipos, con expresión nidia de cómo se recollen esas figuras no novo Plan Xeral. Tamén recollerá as determinacións do planeamento supramunicipal e aquelas que dimanen da aplicación de lexislación e/ou planeamento de carácter sectorial.

1.2. O estado de **desenvolvemento da normativa de ordenación territorial** aplicable ou en trámite de aplicación: directrices de ordenación do territorio, plans territoriais integrados, programas coordenados de actuación, plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, con especial atención a aqueles que se prantexen para as redes estruturantes da área funcional ou área metropolitana de Ribadavia (nomeadamente, no que atinxe aos sistemas: de cidades, de comunicacións e transportes, de infraestruturas de servizos supramunicipais, recursos naturais básicos, turismo...).

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

1.3. **Incidencia das lexislacións sectoriais** e específicas en materia de estradas, augas, encoros, espazos naturais, montes, medio ambiente, patrimonio, supresión de barreiras arquitectónicas e urbanísticas, etc.

1.4. A **análise do Plan Estratéxico** e a súa incidencia no planeamento urbanístico e na ordenación territorial da área funcional de Ribadavia.

1.5. A **análise da problemática urbanística**, dende a capacidade do solo-vivenda ata os niveis dotacionais existentes, co sinalamento das eivas que reflite a comparación cos estándares legalmente establecidos e, sobre todo, cos niveis a acadar manifestados pola poboación.

1.6. O sinalamento dos obxectivos e contidos das **NSM de Ribadavia.**

2.- **Contexto xurídico-administrativo e afeccións urbanísticas**.

2.1. Características do **réxime urbanístico vixente** e sinalamento das **afeccións a ter en conta polo novo Plan Xeral**, ben sexa en razón de licenzas de todo tipo concedidas e non executadas, ben das derivadas do planeamento cuxo grado de execución determina a existencia de intereses lexítimos dos afectados, ben derivadas da lexislación sectorial aplicable, ben de calquera outra natureza.

2.2. A caracterización do **Patrimonio Municipal do Solo**, cunha análise do seu evoluir ao longo dos últimos tres lustros e da situación actual, con sinalamento dos criterios cos que se vai tratar este Patrimonio nas determinacións do Plan Xeral que se tramita.

2.3. A situación de todos os bens de **dominio público** de calquera tipo existentes no Termo Municipal.

2.4. A análise do **Rexistro Municipal de Solares**.

2.5. A análise polo miúdo dos **plans e proxectos en execución** ou programados.

3.- **Dinámica urbana. Procesos e tendencias**.

3.1. A análise do **desenvolvemento urbano** acaecido nos últimos anos, con especial atención ás Unidades de Actuación ou Execución que non se desenvolveron, reflectindo as razóns obxectivas e subxectivas desa falla de desenvolvemento e formulando unha tipoloxía ou relatorio de motivos en función de parámetros como: localización, extensión, topografía, relación cos sistemas xerais, parcelario, procesos especulativos, alta ocupación pola edificación, etc.

3.2.- **Análise demográfica** efectuada baixo os parámetros clásicos (evoluir histórico, estrutura actual, actividade, distribución polo territorio, niveis de instrución, grados

de enraizamento, etc. da poboación), mais tendo en conta á hora da elaborar prognoses os novos fenómenos migratorios, así como a propia capacidade do novo Plan para atraer novos residentes a Ribadavia (ben pola capacidade de xeración de emprego que o Plan provoque, ben polas condicións de calidade e prezo da oferta residencial que Ribadavia ofrende logo de se aprobar o Plan).

3.3.- Análise das **necesidades e arelas da poboación** en todas as ordes (vivenda, infraestruturas, servizos, accesibilidade, mobilidade, dotacións urbanísticas, calidade medioambiental...) nomeadamente en todos aqueles temas que teñan incidencia territorial.

4.- **Situación do Territorio. Solo rústico, Solo de Núcleo Rural. Procesos e tendencias.**

4.1. Análise da vixencia (total ou parcial) do **modelo de asentamento** poboacional cuxa configuración se efectuou logo dos estudos desenvolvidos para as NSM de 1994 con especial adicación, se é o caso, á caracterización daquelas tendencias que evidencian un afastamento daquel modelo.

4.2. O **estudo definitivo do Medio Rural** e dos **solos rústicos de protección,** como resultado da análise efectuada no parágrafo anterior, así como do estudo da relación das comunidades parroquiais cos recursos produtivos (tanto privados como de carácter comunitario ou veciñal) e tamén das características do medio físico (natural e antropizado), estudo que terá que poñer especial énfase naqueles elementos sometidos a maiores tensións (e xa que logo, modificacións) como os recursos e a súa explotación, o xurdimento de novos usos, nomeadamente, nos montes veciñais en man común, cuxa preservación xeral se xulga de capital importancia para calquera proxecto de desenvolvemento sustentable da vila, na medida que por lei, fican fóra dos procesos de urbanización e se poden e deben constituír en elementos estruturantes do sistema territorial.

4.3. Análise dos **sectores produtivos** (no seu evoluir histórico e na súa estrutura actual, así como na caracterización das tendencias de evolución futura, incluíndo as medidas propostas para axudar á corrección de eivas) e a súa incidencia territorial, coa análise dos impactos (positivos e negativos de toda caste) que as instalacións e edificacións (industriais, comerciais, turísticas, etc., etc.) provocan ou poden chegar provocar.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

5**.- Diagnose da problemática urbana**.

5.1.**Conclusións globais** da Información Urbanística.

5.2.**Diagnose sectorial e integral**.

6.- **Resultado dos procesos de participación pública.**

6.1. A análise da **participación da poboación** durante todo o proceso de elaboración do Plan en todas as ordes, con sinalamento das achegas, suxestións ou propostas feitas ao longo de todas as fases, tanto nos períodos formais de exposición pública como en calquera das outras manifestacións participativas, por parte de cidadáns ou grupos de cidadáns e/ou polos diferentes colectivos da vila (sectoriais e territoriais).

6.2 Resultado das intervencións dos **órganos de participación** nos procesos de **difusión** empregados e rol desenvolvido polos colectivos (asociacións, organizacións e institucións de todo tipo con interese e/ou competencia no proceso de elaboración do Plan).

6.3. Resultados das **consultas preceptivas e informes sectoriais** efectuados ao longo do proceso.

4.3.1.2. MEMORIA XUSTIFICATIVA.

Este documento tratará as cuestións e/ou determinacións seguintes:

1. Xustificación da **conveniencia e oportunidade** da formulación do PXOM de Ribadavia.

2. Descrición e xustificación das **propostas sobre ordenación**, nas que se contemplarán con especial consideración os seguintes aspectos:

2.1. **A estrutura xeral e orgánica do territorio**, precisando e xustificando: as infraestruturas territoriais, o sistema de núcleos de poboación (urbanos e rurais) considerados, o tratamento do medio físico e das áreas que terán de ser protexidas. No que atinxe aos núcleos de poboación, esta estrutura xeral conterá de xeito particularizado o establecemento dos elementos que integran os sistemas xerais de comunicacións, de espazos libres e de equipamento comunitario, así como os sistemas estruturantes territoriais.

2.2. A descrición e xustificación das **modificacións operadas na clasificación do solo urbano**, da caracterización deste en cada unha das dúas grandes

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

categorías, **consolidado e non consolidado**, segundo determina o art. 12 da LOUG, e das actuacións previstas sobre a vila consolidada, así como a coordinación producida cos planeamentos en marcha ou en redacción. Igualmente, a redefinición, no seu caso, das **áreas** que requiran actuacións de **reforma interior,** novas **estratexias de equipamentos**, así como os sistemas de ordenación desenvolvidos, os sistemas de actuación propostos a programación establecida e a normativa arqueolóxica acaída.

2.3. A definición e xustificación das determinacións propostas no Plan relativas á delimitación de **áreas suxeitas ao exercicio de dereitos de tanteo e retracto**, de ser o caso, e o establecemento de **reservas de terreos de posible adquisición** para a constitución ou ampliación do **Patrimonio Municipal de Solo** e a clasificación de terreos para a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, cumprindo as reservas mínimas que neste eido prevé a LOUG. E todo elo, loxicamente, en relación coa estratexia do Plan referente á resolución dos problemas detectados no campo da vivenda, equipamentos, etc.

As delimitacións e os obxectivos concretos perseguidos co sinalamento das áreas de tanteo e retracto así como a reserva de terreos para o Patrimonio Municipal de Solo (de acordo co establecido nos artigos 174 e seguintes da LOUG), requirirá de xustificación; e, amais, verbo do PMS, xustificar a coherencia da estrutura xeral.

2.4. Xustificación do cumprimento dos estándares establecidos pola LOUG.

2.5. Estudo comparativo dos estándares resultantes da ordenación do PXOM e os establecidos pola LOUG:

- Edificabilidades máximas para cada distrito de solo urbano e cada sector de solo urbanizable delimitado – artigo 46 da LOUG.
- Superficie de sistemas xerais de espazos libres e de equipamento comunitario para todo o termo municipal – artigo 47.1 da LOUG.
- Superficies dotacionais locais en cada distrito de solo urbano e en cada sector de solo urbanizable delimitado – artigo 47.2 da LOUG.

2.6. Definición e xustificación de que a ordenación establecida responde aos criterios expostos nos artigos 46.1, 47.3 e 48 da LOUG.

2.7. Congruencia da ordenación cos obxectivos e fins pretendidos polo propio PXOM, adaptación do plan ás características e complexidade do concello, e requisitos

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

xerais de calidade da ordenación e das medidas de xestión, de acordo co disposto no artigo 52.2 e 52.3 da LOUG.

2.8. Xustificación das determinacións do PXOM para conter o prezo do Solo e garantir o acceso á vivenda así como a dispoñibilidade real de terreos dos diversos tipos de industria, razoando a súa eficacia real.

2.9. Xustificación das medidas adoptadas en materia de xestión urbanística (obtención de dotacións, delimitación de áreas de reparto, cálculo de aproveitamentos tipo, coeficientes de ponderación de usos), con especial fincapé na xustificación do equilibrio de beneficios e cargas e proporcionalidade entre as áreas de reparto (art. 112.1 LOUG), de que a diferenza de aproveitamento dos polígonos non supera o 15% (art. 123.3 LOUG) ou equilibrio dos aproveitamentos dos polígonos no suposto do art. 113.4.

2.10. Definición e xustificación das **áreas de reparto en solo urbano** e en solo urbanizable, así como dos distintos coeficientes de ponderación a aplicar aos diferentes usos e tipoloxías, en función das circunstancias concretas do municipio e das áreas de reparto.

2.11. Xustificación dos solos que se deban incluír na categoría **de solo rústico** en razón de estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación, de acordo cos plans de ordenación territorial, a lexislación sectorial ou os propios criterios de ordenación do PXOM, por conter valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais ou culturais e tamén de cara á evitación de riscos naturais acreditados no planeamento sectorial, ou en función da súa suxeición a servidumes para a protección do dominio público, ou calquera outras das circunstancias contempladas no Art. 15 da LOUG.

2.12. Xustificación e avaliación das áreas propostas como **solos urbanizables**, en función da dinámica urbana, o crecemento urbano previsible e da estrutura xeral e orgánica establecida, de xeito que se asegure a coherencia, tanto a nivel da estrutura urbana entre o solo urbano consolidado e as áreas de novo desenvolvemento, canto a nivel de integración da nova edificación coas preexistencias de carácter edificatorio, paisaxístico, usos agrarios, etc. facilitando os indicadores e cuantificación da ordenación.

2.13. Definición do **sistema de núcleos urbanos e rurais**, coa proposta de clasificación de solo de núcleo rural naquelas áreas do territorio que cumpran as condicións sinaladas no art. 13 da LOUG e que se caractericen polo seu

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

vencellamento coas actividades do sector primario de carácter agrícola, gandeiro, forestal ou pesqueiro, así como coa xustificación da inclusión dos terreos nas delimitacións do solo urbano (isto é que, amén de teren aqueles as dotacións de servizos legalmente esixibles, aparezan incluídos no entramado e/ou no mallado urbano, cuxa definición mesmo gráfica, se conteña igualmente na Memoria xustificativa.

2.14. Xustificación da adecuación das determinacións do PXOM aos obxectivos plantexados pola normativa ambiental, isto é demostrando a **idoneidade ambiental das determinacións**, mediante a identificación e valoración dos impactos previsibles das mesmas, tanto nos seus aspectos positivos como negativos, e o sinalamento de alternativas, así como das medidas tendentes a controlar, reducir ou corrixir os efectos negativos sobre o medio ambiente.

2.15. Establecemento das circunstancias e posibles **indicadores** conforme aos cales deba procederse á **redacción do PXOM**.

3. Xustificación da **coherencia das determinacións** a respecto doutros plans territoriais vixentes (nomeadamente o Plan Estratéxico, e coas Directrices de ordenación do territorio de Galicia), así como en relación ao conxunto da lexislación que incide significativamente na ordenación urbanística municipal.

4. Documento de **Síntese do Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto territorial e paisaxístico**, que debe conter:

4.1. Conclusións relativas á viabilidade das actuacións propostas. Delimitación do territorio ou concas especialmente afectadas polas determinacións do Plan.

4.2. Conclusións relativas ao exame e elección das distintas alternativas. Identificación de impactos previsibles, tanto negativos como positivos, temporais ou permanentes, directos e indirectos, simples e acumulados, continuos ou descontinuos, compatibles, moderados e críticos.

4.3. Propostas de regulación positiva, medidas correctoras e de control e seguimento ambiental da súa execución.

4.4. Relación de contidos das Memorias, Planos e Anexos complementarios que deban ser especificamente considerados como constitutivos do Estudo de Sostibilidade propiamente dito.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

5. Documento de **Informe Técnico de Alegacións e informes das Administracións**, que debe conter unha síntese do trámite de información pública do documento de Aprobación Inicial e das consultas demandadas pola Lei 9/2006, das reunións que foran precisas ou demandadas pola Corporación para acadar o maior consenso posible, do seguimento da exposición pública, da audiencia aos concellos limítrofes, dos informes de todas as administracións con competencias sectoriais no urbanismo (en materia de costas, portos, medioambiente, patrimonio cultural, estradas, etc.), do informe respecto da conformidade coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada dos servizos técnicos e xurídicos municipais, do preceptivo informe ambiental da consellería competente en materia de medio ambiente, etc, así como a resposta individualizada a cada unha das alegacións e informes das Administracións, incluíndo no documento do PXOM as modificacións derivadas da aceptación das distintas condicións ou propostas que se teñan admitido.

#### 4.3.1.3. ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.

Este Documento ten por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do plan xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimiza-los seus impactos e a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garanti-los novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural.

A metodoloxía a seguir para acadar os obxectivos do estudo basease na elaboración dun estudo de impacto ambiental territorial do ámbito de actuación e no análise das condicións de deseño das actuacións previstas no PXOM para garantir a sostibilidade e coherencia ambiental.

1. PROPOSTA METODOLÓXICA. METODOLOXÍA DE TRABALLO.

A xustificación deste estudo dende o punto de vista medioambiental é clara: as decisións da planificación provocan unha serie de impactos positivos e negativos sobre os seres humanos e o medio ambiente e por tanto se deben tomar as medidas necesarias para evitar, compensar ou minimizar todos aqueles impactos negativos que se asuman como necesarios.

Para a redacción dos distintos apartados, nos documentamos en varias publicacións tanto de avaliación de impacto ambiental como de avaliación de impactos estratéxicos ou de

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

xestión e avaliación dos paisaxes xa que non existe na actualidade unha metodoloxía especifica para este tipo de estudo.

A documentación a analizar da proposta do planeamento urbanístico de Ribadavia sería a seguinte:

Memoria informativa da Análise do Medio Rural, Normativa urbanística, Cartografía temática e cartografía 1:5000 de clasificación e cualificación do solo do termo municipal, Cartografía de núcleos 1:1.000 e 1:2000, Fotografía aérea, 3IFN Inventario Forestal Nacional 1997-2006 Galicia – Ribadavia, IHG Inventario de Humedais de Galicia, Inventario hábitats MMA, Rede Natura 2000, Atlas de vertebrados de Galicia Inventarios de nidificantes e de migratorias, guía metodolóxica de Avaliación ambiental e outros documentos.

Metodoloxicamente sintetizará primeiro a información dispoñible sobre o medio físico e biolóxico do concello a partir da documentación analizada e traballo de campo e gabinete complementarios. E elaborará unha sucinta diagnose do medio natural e socioeconómico, para seguidamente analizar a sostibilidade do planeamento e a análise e valoración, tanto dos impactos ambientais como de tipo paisaxístico.

## 2. FASES DO TRABALLO.

Así as fases do estudo serán as seguintes:

Fase I Diagnose e descrición dos recursos naturais e inventario do medio. Nesta fase descríbense todos os factores do medio natural que poden ser afectados pola execución do planeamento.

Fase II A sostibilidade do planeamento: Descrición da sostibilidade da proposta urbanística mediante a análise da estrutura de ordenación, réxime de solo e sistemas xerais.

Fase III Análise do cumprimento da lexislación ambiental.

Fase IV Análise e ponderación dos impactos sobre os recursos naturais e o medio físico.

Fase V Estudo paisaxístico.

O novo urbanismo debe integrar contidos ecolóxicos, sociais e económicos. Este enfoque integrador é consubstancial a propia idea de sostibilidade. Os obxectivos cara o desenvolvemento sostible do novo planeamento por lei son: evitar a dispersión, preservar o medio e potenciar os núcleos rurais.

En definitiva o planeamento deberá ter entre os seus obxectivos conseguir un municipio que facilite as novas oportunidades económicas e sociais có menor consumo de recursos e emisión de residuos posibles.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Proponse a seguinte estruturación:

3. DIAGNOSE DO ESTADO INICIAL DO TERRITORIO.
   - 3.1. Aspectos socioeconómicos: poboación, actividade económica e usos do territorio.
   - 3.2 Respecto a xeoloxía, xeomorfoloxía e solos.
   - 3.3 Respecto a Hidroloxía.
   - 3.4 Respecto os Elementos bióticos.
   - 3.5 Protección do patrimonio natural.
   - 3.6 Conclusións.

4. A SOSTIBILIDADE AMBIENTAL NO PLANEAMENTO
   - 4.1 Introdución.
   - 4.2 Análise das consideracións xerais da proposta de planeamento cara a o desenvolvemento sostible.
   - 4.3. Respecto á clasificación de solo.
   - 4.4 Análise dos sistema xerais de espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público.
   - 4.5 Análise das Infraestruturas de Servizos.
   - 4.6. Augas
   - 4.7 Residuos sólidos.
   - 4.8 Mobilidade.

5. ANÁLISE DA NORMATIVA URBANÍSTICA DO PXOM EN RELACIÓN COA SOSTIBILIDADE.

6 INCIDENCIA NO ÁMBITO DO PLANEAMENTO DA NORMATIVA AMBIENTAL VIXENTE.

7. IMPACTO TERRITORIAL
   - 7.1 Introdución.
   - 7.2 Estado actual:
     - 7.2.1 Unidades ambientais.
     - 7.2.2 Valoración das unidades ambientais.
   - 7.3 Determinacións do Plan.

7.4 Estudo do impacto territorial.

7.4.1 Metodoloxía.

7.4.2. Determinación dos criterios ambientais

7 4 3 Ponderación dos pesos dos factores

**7.4.4 Cálculo da capacidade de acollida para solo urbanizable**

7.5. Valoración dos impactos.

8 O estudo da paisaxe:

8.1 Introdución.

8.2. Descrición da paisaxe.

8.3. A calidade da pasaxe.

8.4. Cuncas visuais.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Xa máis en concreto e para acadar os seus fins propostos o estudo identificará todos os ámbitos do territorio susceptibles de sufrir impactos ou agresións derivadas das determinacións urbanísticas, tanto dende o punto de vista ambiental como paisaxístico:

- Inventario de zonas con fraxilidade ambiental: identificación, escrita e gráfica das áreas ou elementos que presentan valores de tipo ambiental de acordo co estudo do medio rural. Para cada un deles identificaranse as súas debilidades ou fraxilidades, así como a área do seu contorno que deberá someterse a medidas de protección a efectos de evitar agresións aos valores existentes. Así mesmo, relacionaranse as accións ou intervencións que puideran provocar afeccións aos valores que presentan.
- Delimitación de concas de interese paisaxístico: localizaranse e representaranse graficamente aquelas áreas, vales, liñas, sendas, ou fitos, que pola súa situación, configuración ou preeminencia topográfica constitúan referentes paisaxísticos. Para cada un determinaranse as concas de afección paisaxística, ou campos visuais dominados polo elemento, así como as accións ou intervencións que puideran provocar perda de valores paisaxísticos.

O estudo exporá razoadamente os límites ou distancias tidas en conta para a determinación das zonas de protección e as concas paisaxísticas.

Tanto as áreas de protección ambiental como as concas de interese paisaxístico identificadas deberán quedar axeitadamente grafitadas en planos elaborados sobre a mesma base cartográfica empregada para os planos de ordenación do termo municipal (escala 1/5000).

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

O estudo vai a realizar logo unha análise sobre o grao de incidencia das determinacións do PXOM nas zonas anteriormente identificadas, expoñendo o grao de afección, para cada un dos elementos, aos seus valores ou fraxilidades. As determinacións do PXOM que se someterán ao estudo serán todas aquelas susceptibles de xerar algún tipo de impacto, e en todo caso as seguintes:

- Trazado e características de novas previsións a respecto da rede viaria, ferroviaria, portos, estacións, etc. Estudiarase especialmente a inserción topográfica e en consecuencia a aparición de desmontes ou recheos.
- Trazado e características das novas redes de servizos. Con especial atención ás previsións a respecto da rede de saneamento, estacións depuradoras de augas residuais, captacións e depósitos de auga potable, elementos das redes eléctricas e de telecomunicacións, etc.
- Condicións de edificación nas zonas perimetrais, ou perceptibles dende o medio exterior, dos núcleos ou do solo urbano.
- Localización e determinacións de uso, intensidade e tipoloxía dos ámbitos de solo urbanizable, así como suficiencia e adecuación das infraestruturas previstas para darlles servizo.

Finalmente, e para o caso de que por non existir, xustificadamente, outras alternativas, algunha das determinacións establecidas provoque impactos superiores aos desexables, o estudo deberá analizar e expresar as medidas correctoras coas que se reduzan ao mínimo as consecuencias negativas dos anteditos impactos. Estas medidas quedarán debidamente recollidas na parte normativa do PXOM.

#### 4.3.1.4. MEMORIA DE ORDENACIÓN.

A Memoria de Ordenación disporá dos seguintes documentos:

a) **Normas** Urbanísticas e Ordenanzas.
b) **Fichas** Individualizadas de ámbitos de **planeamento secundario** de desenvolvemento.
c) **Fichas** individualizadas de **ámbitos de xestión**: áreas de reparto e polígonos.
d) Catálogo
e) Estratexia de Actuación.

De seguido, e de xeito desagregado, descríbense os contidos de cada un dos seis documentos enumerados.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

1. **Normas Urbanísticas e Ordenanzas**:

1.1. Determinacións de carácter xeral:

a) Natureza, finalidade, ámbito de aplicación, e interpretación dos seus documentos.
b) Obrigatoriedade e vixencia e razóns para a revisión.
c) Desenvolvemento do Plan Xeral.
d) Réxime urbanístico do P.X., con expresión de:
   - Determinación e regulación da estrutura xeral e orgánica do territorio.
   - Clasificación do solo en tipos segundo o réxime xurídico con especial atención aos usos.
   - División do solo en zonas segundo a cualificación urbanística.
   - Determinación das Áreas de Reparto, aproveitamentos tipo e coeficientes de ponderación.
   - Delimitación de polígonos e determinación do sistema de actuación.
e) Características xerais das obras de urbanización que se teñan que executar:

1.2. Regulación de usos, establecéndose as categorías necesarias, regulación detallada, compatibilidades e incompatibilidades entre usos, dependencia e relación coas lexislacións sectoriais, etc.

1.3. Normas xerais da edificación regulando os aspectos dimensionais, accesibilidade, habitabilidade, seguridade, infraestruturas, condicións estéticas, tipolóxicas, e de adaptación ao ambiente, con expresa preocupación pola calidade urbana e especificando as condicións necesarias en cada tipo de solo segundo a filosofía da LOUG, regulación da situación de fóra de ordenación e as obras compatibles con dita situación.

1.4. Normas sobre sistemas xerais (infraestruturas, dotacións, espazos libres) e condicións que se poidan establecer sobre as propiedades ou espazos limítrofes ou próximas aos citados cos ditos sistemas xerais.

1.5. Normas sobre o planeamento de desenvolvemento, nas que se indiquen os prazos e condicións dos instrumentos de desenvolvemento, e particularmente as que afectan á mellora dos núcleos e o medio rural e os criterios e condicións para os plans de Sectorización en solo urbano non consolidado.

1.6. Normas e condicións reguladoras das obras de urbanización e dos proxectos correspondentes, con especial atención ás condicións de deseño para a súa adecuación funcional e estética, conxugadas coa durabilidade e calidade construtiva. Teranse en conta igualmente as prescricións necesarias para o

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

cumprimento da lexislación en materia de accesibilidade e supresión de barreiras no contexto do axeitamento da mobilidade viaria e peonil.

1.7. Normas específicas sobre o tratamento aplicable aos diferentes tipos de solo; a saber:

a) Solo urbano:

- División en distritos e criterios para elo.
- Ordenanzas de edificación e usos do solo.
- Adaptación das condicións de accesibilidade das edificacións e espazos públicos e o seu contorno á Lei 8/1997 da X. de G., de 20 de Agosto e Regulamento (Decreto 35/2000) que a desenvolve.
- Redefinición e características daquelas operacións previstas sobre sectores urbanos determinados, co gallo de mellorar as condicións existentes.
- Aproveitamento tipo e coeficientes de ponderación dos distintos usos e tipoloxías, nas Áreas de Reparto, e establecemento das densidades totais e cesións para espazos libres e equipamentos en todo o solo urbano non consolidado pertencente a cada distrito, co obxecto de verificar o cumprimento dos límites establecidos a este respecto na lexislación urbanística.
- Delimitación de Áreas de Tanteo e Retracto e de terreos para a ampliación do Patrimonio Municipal de Solo con destino á construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

b) Solo Urbanizable:

- División do solo urbanizable delimitado en Sectores para o desenvolvemento de Plans Parciais, co sinalamento das características e determinacións para o seu desenvolvemento.
- Criterios e condicións para a delimitación de Sectores no solo urbanizable non delimitado e para a súa conexión cos Sistemas Xerais correspondentes, así como para a documentación dos Plans de Sectorización correspondentes.
- Réxime de cada un dos diferentes usos globais do solo e edificación; cesións obrigadas, edificabilidade, densidade máxima, condicións específicas de usos, tipo de ordenación, condicións da edificación, estándares mínimos ou reserva de terreos para vivendas de protección oficial.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Características e desenvolvemento dos Sistemas Xerais incluídos nesta categoría de solo.
- Esixencias mínimas en materia de infraestruturas e servizos.
- Definición do aproveitamento tipo para cada área de reparto (constituída polo conxunto dos sectores de solo urbanizable e os sistemas xerais pertencentes ou adscritos aos ditos sectores, incluídos na delimitación da área de Reparto correspondente).
- Determinación das densidades de todo o solo urbanizable para determinar a capacidade máxima residencial necesaria para verificar o cumprimento dos estándares de sistemas xerais.

c) Solo de núcleo rural:

- Delimitación dos seus perímetros, con identificación de cada núcleo e das súas diferentes zonas de ordenanza de acordo ás especificacións mínimas da LOUG, é dicir, diferenciando o núcleo tradicional das súas zonas de expansión.
- Ordenanzas de usos e edificación, congruentes coas características e natureza dos distintos núcleos rurais, así como das diferentes áreas e ordenanzas diferentes dos mesmos, especificando os espazos libres e os equipamentos existentes e propostos.
- Fixación dos indicadores que darán lugar á necesidade de redactar un Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural nun ou varios núcleos para facer fronte á complexidade urbanística sobrevida.
- Delimitación, se procede, de áreas de actuación integral.
- Condicións mínimas de urbanización.

d) Solo rústico:

- Definición das zonas que poidan ser obxecto dunha protección ordinaria e daquelas outras que deben ser obxecto de protección especial, especificando as diversas categorías e ordenanzas de aplicación en cada unha delas, así como de aquelas condicións que afectan en xeral a todo o solo rústico, réxime de autorizacións, condicións da edificación, etc.
- Medidas tendentes á conservación, protección, mellora e posta en valor das súas potencialidades intrínsecas e dos elementos naturais (solo, flora, fauna, paisaxe, etc.) para evitar a súa degradación, e das edificacións e paraxes que, polas súas características especiais o aconsellen.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Condicións ás que deben suxeitarse as construcións e os usos que se puidesen tolerar, para garantir a súa adaptación ao medio rural e á paisaxe e medidas para preservar os valores naturais do terreo afectado pola edificación, ou polos usos permitidos.
- Medidas de desenvolvemento das determinacións do Plan Xeral a través de Plans Especiais.

1.8. Outras determinacións que se xulgue conveniente ou oportuno incluír.

1.9. Medidas de desenvolvemento e aplicación da lexislación sectorial vixente, no seu caso.

1.10. Normas transitorias sobre vixencia e acaemento do planeamento anterior en execución.

1.11. Catálogo de elementos protexibles por razón dos seus valores patrimoniais, arquitectónicos, históricos, arqueolóxicos, etc. e ordenanza xeral de protección.

2. **Fichas individualizadas de ámbitos de planeamento secundario de desenvolvemento.**

3. **Fichas individualizadas de ámbitos de xestión: Polígonos e Áreas de Reparto[6].**

4. **Catálogo.**

   Tal como expresa o artigo 75 da LOUPMRG, o Plan Xeral deberá incluír un catálogo no que queden recollidos todos aqueles elementos naturais, arquitectónicos, históricos, arqueolóxicos, etnográficos, etc. que merezan someterse a protección para a súa conservación, mellora ou recuperación.

   O catálogo incluirá un inventario de tódolos elementos que inclúe, debidamente codificados para a súa axeitada localización nos planos de ordenación do PXOM.

   De cada elemento se elaborará unha ficha, na que se inclúa:

   - Plano de situación, emprazamento e delimitación do ben e das súas áreas de protección perimetrais.
   - Fotografías descritivas do seu estado actual, e de ser necesario as históricas precisas.
   - Denominación, localización, descrición do ben, estado de conservación, titularidade, valores que presenta.

- Clasificación e cualificación urbanística no PXOM.
- Medidas de protección específica establecidas.

5. **Estratexia de Actuación.**

Este documento fixará os obxectivos, directrices e estratexia do desenvolvemento coherente do PXOM, a curto, medio e longo prazo para todo o territorio, elaborando un listado pormiudado de actuacións previstas nomeadamente:

5.1. En relación cos Sistemas Xerais especificará:

- Axentes que os executarán.
- Custos.
- Prazos de remate para a súa realización e asignación do catrienio no que se incluirán.
- Réxime do solo ao que se adscribe ou inclúe o Sistema, ou ben o método para acadar a dispoñibilidade dos terreos no caso de non estar adscritos.

5.2. No solo Urbano e nos núcleos rurais (no seu caso):

- Orde de prioridades motivada para o desenvolvemento das actuacións previstas e prazo para realizalas:
  - Actuacións para completar a urbanización.
  - Operacións de reforma interior previstas.
  - Actuacións en Sistemas Locais de equipamentos e espazos libres.
  - Áreas de Reparto e polígonos.
  - Prazos e condicións concertadas en solo urbano non consolidado.

5.3. No Solo Urbanizable.

- Asignación de cada Sector de Solo Urbanizable delimitado a un catrienio para o seu desenvolvemento.
- Prazos e condicións para as actuacións concertadas con particulares no Solo Urbanizable delimitado, especificando as actuacións infraestruturais xerais que deban realizarse previa ou simultaneamente á execución de cada Sector.

5.4. No solo Rústico.

- Programación, no seu caso, das actuacións previstas.

[6] No suposto de que non houbese casos que o requiran, nunha mesma ficha poderán recollerse as determinación de planeamento e de xestión.



TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

6. **Estudo Económico Financeiro.**

6.1. Custos da obtención de terreos (no seu caso) e da execución dos elementos da estrutura xeral e orgánica do territorio (Sistemas Xerais) referidos tanto a solo urbano como aos núcleos rurais ou solo Urbanizable Programado Delimitado..

6.2. Carácter público ou privado das actuacións anteriores e, no caso das públicas, organismo ou entidade que as asume e programación ou non por esa entidade das citadas actuacións, aportando no seu caso os compromisos correspondentes.

6.3. Vencellamento das actuacións á ámbitos de xestión determinadas (no seu caso).

*6.4.* Viabilidade das actuacións previstas no plan e, especialmente, da parte das actuacións programadas que teña que financiar o Concello, realizando unha análise da capacidade financeira municipal segundo as previsións de ingresos e os presupostos dos últimos exercicios.

4.3.1.5. DOCUMENTACIÓN CARTOGRÁFICA.

**1. Planos de Información.**

De acordo coas esixencias explicitadas no Prego de Prescricións Técnicas, no Documento Informativo gráfico desta Fase deberán recollerse, os seguintes contidos:

a) Alteracións dos usos do territorio e infraestruturas territoriais con indicación da súa topografía e pendente, concas de interese paisaxístico, áreas ou elementos de interese que deban ser protexidos no territorio, polos seus valores naturais, paisaxísticos, agrícolas, forestais, históricos, arquitectónicos, arqueolóxicos, etc.

b) Identificación dos impactos ambientais e das áreas sensibles e de riscos de impactos.

c) Distribución nos núcleos de poboación urbanos e rurais dos usos do solo, detallando as zonas de concentración parcelaria dende o ano 1996, as zonas forestais obxecto de incendios dende 2001 e os montes públicos e veciñais en man común, as redes e concas hidrográficas indicando as zonas con risco de asolagamento ou con augas soterradas a protexer; a altura, ocupación, tipoloxías, usos, estado da edificación, parcelación e aspectos de rehabilitación, así como as súas condicións topográficas, áreas agrícolas ou forestais limítrofes,

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

equipamentos, espazos libres e demais dados de interese para a súa caracterización.

d) Situación dos espazos libres, zonas verdes, dotacións e equipamento comunitario existente de todo o termo municipal.
e) Áreas, edificios ou elementos urbanos que deban ser protexidos polo seu interese histórico, arquitectónico, ambiental, etc., así como a identificación de aqueles que xa están incluídos no catálogo municipal vixente ou no autonómico, especificando aqueles xa declarados BIC.
f) Estado da rede viaria actual, identificando cada vía, a súa titularidade e grafitando as súas zonas de protección segundo as lexislacións correspondentes.
g) Evolución das parcelacións urbanísticas en solo rústico.
h) Trazado e estado dos servizos básicos de infraestruturas: abastecemento de auga, enerxía eléctrica e alumeado público e evacuación de augas residuais, telefonía, gas, etc., cos dados básicos das conducións e os seus elementos funcionais básicos, prestando especial atención neste eido ás redes de abastecemento de auga e saneamento, segundo se indica no Prego.
i) As afeccións de planeamento derivadas do réxime xurídico do solo vixente, a lexislación sectorial de carácter territorial aplicable e outras derivadas de situacións xurídico-administrativas singulares, dominio público, etc.
j) Alteracións ou actuacións en áreas sometidas anteriormente a xestión ou planeamento secundario segundo o PGOU en vigor.

Esta información realizarase sobre as bases cartográficas que xa dispón o Concello nestes intres, coas seguintes escalas:

- Escala **1: 15.000 e 1: 5.000 e superiores para a totalidade do territorio**.
- Escala **1: 1.000 e 1: 2.000 para as áreas urbanas e os núcleos rurais**.

**2.- Planos de ordenación.**

a) Para todo o territorio:
    - Estrutura xeral e orgánica do territorio, coa delimitación dos sistemas xerais de comunicacións, espazos libres e equipamentos comunitarios e instalacións e obras de forte impacto sobre o desenvolvemento do territorio.
    - Sistema de núcleos rurais.
    - Plano de ordenación do territorio do T.M., coa clasificación do solo, e con asignación de superficies a cada tipo e categoría, diferenciando as dúas

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

zonas básicas dos núcleos urbanos (consolidado e non consolidado), dos núcleos rurais (tradicional e de expansión), solo urbanizable (delimitado e non delimitado, solo rústico (coas categorías especificadas pola LOUG), os sistemas xerais e os sistemas locais (os de maior importancia en magnitude no caso dos núcleos que dispoñen de cartografía máis detallada a maior escala), especificando as delimitacións das zonas de servidume legal establecidas pola lexislación sectorial.

- Usos globais para todas as zonas e sistemas a que fan referencia as determinacións normativas para todos os tipos e categorías de solos.
- Identificación de tódolos elementos integrantes do Catálogo e as súas zonas de protección, no seu caso.
- Áreas de Tanteo e Retracto e reservas de solo para Patrimonio Municipal de solo, no seu caso, así como as zonas de normalización de fincas.

b) Para o solo urbano:

- Delimitación dos seus perímetros e identificación dos distritos nos que se divide, contendo a información básica sobre topografía, alturas dos edificios, elementos singulares, etc.
- Categorías de solo urbano consolidado e non consolidado, así como as de tódalas cualificacións ou zonas de ordenanza distinta, especificando pormiudadamente as aliñacións, rasantes, alturas da edificación, fondos, usos específicos, elementos singulares como soportais, pasos, galerías interiores, etc..
- Definición e delimitación das distintas áreas de reparto, con sinalamento de usos característicos e aproveitamento tipo.
- Delimitación de áreas pendentes de planeamento de desenvolvemento, ou daquelas onde se prevexan operacións de reforma interior, con sinalamento de usos e intensidades (se é o caso), así como directrices de deseño urbano e, no seu caso a localización das cesións obrigatorias para dotacións.
- Delimitación de polígonos, se procede, indicando o sistema de actuación.
- Asignación de usos pormiudados.
- Delimitación dos sistemas xerais ou locais de espazos libres e zonas verdes destinadas a parques e xardíns públicos, zonas deportivas, aparcamentos e demais dotacións, sinalando directrices para o seu deseño, carácter e tratamento, así como a estrutura urbanística proposta

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

con situación do emprazamento reservado a novos espazos libres e equipamentos (centros docentes, asistenciais, sanitarios, así como os demais servizos de interese público ou social).

- Trazado e características da rede viaria, coa súa clasificación funcional e sinalamento das seccións transversais, aliñamentos e rasantes, así como da localización de aparcamentos públicos.
- Servizos técnicos con trazado e características das redes e galerías de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, enerxía eléctrica, alumeado público, telefonía, gas, etc., especificando as novas propostas neste eido a nivel xeral.

c) Para o solo urbanizable.
   - Situación e delimitación, distinguindo os dous tipos básicos (delimitado e non delimitado).
   - Definición dos sistemas xerais pertencentes ou adscritos a esta clase de solo.
   - Zonificación, con asignación de usos globais e intensidade por zonas, especificando no seu caso as zonas reservadas para vivendas de protección oficial segundo os estándares da LOUG.
   - Emprazamento de centros de servizo e trazado de redes fundamentais de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, enerxía eléctrica, alumeado público, telefonía e demais servizos que prevexa o Plan.
   - División en sectores para o desenvolvemento do solo urbanizable delimitado mediante plans parciais.

d) Para o solo de Núcleo Rural:
   - Delimitación dos seus perímetros, distinguindo entre o núcleo tradicional e a súa área de expansión.
   - Asignación de usos, tipoloxías pormiudadas e zonas de ordenanza diferenciadas.
   - Emprazamentos reservados para dotacións e equipamentos.
   - Trazado da rede viaria pública existente ou proposta.
   - Identificación de elementos incluídos no Catálogo.

e) Para o solo rústico.
   - Delimitación do seu ámbito, distinguindo os diferentes tipos de cualificación especificados na LOUG..
   - Identificación de espazos ou elementos que polos valores que encerran (ecolóxicos, medioambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais

ou con potencialidade produtiva) deban ser conservados, protexidos ou mellorados, así como as zonas de protección (no seu caso).

2. **Planos de Xestión:**
   a) Planos de delimitación ámbitos xerais de xestión: de áreas de reparto, e sectores, áreas sometidas a dereitos de tanteo e refracto, reservas de solo con destino ao Patrimonio municipal de Solo ou ámbitos para a normalización de fincas.
   *b)* Planos de delimitación e identificación de polígonos, incluídos nas Áreas de Reparto ou Sectores.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 4.4. ALTERNATIVAS.

Procedeuse a considerar as posibles alternativas tecnicamente viables do Plan nas etapas iniciais da súa xestación. Nesta epígrafe incluirase a xustificación da solución adoptada, así como a descrición das esixencias previsibles no tempo para a utilización do solo e outros recursos naturais para cada opción presentada.

### 4.4.1. TRABALLOS PREVIOS DE ANÁLISE.

A información xerada polos estudos realizados nas primeiras fases informativas e do Avance permitiron detectar os condicionantes e necesidades mínimas a satisfacer, e que permitiron elaborar os escenarios teóricos das diferentes alternativas que se analizaron, de entre as que se tiña que seleccionar a que mellor respondese ás necesidades, que foi a que se desenvolveu nas diferentes fases do PXOM entregadas ata agora e (no seu caso) expostas ao publico.

Mediante unha análise multicriterio avaliáronse os distintos aspectos territoriais utilizados logo para a caracterización das propostas, e que permitiron seleccionar sen moitas dúbidas a solución a desenvolver na versión completa do PXOM da seguinte fase. Por tanto, as tarefas que se realizaron nesta fase pódense resumir en dous puntos:

- **Alternativas posibles de ordenación**. Realización de varias posibilidades de afrontar a modelización das estratexias de ordenación a desenvolver no Plan, con predefinición de posibles evolucións dos escenarios posibles no futuro en función da súa aplicación.

- **Análise multicriterio.** Para a validación da alternativa máis axeitada seleccionada, empregáronse técnicas de avaliación multicriterio recollidas no estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico para comprobar a súa adaptación ás condicións limitativas que establece a lexislación vixente.

  A avaliación multicriterio supón a agregación duns procesos previos fundamentais, dos que dependerá o seu resultado, e que deberán ser coordenados coa dirección do traballo. Os devanditos **procesos previos** poderían resumirse en: definición duns **indicadores a considerar**, o que supón unha análise e selección dos parámetros característicos da ordenación e **determinación dos pesos** a aplicar a cada factor.

Unha vez realizada a proposta xeral de ordenación, e previo a súa formalización como documento de Aprobación Inicial do PXOM, esta foi contrastada e validada polo concello en distintas reunións explicativas. Establécese, polo tanto como mecanismo preciso de seguimento e control para a aprobación da proposta xeral a desenvolver no PXOM.

### 4.4.2. ALTERNATIVAS: SELECCIÓN DUNHA PROPOSTA XERAL DE ORDENACIÓN.

No presente apartado contémplase un resume das razóns da selección das alternativas previstas e unha descrición do xeito en que se ten realizado a avaliación, incluídas as dificultades que puidesen terse detectado no momento de recaba-la información requirida.
A selección das alternativas xustificará os motivos da elección a respecto dos mellores resultados que se espera acadar con cada unha delas en cada caso.

Contémplanse a estes efectos **dúas alternativas**:

1. A denominada **"ALTERNATIVA CERO"** é aquela que se basea no mantemento da situación actual do territorio, sen modificación do planeamento nin do modelo territorial, que se analiza na diagnose realizada sobre o territorio municipal na súa situación actual (logo de 20 anos de aplicación das NSM vixentes), na que se detectaban unha serie de deficiencias estruturais que o presente PXOM pretendía resolver.
2. Establécese outra alternativa posible técnica e economicamente **"ALTERNATIVA UN"**, poñendo tódolos medios que a lexislación urbanística e sectorial pon ao noso alcance, incidindo en aspectos fundamentais (mediante propostas, ás veces arriscadas, que deberán ter un maioritario referendo social, político e económico) que permitan un auténtico relanzamento da actividade municipal a tódolos niveis, e con incidencia notable na recuperación dos índices poboacionais acadados noutras xeiras.

Analízanse de seguido, brevemente, as diferentes alternativas describindo os seus efectos para encadrar a súa respectiva valoración e as razóns da selección de alternativa realizada polo PXOM.

A **"**ALTERNATIVA CERO", é desbotada axiña, dado o estado actual do concello, con moi poucas posibilidades de manobra e xestión no eido urbanístico (dado o desfasado tanto do planeamento vixente como do modelo trasnoitado que representa nestes intres), que

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

deriva nunha serie de problemáticas territoriais e sociais que teñen difícil reversión se non se dota dun novo modelo territorial adaptado as necesidades e sensibilidades actuais nunha serie de aspectos básicos como os medioambientais, dotacionais, sociais, de actividades económicas, posibilidades de explotación de recursos turísticos e naturais, etc.
Nos aspectos ambientais esta alternativa carece de criterios de sostibilidade en tódalas determinacións do planeamento vixente (dada a data da súa redacción, segundo se pode observar na memoria de ordenación das NSM) e ademais incumpre (ou non se adapta) a toda a lexislación posterior no eido ambiental, polo que non aporta nada neste eido, e as consecuencias reais da súa aplicación son patentes na realidade actual do territorio.

A **"**ALTERNATIVA UN", é a que mellor se adapta ao que necesita este territorio, pois dada a súa ambición a respecto do mellor futuro posible (sorteando as innumerables limitacións –crecentes a medida que pasa o tempo-, basicamente no eido lexislativo, estirando ata o límite esas limitacións con propostas imaxinativas), e que se centra en asaltar con valentía e risco un modelo territorial que permita acadar resultados que diferencien as opcións de acadar futuros posibles (a respecto doutros territorios próximos ou non tan próximos, baseándose nas diferenzas locais que poidan diversificar unha oferta en tódolos eidos que faga atractivo este territorio como opción a globalización e perda de valores existentes), labor que se pode acadar se se traballa arreo dende todo o espectro político, social e produtivo do concello, con moitas posibilidades de reversión e de mellora da evolución social e territorial, que se ten que plasmar en boa medida a través da xestión nos eidos territoriais e urbanísticos, que derivará con toda probabilidade na resolución de moitas das problemáticas territoriais e sociais (que hoxe teñen difícil reversión se non se dota dun novo modelo territorial esperanzador e de futuro que permita a ilusión colectiva dun futuro mellor a curto prazo), baseándose nas propias posibilidades endóxenas de creación de recursos e actividades rendibles contando coa imprescindible sostibilidade do modelo global, e que se adapte as necesidades e sensibilidades actuais da sociedade nunha serie de aspectos básicos como os medioambientais, dotacionais, sociais, de actividades económicas, posibilidades de explotación de recursos turísticos e naturais, etc.
Nos aspectos ambientais esta alternativa ofrece multitude de criterios de sostibilidade en tódalas determinacións do planeamento e ademais vai a cumprir toda a lexislación actual no eido ambiental, polo que vai a aportar moitas solucións prácticas, e mesmo valoradas economicamente (que se reflectirán no correspondente Estudo Económico do PXOM) e as consecuencias reais da súa aplicación van a ser moi patentes no territorio, segundo se

poderá analizar á vista dos criterios empregados para a súa redacción, que se contén nos apartados seguintes.

### 4.4.3. CRITERIOS XERAIS DE ORDENACIÓN DA ALTERNATIVA SELECCIONADA.

A ordenación que agora se propón para o Concello de Ribadavia, baseada -como xa se dixo na persecución dos Obxectivos Xerais expostos no capítulo anterior-, ven ser o resultado de aplicar os seguintes CRITERIOS XERAIS:

#### 4.4.3.1. A RESPECTO DA HARMONIZACIÓN DO DESENVOLVEMENTO E A PRESERVACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL.

Na Unión Europea a preocupación polo Medio Ambiente Urbano percorreu un longo camiño ata a actualidade. Moi sinteticamente teríanse que citar os seus principais fitos:

- A directiva 85/337, modificada máis tarde pola 97/11, recolle a sensibilidade para que os novos planeamentos territoriais e os usos do solo inclúan non só criterios técnicos, económicos e sociais, senón tamén medioambietais.
- En 1990 publícase O Libro Verde do Medio Ambiente Urbano, un documento que chama a atención sobre o deterioro da calidade de vida nas cidades europeas. Este Libro Verde da lugar a un Grupo de Expertos (GEMAU) que inicia o Proxecto de Cidades Sustentables, onde o seu obxectivo era aplicar en cidades grandes e medianas algún tipo de programa específico para o século 21
- A Cume da Terra, celebrada en Río en 1992, xa aportou a denominada Axenda 21 (A21), mentres o V Programa da Unión Europea, en materia de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentable, traslada a Europa os compromisos adoptados na Cume da Terra.
- A Carta de Aalborg (1994). O Plan de Acción de Lisboa (1996) fixa a súa concreción, implementando non só a carta de Aalborg, senón tamén a Axenda Hábitat da 2ª Conferencia das Nacións Unidas sobre asentamentos humanos (Hábitat II en Estambul 1996, que viña precedida polo Hábitat I en Vancouver 1976 e a Carta de Atenas de 1933).
- A 3º Conferencia Europea sobre cidades e municipios sustentables. Conferencia de Hannover do ano 2000.
- 6º Programa de Acción da UE en Materia Medioambiental, Medio Ambiente 2010.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

*4.4.3.1.1. Criterios medioambientais no planeamento que se está a abordar.*

O Plan Xeral de Ordenación Municipal é un instrumento de ordenación integral do territorio municipal que establece o modelo de utilización do solo, a longo prazo.

O PXOM establece a clasificación do solo de todo o municipio, determina a estrutura xeral e orgánica do territorio composta polos elementos condicionantes do desenvolvemento urbano en particular, o sistema xeral de comunicacións e saneamento, as zonas de protección, o sistema de espazos libres destinados a parques públicos e zonas verdes e o sistema de equipamento comunitario e centros públicos, contendo medidas para a protección do medio ambiente, a conservación da natureza e defensa da paisaxe, a conservación de elementos naturais, entre outros.

Polo tanto, o PXOM constitúe, de seu, unha ferramenta eficaz, aínda que non a única, para potenciar o medio ambiente nunha liña de desenvolvemento sustentable. A sustentabilidade é concibida como o razoable mantemento dos recursos, para que estes dean servizos á poboación de hoxe, pero manteñan o seu valor para o futuro.

As prácticas urbanísticas implican usos e actividades do solo, potencialmente xeradoras de impacto sobre o medio no que se insiren. Isto unido á sensibilización social nos temas medioambientais, fai necesaria a previsión e realización dunha xestión responsable do territorio e dos recursos naturais do mesmo.

O novo planeamento municipal introduce dende as primeiras fases, unha serie de criterios ambientais, de acordo coa liña da estratexia para o desenvolvemento sustentable e o 6º Programa de Acción en Materia Medioambiental da UE e as recomendacións do *The European Consultative Forum on the Environment and sustainable Development.*

Breheny propón a seguinte definición de capacidade ambiental a efectos da planificación do espazo: a planificación en relación coa capacidade ambiental require a determinación do máximo nivel de desenvolvemento que un entorno local (poboación, cidade, rexión) poida sustentar indefinidamente, mantendo ao mesmo tempo dentro do mesmo o capital natural crítico e constante e o inapreciable capital construído polo home.

É con esta filosofía, e polo tanto de acordo ao entorno europeo de planificación sustentable, como se deben fixar os criterios de harmonización do desenvolvemento urbano coa preservación e posta en valor do patrimonio natural.

Antes de enumerar estes criterios, cecais sexa oportuno subliñar que unha ferramenta eficaz para a conservación do patrimonio natural é o estudo de sostibilidade ambiental e impacto territorial que asegura a permeabilizacion dos diferentes equipos que participan no

planeamento aos criterios de sostibilidade, e que xa ten introducido a LOUG 9/2002 como esixencia imprescindible para todo o planeamento xeral.

Como criterios inspiradores da harmonización entre o desenvolvemento urbano e a preservación e posta en valor do patrimonio cultural, sinálanse os seguintes:

1. O planeamento velará pola preservación e mellora do patrimonio natural

Para a perspectiva mediambiental un importante aspecto é manter a biodiversidade no territorio. A conservación da biodiversidade realízase mediante a conservación e mellora do patrimonio natural. O patrimonio natural contribúe en todas as áreas a mellorar a calidade de vida, sendo, polo tanto, necesario inventarialo e protexelo. A ordenación de usos do solo é neste sentido, unha ferramenta eficaz que permite establecer un grao de protección en relación aos méritos de conservación do territorio. Así pois, e dende agora mesmo, a ordenación que se vaia elaborando nas sucesivas fases, basearase nos criterios, recomendacións e premisas que dimanen do Estudo do Medio Rural e do Patrimonio Natural que se contén na Información Urbanística[7].

A conservación da biodiversidade baséase na prevención de riscos de deterioro ambiental non asumibles, para o cal temos que ter un instrumento que procure un nivel de conservación aceptable en todo o territorio, e que facilite o éxito das medidas a escala máis reducida, coa protección de hábitats singulares.

2. Promover unha visión integradora e holística do territorio.

Considera o PXOM como cuestión básica, a consideración do territorio municipal como un sistema (formado por unha serie de subsistemas interconectados, tanto naturais como antrópicos). Polo tanto, independentemente, da necesaria división do territorio segundo os usos globais (industrial, residencial, comercial, de servizos, recreativos, etc.), a actividade e a concepción dos espazos que asentan estes usos, debe manterse de forma que non minore o capital natural.

Por caso, unha área industrial non debe ser entendida como unha zona na que é posible contaminar, senón que esta área debe aquelarse para minimizar os posibles prexuízos ambientais e paisaxísticos.

[7] E que se irá perfeccionando segundo se avance na realización dos traballos.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

3. Fomentar o Establecemento de Corredores Ecolóxicos.

Unha das estratexias fundamentais na xestión da biodiversidade, e polo tanto do patrimonio natural, é evitar o illamento dos diferentes sistemas naturais que compoñen o termo municipal de Ribadavia.

Para que elo sexa posible, é esencial promover a conservación e no seu caso, a creación de corredores ecolóxicos que garantan, no posible, a continuidade espacial das diferentes áreas. Estes corredores cómpren as seguintes funcións:

- Evitan a formación de illas (illas agrícolas, forestais, espazos protexidos, etc.).
- Integran a rede de espazos libres ou de valor natural.
- Vencellan entre si as zonas de interese natural
- Garanten a continuidade a sistemas naturais liñais ou en rede (Subsistema fluvial)
- Son coherentes cunha interpretación holística do medio natural (análise ecosistémica) propia da ordenación territorial, para un desenvolvemento sustentable.
- Ordenan espazos de vocacións múltiples (por caso, sistemas agro-silvo-pastoril).
- Cohesionan espazos rururbanos.

4. Potenciar o uso social do patrimonio natural, como medio de protección e posta en valor.

O patrimonio natural, ademais de ter unha grande importancia para a biodiversidade, a calidade das augas e do aire; ten unha grande importancia para satisfacer as demandas dos cidadáns de lecer na natureza. Aínda que é preciso ter en conta que non todo o patrimonio natural ten a mesma capacidade de carga para soportar un uso recreativo e social, debéndose, primeiramente determinar a capacidade de acollida do patrimonio natural para poder establecer os usos e actividades, así como as potencialidades e limitacións.

Os habitantes da vila, da área metropolitana de Ourense e os turistas demandan cada vez máis espazos de lecer relacionados coa natureza e de grandes dimensións. E de todo o patrimonio natural do concello de Ribadavia o sistema fluvial principal conta con grandes potencialidades para cubrir a demanda dun grande espazo recreativo na natureza.

Así mesmo, arrodean o concello grandes superficies forestais das que, lamentablemente ardeu unha importante superficie nos pasados anos. Así e todo, teñen vocación de espazo recreativo, chamado a cumprir un importante papel, non só como produtor directo de bens económicos (nomeadamente produtos madeireiros, mais non só estes), senón tamén un rol

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

ecolóxico, social e paisaxístico. A mellora da súa natureza mediante repoboacións con frondosas autóctonas, evitando as repoboacións con especies de crecemento rápido como os eucaliptos, a mellora da masas arbóreas e a progresiva eliminación de especies invasoras, sobre todo a Acacia de madeira negra, son requisitos necesarios para que o monte incremente o seu valor natural e a súa grande utilidade social. Polo tanto, os montes deben xogar o papel de gran anel verde, onde habería que darlle cabida á creación dun grande parque metropolitano, pois como se expuxo na diagnose, a vila de Ribadavia carece de grandes parques periurbanos recreativos (agás que se contemple como tal o novo Parque da Veronza), e, existindo a demanda, deberíase determinar a capacidade de acollida dos montes de Ribadavia para asentar esa grande área onde, ademais da mellora silvícola, se incrementasen as infraestruturas e servizos asociados a un parque recreativo, como cámpings, aulas da natureza, albergues, hortas de lecer, alugamento de bicicletas, canón pola recollida de cogomelos, sendeiros interpretativos e outro tipo de instalacións e servizos que fagan atractivo e rendible un parque recreativo metropolitano na orla forestal de Ribadavia e municipios veciños.

5. Fomentar a recuperación de espazos degradados.

Nas periferias urbanas, no contorno das infraestruturas industriais e de transporte, ou mesmo nos centros urbanos, prodúcense situacións de abandono de instalacións, deixamento no mantemento ou desordes urbanísticos-territoriais que son percibidos polos cidadáns cunha sensación de desagrado que deriva na formación dunha opinión negativa cara a propia vila, que termina retroalimentando a existencia desas áreas degradadas

Neste senso, actuacións de integración paisaxística que poden ir dende sinxelos apantallamentos visuais ou pintado de superficies, ata grandes proxectos de rexeneración cobrando unha grande importancia sobre a conciencia colectiva de vila.

6. Melloras no tratamento racional de todo tipo de residuos, vertedoiros incontrolados, etc..

Agora que o tratamento mancomunado de residuos é case unha realidade que pode funcionar e que pode aforrar custos, se se xestiona acaidamente, Ribadavia pode ofertar a xestión de residuos propios como unha actividade máis vinculada ao seu polígono industrial, e incluso xeradora de recursos e emprego, ademais toda a eficacia e comodidade para a poboación que se poida acadar na xestión de residuos, redundará nunha menor posibilidade de que os cidadáns decidan resolver os seus problemas neste

eido pola súa conta, en detrimento do ben común, evitando a aparición de vertedoiros incontrolados.

7. Medidas urbanísticas que supoñan a rexeneración atmosférica e doutras que impidan ou limiten a contaminación do ar.

A rexeneración de espazos vinculados aos ríos e ao arborado autóctono, no entorno da vila, poden servir, ademais de zonas de espallamento da poboación, como auténticos pulmóns dunha sociedade que mide a súa decadencia polo volume de residuos que xera ou pola contaminación de todo tipo que produce, parámetros estes que se poden compensar cunha axeitada xestión de recursos ambientais e forestais, a depuración de residuos e o control de actividades nocivas ou perigosas para a atmosfera ou o medio ambiente.

*4.4.3.1.2. Harmonización do patrimonio natural e a expansión urbanística*

En resume, a **defensa do patrimonio natural** é unha peza sumamente importante no artellamento territorial da vila de Ribadavia**,** entendida esa defensa non só como conservación do existente, senón tamén como elemento susceptible da súa **posta en valor como recurso económico** que igualmente é; e o desenvolvemento de actividades que poidan vender ben este recurso tan prezado como escaso, nunha sociedade que o valora ben pouco como conxunto, cando se pode perder irreversiblemente en pouco tempo, e non obstante, habendo como hai, cada vez máis xente que valora estas alternativas de ocio ou de actividade como bens efémeros e cada vez máis difíciles de atopar en grandes cantidades e sabiamente aproveitados.

A expansión, en certa medida incontrolada, da vila de Ribadavia, nos trinta/corenta últimos anos, producida, tanto no que respecta á edificación como no que atinxe aos usos e as súas intensidades, especialmente nesa parte do territorio situada na periferia do solo urbano, moi ben se pode caracterizar de sobrecrecemento que se produce sen a estrutura precisa para soportalo. Ao faltar unha definición clara da estrutura xeral do territorio, son moitas as eivas e disfuncións creadas. Son doadas de ver aquelas que remiten a déficits en dotacións urbanísticas, pero igualmente importantes son as eivas xeradas no patrimonio natural, ao que aquela expansión causou danos de consideración en moitos casos, que dificilmente (ou a moi outo custo) se poden reparar, pero estase aínda a tempo de non seguir estragando.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Todo elo conforme á **concepción xeral dun modelo de ordenación que tenda á diversidade e ao equilibrio, á harmonía, á sostibilidade e á analoxía co modelo de procedencia**, partindo de principios como: a **autonomía de escala**, **a primacía das actuacións capaces de reversibilidade, a consideración de globalidade** (sistema) e, mesmo, o **principio de seguridade** (aquel que aconsella a utilización de pequena escala, antes que as determinacións de escala que non se domina).

4.4.3.2. A RESPECTO DO TRATAMENTO DO PATRIMONIO CULTURAL.

Como criterios básicos a ter en conta á hora de tratar o patrimonio cultural, como xa se adiantou na documentación da diagnose, o equipo abordará unha completa revisión do catálogo do PXOU vixente, actualizando a relación de elementos protexidos en base ao criterio de catalogación de bens culturais, manexado actualmente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, logo da aprobación da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. O catálogo, en palabras de Criado Boado e González Pérez (1996), debe ser "*unha relación detida de toda a información existente sobre un determinado tipo de obxectos existentes nun espazo xeográfico dado*". A diferenza do inventario, o catálogo persigue ser un *depósito de información* contida para aplicar a calquera finalidade que sexa necesaria, en relación co obxecto considerado. O catálogo do patrimonio cultural que se pretende elaborar para o PXOM do concello de Ribadavia, debe permitir:

a) Concibir e aplicar o catálogo como norma de protección do Patrimonio Cultural da vila.
b) Utilizar o catálogo como recurso que permita facer avaliacións de carácter patrimonial dirixidas á xestión do Patrimonio.
c) Revalorizar os inventarios e catálogos como ferramenta e instrumento de traballo en canto que representación dun rexistro dinámico.
d) Converter o Inventario estático existente nun Catálogo dinámico que documente o proceso histórico e permita a avaliación e interpretación de cada un dos bens.
e) Redefinir a unidade de traballo do inventario actual, de tal maneira que o futuro catálogo incorpore xunto ao ben cultural concreto, o seu contorno e contexto.

O Catálogo municipal, que por aplicación da Disposición Adicional Segunda da Lei 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, pasará a formar parte do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, e estará formado, desde o punto de vista arquitectónico e etnográfico, por todos aqueles bens de interese artístico, histórico, arquitectónico, etnográfico,

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

etc. e conxuntos urbanos, lugares etnográficos, xardíns, parques, eiras, etc..., que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico. O *Plan Xeral de Ordenación Municipal* (PXOM) do Concello de Ribadavia fixará unha relación de edificios e conxuntos a protexer e/ou conservar por razóns urbanísticas, en función do seu valor histórico, artístico ou medio ambiental.

Para a protección do patrimonio histórico, artístico e etnográfico, elaborarase unha nova ordenanza específica que complementará ao disposto pola Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, que ten por obxecto a protección, conservación, posta en valor, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación e transmisión ás xeracións futuras.

Constituirán bens suxeitos a protección urbanística, de acordo coas determinacións da futura ordenanza e da Lei 8/1995 do 30 de Outubro do Patrimonio Cultural de Galicia, os seguintes:

a) Os edificios e conxuntos de interese histórico, artístico, arquitectónico, e lugares etnográficos, xardíns, parques, eiras, etc, que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico, que se han reflectir e identificar nos planos de ordenación e incluír na relación de bens protexidos do presente PXOM.
b) Os restos de xacementos arqueolóxicos e castros, reflectir nos planos de Ordenación e incluír na relación do patrimonio arqueolóxico do presente PXOM.
c) As zonas, enclaves, edificios, construcións, restos ou xacementos que, no seu caso, sexan inventariados polos Organismos competentes en materia de patrimonio histórico, artístico e cultural.
d) Os elementos illados, identificados nos planos de Ordenación que, polo seu pequeno tamaño, teñen recoñecido o seu interese histórico, artístico, etnográfico e/ou cultural. Así, mediante o Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, fican protexidos os hórreos, “cabazos”, “cabaceiros” e “canastros” de máis de 100 anos de antigüidade, e mediante o Decreto 571/1963, de 14 de marzo, os escudos, emblemas, pedras heráldicas e pezas similares de interese historico-artístico de máis de 100 anos, tendo a consideración de bens de interese cultural pola disposición adicional segunda da Lei 16/85, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

O Catálogo terá a consideración de aberto e será susceptible de incorporar novos elementos, ben a instancia do Concello ou, ben da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A protección destes edificios e conxuntos vai encamiñada á súa conservación, aceptando a realización de determinadas obras en función da característica do obxecto protexido, para o cal se establecerán tres niveis de protección:

a) integral

b) estrutural
c) ambiental

Esta ordenanza elaborarase tendo en conta as determinacións da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG do 31/12/2002), a Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (BOE 29/12/1985), a Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG 8/10/1995) e as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de 1991.

Como xa apuntamos anteriormente, unha das carencias máis destacadas do catálogo das NSM de 1986 é a inexistencia dunha descrición dos valores arquitectónicos, históricos e artísticos dos bens culturais de índole material presentes no concello de Ribadavia, e o resto de dados existentes son meramente testemuñais. O catálogo que se dispón a elaborar o PXOM persigue superar esta eiva, botando man de dous instrumentos fundamentais: o traballo de campo e o traballo de gabinete.

O equipo redactor pretende baleirar toda a información que conteñen os estudos xenéricos e concretos, xa estivesen publicados ou non, que se centran no patrimonio cultural da vila, sintetizando as súas valoracións e análises conforme ás técnicas de estudo e avaliación actuais. Asemade este labor verase completado coa descrición e diagnose que o noso equipo realice de cada un dos bens culturais da vila, o que nos permitirá identificar a súa evolución, grao de conservación, axentes destrutores, así como as melloras a realizar en cada un dos bens para garantir a súa conservación no futuro. No transcurso das últimas décadas téñense elaborado algúns estudos puntuais sobre o patrimonio cultural da vila de Ribadavia, que cómpre estudar. Ademais deste necesario traballo de gabinete, cómpre levar a cabo un pormenorizado labor de campo que nos vai levar a visitar e fotografar todos e cada un dos bens culturais, de carácter material, do concello de Ribadavia.
A inclusión no equipo redactor de especialistas, tanto de historiadores como de arqueólogos, achegará o seu cualificado criterio ás directrices de elaboración deste catálogo, labor para o que tamén serán consultados algúns Museos de Ourense, a Delegación do Colexio de Arquitectos e outras asociacións con interese polo patrimonio, así como as asociacións veciñais e culturais das parroquias. Idéntica valoración e interese nos merecerán as achegas e suxestións que nos faga chegar o concello de Ribadavia e, por descontado, calquera outra institución, entidade, organización ou asociación, así como a poboación en xeral.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Con todo, botamos en falta a existencia dunha obra completa e sistemática sobre a arquitectura da vila, que cubra o baleiro existente sobre o patrimonio cultural da vila. Lémbrese que o que non se coñece non se valora, ou o que é o mesmo: o que non se coñece non existe.

Para a catalogación dos bens culturais utilizaremos un modelo de ficha técnica validada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, modelo que incluímos como anexo ao presente informe. Esta ficha contén un elevado grao de información sobre cada un dos bens que van formar parte do catálogo, dados todos eles que serán de excepcional utilidade ao Concello no momento de conservar e xestionar os seus bens culturais.
As fichas que acompañarán este Catálogo fan alusión tanto a elementos individuais (edificios e construcións singulares e senlleiras) como a tipoloxías edificatorias de interese (lavadoiros, vivendas de tipoloxía tradicional, canastros, muíños, etc) que polos seus valores arquitectónicos ou culturais merecen ser conservados e legados ás xeracións, e tamén a elementos urbanísticos (espazos de interese, prazas, xardíns, escultura, elementos urbanos de interese, etc.) futuras. Uns e outros, con independencia da súa protección individual ou xenérica, gozarán dun determinado nivel de protección. Non obstante as obras a realizar nos elementos catalogados como tipoloxías edificatorias de interese, a diferenza dos demais bens que integran o catálogo, unicamente precisarán da autorización municipal, actuando a Consellería de Cultura como organismo consultivo. Esta incorporación realizarase, tanto no texto como nos planos do futuro documento, onde será indicada a localización de todos os catalogados.
Para a protección do contorno dos bens protexidos, dentro dos cales é necesario o informe preceptivo e vinculante da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico, fixarase unha franxa a delimitar nos planos de ordenación, e no caso de non estar grafitada a unha distancia medida desde o elemento ou vestixio máis exterior do ben que protexese, o entorno de protección (baseándose no artigo 30 das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais) será de:

- 50 metros, cando se trate de elementos etnográficos inventariados (hórreos, cruceiros, petos , etc.).
- 100 metros, cando se trate de elementos de arquitectura relixiosa (conxuntos parroquiais, igrexas, capelas, santuarios, cemiterios, etc.), arquitectura civil (edificios singulares, pontes, fontes, etc.) e outros elementos inventariados.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Nos elementos catalogados e no seu entorno de protección, unicamente serán admitidos aqueles usos e construcións enumerados no artigo 194 da Lei do Solo de Galicia e os enumerados no artigo 10 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia, mentres non se redacte o planeamento correspondente, sendo preciso o informe previo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico, que terá carácter preceptivo e vinculante respecto ás condicións físicas que sexan requiridas para garantir a harmonización coas características dos bens protexidos.

Os ditos bens e os ámbitos respectivos de protección figurarán reflectidos graficamente e nos planos de Ordenación a escala 1/5.000 e 1/2.000, sendo identificados en base a unha clave alfanumérica.

#### 4.4.3.3. A RESPECTO DO MODELO TERRITORIAL DOS ASENTAMENTOS DE POBOACIÓN.

Unha das cuestións fundamentais á hora de plantexarse a ordenación territorial (referímonos principalmente ao espazo existente fóra da vila, pois esta deixou xa de ser "territorio", alomenos no seu senso tradicional), é a nidia identificación da problemática existente na súa configuración actual (que coidamos que xa se ten realizado na sintética diagnose, elaborada anteriormente), e consecuentemente con elo, a definición dun modelo territorial axeitado que poida cubrir os desequilibrios e baleiros existentes na súa estruturación e poder planificar acertadamente o seu futuro a curto-medio prazo, previndo, mesmo, as posibles necesidades de espazo urbano dunha certa densidade que precisarán, con toda seguridade, os seguintes Plans Xerais (partindo, como creemos que é lóxico da premisa de que o presente PXOM non pode pretender pechar un modelo de ordenación e dar unha forma definitiva da vila, sen deixar cabida a posteriores modificacións ou interpretacións dese modelo).

Partimos da base dun planeamento anterior, cun modelo xa desfasado en orixe (segundo tivemos ocasión de sinalar na diagnose) cunha aparición de novos factores e costumes que deturpan o desenvolvemento e a relación do ser humano co seu medio.

En todo caso, o planeamento debe equilibrar e estruturar a distribución sobre o territorio de todos aqueles servizos específicos e/ou especializados (equipamentos, espazos libres, comercio, servizos administrativos, etc.) que a poboación precisa, o máis preto posible do emprazamento da súa área de actividade diaria, pero para elo é preciso un criterio que teña en conta tamén, a progresiva importancia dos sistemas e infraestruturas básicas de comunicación e as actuacións significativas no eido dotacional, comercial ou institucional como focos de atractividade, que teñen a capacidade de equilibrar ou desequilibrar a estruturación, tanto física como perceptiva de importantes áreas territoriais, por máis que o

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

planeamento teña organizada unha rede de núcleos máis ou menos definidos fisicamente e dotacionalmente, significativos a respecto do seu contorno.

De calquera xeito, o punto de partida para a estruturación do modelo é unha **distribución territorial de centralidades axeitadas en capacidade de servizo á súa área potencial de usuarios**, tentando a mellora inescusable da calidade de vida e o achegamento das dotacións o máis preto posible da poboación, mediante a organización do sistema existente de asentamentos, procurando a potenciación daqueles que dispoñan dunha marxe de flexibilidade suficiente como para ampliar a súa oferta dotacional e de servizos de xeito natural, é dicir, sen necesitar da súa reestruturación total e sen constrinxir nin restrinxir a súa capacidade de uso por parte da poboación. A tal efecto o PXOM deberá establecer as necesidades de novas dotacións, acadar o emprazamento máis axeitado das mesmas en cada zona do territorio e establecer os mecanismos para a consecución dos terreos e a posterior construción dos edificios ou acaemento dos espazos públicos, que no caso de se prever no horizonte económico do Plan, deberán conterse no seu estudo económico coas conseguintes prioridades.

Cando elo non sexa posible nas condicións pretendidas, deberanse prever áreas de expansión onde poder ampliar a oferta dotacional que complemente á existente, a ser posible na proximidade dos centros actuais, para procurar unha transición acaída e perceptiblemente asimilable por parte da poboación, establecendo os mesmos mecanismos de emprazamento e viabilidade establecidos no parágrafo anterior para as novas dotacións necesarias.

Ademais de ter en conta os efectos deturpadores das grandes actuacións xa citadas, deberase prestar especial atención á estrutura viaria que artelle ese conxunto de centralidades, pois debe representar implicitamente a organización dos centros, reflectindo nidiamente a súa estruturación. A priorización no acondicionamento axeitado das redes básicas, tanto a da rede primaria, como a de estruturante de 2º nivel, devén igualmente en peza capital e garante do desenvolvemento urbanístico e territorial, sostible e harmónico.

Outro importante factor a ter en conta é o dos límites territoriais da expansión dos asentamentos; pois amais dos impedimentos de orde legal coñecidos, existen indicadores ou barreiras que non se deben superar (reflectidas basicamente no estudo do medio natural e produtivo rural), so pena de rachar o feble equilibrio entre o espazo urbanizado apropiado xa case en exclusiva polo home, e a Natureza. Polo tanto, deberase controlar axeitadamente a extensión dos asentamentos, tendendo se elo fose preciso, a un aumento racional da densidade, nos espazos con máis capacidade de oferta de dotacións de todo tipo, necesaria para elo, sempre que non sexa preciso rachar totalmente a súa configuración para acadalo; deste xeito pódese controlar en casos puntuais a extensión superficial dos asentamentos.

Deberase prever o nivel de dotacións e infraestruturas necesarias para cubrir demandas poboacionais previsibles, atendendo tamén á súa distribución axeitada no territorio, nas escalas local e zonal, para achegalas, o máis posible á poboación, na procura da maior calidade de vida posible.

4.4.3.4. NO QUE ATINXE AOS SISTEMAS XERAIS.

*4.4.3.4.1. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓN.*

O territorio de Ribadavia ten un posicionamento equidistante e próximo a respecto de dúas das vilas máis grandes da provincia de Ourense (Carballiño e Ourense) e situada nos vales dos ríos Avia e Miño, no seu punto de mutua confluencia, por onde pasan as vías de comunicación xeral sobre o trazado topográfico da Depresión do río Miño que percorre a provincia de norte a sur, dende Ribadavia río abaixo e de leste a oeste entre Ourense e Ribadavia, lugar de paso natural das comunicacións principias en toda a comarca xa dende os primeiros emprazamentos do home neste territorio. Hase de salientar a importancia estratéxica que supón esta zona dentro das comunicacións da zona oeste da provincia de Ourense, dada a proximidade de tres infraestruturas básicas (A-52, N-120 e ferrocarril) nunha estreita franxa inferior a cincocentos metros como media (e nalgún caso inferior a 100 m.) e a escisión de dúas rotas fundamentais dende o punto de vista territorial, dunha banda á que vai dende Vigo cara a Ourense, pola Ribeira do Miño, e por outra a que accede dende a zona sur do Miño ou dende Celanova cara a Carballiño polo val do río Avia.

Dadas estas características de partida, configúrase este territorio como un cruce de camiños nunha situación estratéxica, que lonxe de perder vixencia, segue a concentrar novos roles de comunicación de primeira magnitude (tal é o caso da autovía A-52 e quizais a nova xeración de ferrocarril de alta velocidade anque xa está practicamente descartada esta alternativa a favor da que vai por Cerdedo), de xeito que no punto de confluencia de todas estas infraestruturas (preto da vila, ao norte) as isócronas (ou liñas que definen o ámbito do territorio con capacidade de achegarse ata este punto nun tempo determinado) de pouco máis dunha hora acadan case ao 50% da poboación galega, que podería achegarse ata aquí neste tempo, o que implica unha grande capacidade de oferta de servizos de todo tipo a unha importante cantidade de usuarios potenciais.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

É doado prefigurar un primeiro criterio sobre das infraestruturas de comunicación, dado que o esquema está xa consolidado e non existen moitas alternativas, alomenos a escala territorial ampla, e as melloras de pequena escala comentaranse en cada apartado concreto.

Comezando polas infraestruturas de carácter e uso básico (e case exclusivo) supramunicipal e incluso interprovincial ou estatal, a **autovía A-52,** para contrarrestar na medida do lóxico e o posible o seu efecto de fenda brutal no territorio debe potenciar paseniñamente a súa relación co territorio mellorando a súa integración no medio.

No que fai ao **ferrocarril**, a vía convencional existente vai perdendo pouco a pouco a utilización intensiva e máis próxima aos habitantes do territorio pola que pasa (no que a paradas e frecuencia de paso se refire) que tiña fai uns anos, dándose prioridade as macromagnitudes e as conexións entre grandes núcleos poboacionais, minguando paseniñamente por tanto as posibilidades de acceso e uso desta infraestrutura por parte das pequenas comunidades como a de Ribadavia debido ao seu espallamento polo territorio. Polo tanto os criterios que podemos sinalar neste eido oriéntanse á recuperación e mellora das posibilidades de uso da poboación existente no entorno territorial destas infraestruturas de xeito que se poida rendabilizar económica e socialmente a servidume e couto dos usos habituais do territorio que conleva ao trazado destes medios de comunicación inseridos nunha rede de magnitude estatal, co conseguinte efecto de fenda física no territorio, que sen chegar ás dimensións e significado da que supón a A-52 (ocupa moito menos espazo transversal e os sistemas construtivos empregados permiten unha mellor interconexión territorial entre ambas marxes) implica unha menor capacidade da administración municipal para suxerir ou forzar solucións de mellora desta infraestrutura ao paso polo seu territorio, que se poden limitar case en exclusiva á solicitude do aumento da frecuencia de acceso aos servizos que se prestan e á mellora da seguridade e facilidade de interconexións transversais respecto da vía para minguar o efecto barreira.

Esta situación acentuarase se se chega á conclusión de que a futura rede ferroviaria básica de máis alta velocidade ten que pasar por aquí (dada a configuración topográfica desta zona), aínda que se están batallando xa outras alternativas máis ao norte.

Pero xa noutro orde de magnitude, o viario realmente vertebrador das comunicacións dentro do concello son as dúas estradas principais: a **N-120 e OU-401/OU-210**, que configuran a tradicional escisión das dúas principais rotas de comunicación nesta zona da provincia: a que

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

segue de Norte a Sur pola ribeira do río Miño ata Ribadavia, que continúa cara ao Norte cara a Carballiño e a que ven dende Vigo pasando por Porriño e A Cañiza. Sobre a **estrada N-120** asentan as parroquias de Sanín, Ventosela e Ribadavia, incorporando directamente sobre ela a zona de maior implantación comercial-industrial do concello a partires da vila de Ribadavia cara a Ourense, que exerce de catalizador aportando a masa crítica. As obras periódicas de ampliación e mantemento fan que poida cumprir axeitadamente a súa función de vía colector de primeiro orde, anque co perigo de ir transformándose nunha travesía case urbana nas zonas en que atravesa os núcleos de poboación (que son os que están a crecer con maior forza) ou naquelas zonas onde se están a concentrar servizos e naves comerciais-industriais, incrementándose a inseguridade vial pola confluencia de velocidades relativamente altas e continuado trasfego de peóns e mercadorías.

Este vial ao que nos estamos a referir non só é a vía básica que comunica de sempre co exterior, senón que é tamén a arteria á que teñen que conducir todas as vías locais que levan ata o resto das aldeas e lugares de case todo o Termo Municipal.

De calquera xeito non é esta a única vía vertebradora desta zona do concello, pois no que atinxe á parte sur do Concello dos seus núcleos tradicionais, aséntanse nun vial paralelo anque distante da N-120, denominado OU-401, con trazado paralelo á liña do ferrocarril e do val do río Miño, percorrendo a parroquia de Francelos e parte da de Ribadavia.

As estradas polas que a poboación ribadaviense da zona norte se comunica co resto da comarca do Ribeiro son basicamente dúas: a **estrada OU-120,** que atravesa a parroquia de Regodeigón, Camporredondo e Esposende, e se xunta en San Clodio coa estrada anteriormente citada para achegarse ao mesmo destino: O Carballiño. Directamente asentan sobre ela unha boa parte dos núcleos das parroquias citadas, basicamente as dúas últimas.

A comunicación coa zona surleste da provincia realízase a traveso da estrada OU-403/ OU-404 que leva a Celanova, e que permite tamén a traveso da OU-402 a comunicación ao longo do río Miño en ambas direccións, pola outra banda do río respecto de Ribadavia.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto o sistema xeral de comunicacións estrutúrase segundo a seguinte relación de elementos básicos:

- A liña de ferrocarril (tramo Tui-Ourense), de titularidade estatal.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- A autovía A-52, de titularidade estatal.
- A estrada N-120, de titularidade estatal.
- Estrada OU-401, Carballiño-Ribadavia, da rede secundaria e de titularidade autonómica.
- Estrada OU-211, dende Ribadavia ata Carballiño, da rede secundaria e de titularidade autonómica.
- Estrada OU-212, dende Avión a San Cristovo de Regodeigón, da rede secundaria e de titularidade autonómica.
- Estrada OU-403, dende Ponte Castrelo a Sampaio, da rede secundaria e de titularidade autonómica.
- Estrada a Arnoia e ponte sobre o río Miño, de titularidade provincial
- Pista OUR-V-2113, de Cenlle a Valdepereira, de titularidade provincial

O resto do viario está considerado coma de sistema local.

Ao viario estatal, como é lóxico, seralle de aplicación o disposto na Lei de Estradas (Lei 22/1988, do 28 de xullo), ao viario autonómico, seralle de aplicación o disposto na Lei de Estradas de Galicia (Lei 4/1994, de 14 de setembro) e as estradas provinciais da Deputación seralle de aplicación o disposto na "Ordenanza reguladora do uso e defensa das estradas provinciais" BOP de Ourense de 7/2/02. No caso do ferrocarril será de aplicación a Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres (Lei 16/1987 do 30 de xullo e o seu regulamento de desenrolo R.D. 1.211/1990 de 28 de setembro).

Como necesidades básicas no eido das infraestruturas viarias cómpre sinalar basicamente tres:

- Dunha banda é precisa unha mellor integración da estrada N-120 ao seu paso pola vila de Ribadavia, acadando a súa sección viaria unhas características máis propias dun ámbito urbano, que se vai a reforzar como tal uso mediante o desenvolvemento urbanístico previsible dun solo urbanizable delimitado no entorno do actual tanatorio onde tamén se prevé situar o novo Centro de Saúde, como motores básicos da nova implantación no entorno da zona de Maquiáns. Precísase tamén dunha mellora das conexións e accesos á propia vila de Ribadavia, mediante a construción de alomenos tres rotondas nos tres principais accesos, que melloren a circulación viaria e a seguridade neste tramo de vía, que xa ten perdido o seu carácter de vía de gran tráfico unha vez construída a autovía A-52, polo tanto pode recuperar sen contradicións un carácter máis urbano nesta zona.

- Cómpre tamén mellorar as comunicacións coa zona surleste, con Castrelo e Celanova mediante a reestruturación da estrada autonómica OU-403, incluíndo a necesidade de trazar unha nova ponte sobre o río Miño, pois a actual é obsoleta, estreita e inaxeitada.
- Considérase necesario tamén reestruturar e mellorar a estrada OU-211 de comunicación con O Carballiño, pois serve tamén como estruturación das parroquias situadas ao norte do concello.

*4.4.3.4.2. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.*

O cumprimento dos obxectivos xerais (especialmente a mellora da calidade de vida, preservación dos recursos, do río e da terra, e potenciación da atractividade turística) conleva a necesidade de prever a construción e mellora das seguintes infraestruturas:

**a) A rede básica de abastecemento de auga.**

É preciso abordar o control sanitario regular e periódico das redes de abastecemento veciñais que aínda quedan, co fin de garantir a calidade das augas, e tratar de mellorar sensiblemente o sistema fraccionario e deslabazado de abastecemento existente para asegurar a uniformidade, a potabilidade e a calidade de subministro a todos os núcleos, cun sistema de mantemento especializado (como o que xa ten contratado o concello cunha empresa especializada para toda a rede actual de propiedade municipal) que aproveite a economía de escala para a redución de custos globais e a racionalización do emprego da auga a nivel municipal, aínda que non se plantexa a medio prazo a municipalización do servizo dos núcleos rurais.

Cómpre tamén executar a medio prazo os proxectos e previsións do Plan Director de Abastecemento e Saneamento redactado pola empresa concesionaria dos Servizos, para acadar a súa mellora integral e a súa extensión a todo o concello.

Existen tamén os tradicionais sistemas de rego, que son optimizables, pero a decadencia do uso agrario das terras non esixe a curto prazo unha excesiva racionalización do proceso, que se regula por sistemas tradicionais suficientes para o seu nivel de uso.

**b) A rede básica de tratamento de augas residuais.**

Actualmente a rede de sumidoiros da marxe dereita do río Avia está xa practicamente rematada, cubrindo a práctica totalidade dos núcleos e asentamentos de poboación situados nesa banda do río, que se conducen á Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR)

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

situada en Francelos, con características suficientemente axeitadas para as demandas futuras. Preténdese estender este servizo de colectores xerais e tratamento de augas residuais á zona territorial situada na marxe esquerda do río Avia, que é a máis poboada do resto do territorio e non posúe aínda tratamento, vertendo na actualidade, os residuos a canles fluviais sen depurar.

Na marxe dereita do Avia está xa funcionando a depuración de todos os efluentes mediante unha rede-colector que decorre parello á ribeira do río, recollendo as redes que baixan da vila e dos núcleos que se estenden por esa banda, canalizándose mediante gravidade ou pozos de bombeo (cando non se acadan as pendentes mínimas) ata as Estacións Depuradoras de Augas Residuais (EDAR) xa citada, situada en Francelos e que se sitúa no borde fluvial. A parroquia de Ventosela contará pronto cun colector e pozo de bombeo para cruzar o río Avia e conectarse co colector de borde fluvial xa citado, e o resto das parroquias (Esposende, Camporredondo e Sanín) poderán seguir ese mesmo esquema de trazado para depurar os seus vertidos, contemplándose como obxectivo a medio prazo que a empresa encargada de xestionar o saneamento dos núcleos urbanos poida asumir tamén a xestión de toda a rede de saneamento do concello para optimizar o servizo e centralizar o tratamento de residuos, contemplándose a estes efectos no EEF os investimentos necesarios para estas actuacións.

**c) Tratamento de Residuos sólidos.**

Parece fóra de toda dúbida que coas actuais esixencias medioambientais no que a tratamento de residuos sólidos se refire, un pequeno concello como o de Ribadavia non pode resolver por si mesmo e dentro do seu territorio o tratamento de lixo, e a posibilidade de facela en conxunción con outros concellos, é dicir, coa Mancomunidade dos concellos de O Ribeiro, tampouco acada unha masa crítica de poboación suficiente como para proceder ao tratamento personalizado e autoxestionado.

Polo tanto, non queda outra saída a medio prazo que a que se está a utilizar hoxe en día, isto é, o traslado dos residuos á planta que SOGAMA ten en Cerceda, a traveso da planta de transferencia situada no concello veciño de Beade.

Outro dos apartados de interese neste eido é o de residuos de obra, que está sen resolver, pero dende o Concello estase intentando dar unha resposta a estes residuos mediante á busca de localización para un vertedoiro restrinxido para materiais inertes de obras, que xeran un volume importante de residuos sen excesivos problemas de tratamento, dado que son inertes e non son agresivos co medio ambiente.

Deste xeito atallarase o problema dos vertedoiros incontrolados que existen en Ribadavia dada a inexistencia, por unha banda, dun servizo que atenda a estas necesidades, e por

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

outra banda, educación cívica suficiente na poboación como para cómprender as graves implicacións en todos os eidos destas actuacións, que deberán atallarse mediante campañas informativas e concienciadoras para a preservación dos importantes valores e recursos que están en xogo.

**d) Rede de alumeado.**

Na Diagnose indicáronse xa algunhas das deficiencias do servizo municipal de alumeado nalgunhas zonas: instalacións antigas, luminarias obsoletas, acendido manual, ausencia de equipos de medida e control, etc.

Deberase por tanto actualizar progresivamente a rede automatizando e centralizando os acendidos e apagados mediante células fotoeléctricas en función da luz ambiente, instalando os equipos de medida necesarios para controlar o consumo, detectar perdas de enerxía de baixas de subministro, actualización de luminarias e báculos para optimizar o rendemento alumínico baixando o consumo e facilitando o mantemento e as reservas de repostos e accesorios, mellorar as canalizacións tendendo ao seu soterrado con previsión de ampliacións de futuro, etc. a fin de acadar unha instalación global de alumeado, moderna, con baixo custo de explotación e de fácil mantemento e reparación.

**e) Outras redes de Servizos.**

O PXOM prevé que as outras redes de servizos –enerxía, telefonía, alumeado, etc.- decorran baixo terra sempre que sexa posible. En calquera caso, cada vez que se acometa a urbanización do viario existente de carácter xeral que non dispón dos servizos acaídos, ou se proceda a renovar eses servizos en mal estado ou cando se acometa a construción de novo viario deberase proceder a ese soterramento. Os foxos, que por regra xeral deben preverse por baixo das beirarrúas deben dispor dos servizos, de xeito que sexa doado reparar uns, sen afectar aos demais. Recomendamos un esquema semellante ao que se recolle na seguinte sección transversal:



TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

*4.4.3.4.3. NO QUE ATINXE AS DOTACIÓNS.*

Un modelo de territorio non consiste só na correcta disposición da edificación que a sociedade precisa para os distintos usos (vivenda, usos produtivos, etc.), nin na definición dos distintos sistemas de comunicación e dos espazos libres e zonas verdes que a esa sociedade precisa para o seu lecer ou de que funcionen perfectamente as infraestruturas e servizos básicos, senón tamén da correcta disposición da oferta de contenedores e espazos que baixo a xenérica expresión de dotacións equipamentais, refire ás necesidades que esa sociedade ten de formarse, manter a saúde e recibir servizos sanitarios, acceder aos bens culturais, obter servizos de carácter administrativo, practicar deporte, recibir servizos asistenciais, atender necesidades de carácter espiritual, resolver o abastecemento de bens e servizos dunha poboación e, cando un fina, dispor de servizos funerarios aquelados. E elo é así, non só polo feito en si da mellor funcionalidade desas dotacións equipamentais, senón tamén polo carácter e significación que adquiren os espazos onde se localizan esas dotacións, pois é aí, neses lugares, onde teñen lugar os encontros dos membros de toda comunidade: fóra do fogar e/ou do centro de traballo a xente atópase: no centro de estudo, nos centros onde se ofrendan servizos sanitarios, onde se practica deporte ou onde este devén en espectáculo, nas bibliotecas, museos e centros socioculturais, nos centros administrativos, nos lugares de práctica relixiosa ou nos establecementos comerciais.

Por lóxica aplastante, as necesidades equipamentais básicas (escola infantil e primaria, centro de saúde, lugar onde practicar deporte, centro de asistencia para nenos (gardería) ou lugar de atención a persoas maiores e a grupos marxinais, lugares de culto relixioso, etc. etc.) deben ter unha situación próxima aos lugares de residencia, porque se prevén para atender unha poboación localizada nun barrio ou parroquia. Velaí que este tipo de equipamentos se coñezan como equipamentos ou dotacións urbanísticas de carácter local, e teñen que estar presentes na proporción que demande a poboación do barrio, parroquia, distrito etc. Para resolver correctamente as magnitudes cuantitativas e cualitativas de cada un destes equipamentos o Plan Xeral fixa uns estándares que como mínimo teñen que se situar nos establecidos na lei urbanística aprobada polo Parlamento de Galicia (lei 9/2002, modificada pola lei 15/2004), que liga o desenvolvemento urbanístico, sobre todo o de carácter residencial, á previsión de dotacións equipamentais (10 $m^2$ de solo por cada 100 $m^2$ de edificación residencial ordenada polo planeamento). Pero, do mesmo xeito que na epígrafe anterior, no que respecta aos espazos libres e zonas verdes, agora, neste capítulo, somente nos referimos a aqueles que conforman o correspondente sistema xeral,

aqueles cuxa funcionalidade acada ao conxunto da poboación municipal ou, mesmo, a unha poboación de maior alcance, isto é, a toda ou a unha parte da poboación da área funcional de Ribadavia. Son eses equipamentos os que se integran no correspondente sistema xeral os que, a modo de fitos, de centralidade, axudan a conformar –se a súa localización é correcta- un modelo sustentable. E pola contra, a crear disfuncións e problemas, se a súa localización é incorrecta.

Evidentemente, unha moi boa parte deses equipamentos xa existen, pois se non fose así malamente se tería chegado a ter un concello habitable en condicións. E se se ten en conta que este tipo de equipamentos, en razón da súa propia esencia, son economicamente moi custosos, mala política sería andar a mudalos de sitio de cando en vez. Só cando xeran ou se prevé que xeren disfuncións abondo e deveñen en saturados, é que cabe pensar no seu traslado, substitución, reforma do seu alcance, ampliación, multiplicación, etc.

De tódolos xeitos, e tendo en conta todo o anterior, o Plan Xeral, consciente da importancia que ten esta dimensión de ordenación urbanística, entendeu que a inmensa maioría dos equipamentos do sistema xeral, xa existentes, polo de hoxe están a cubrir correctamente as necesidades para as que foron creados e, xa que logo, o PXOM mantenos decote na súa condición.

Pero o esforzo do Plan foi tentar a previsión de novos equipamentos e complexos de equipamentos desta natureza, ligándoos polo común ao propio desenvolvemento urbanístico municipal, e tentando a mellor e máis diversa localización en función de parámetros como a accesibilidade para a maior poboación posible, o acaemento da zona para o uso dotacional que alí se vai implantar, o equilibrio territorial, as mellores condicións para a xestión dos terreos, a xeración dos menores impactos (medioambientais e paisaxísticos posibles), etc. etc, criterios seguidos para a totalidade das novas implantacións, cuestión de doada comprobación, á sinxela vista dos planos e/ou á lectura das epígrafes correspondentes.

Os elementos do Sistema Xeral de Equipamentos figuran grafitados nos planos de ordenación, tanto nos que conteñen esa ordenación de xeito pormenorizado nos núcleos (a escala 1: 2000), como cos que se atopan enclavados noutras clases de solo (que aparecen grafitados a escala 1: 5000).

Tendo en conta os criterios anteriores imos a concentrarnos na exposición da proposta de novos elementos do sistema xeral de equipamentos que o PXOM considera necesarios para

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

acadar os obxectivos expostos en apartados anteriores, que estará formado polos equipamentos que de seguido se describen dentro de cada tipo de dotación.

1. ADMINISTRATIVO.

   Ao noso xuízo é suficiente o equipamento existente, aínda que deberán aumentarse os recursos humanos para atender axeitadamente aos servizos que deben prestarse, alomenos nas oficinas municipais, dado que tanto os servizos como a súa demanda irán en aumento progresivamente.

   Cómpre sinalar tamén a próxima posta en servizo do Centro Comarcal xa construídos en Ribadavia que vai a reforzar o seu carácter de capitalidade comarcal e administrativa.

2. SANITARIO.

   O equipamento neste eido pódese considerar como suficiente, pero non así o emprazamento do edificio actual, con graves problemas de inundación, polo tanto, plantéxase o seu traslado á zona sur de Ribadavia, preto da Garda Civil e a Alameda, nunha zona con boa accesibilidade (tanto dende o interior como dende o exterior) e atópase inserta no centro urbano.

3. EDUCATIVO.

   Ao noso xuízo é suficiente o equipamento existente dado o nivel de utilización e a tendencia regresiva da poboación infantil.

4. EQUIPAMENTO DEPORTIVO.

   O equipamento neste eido pódese considerar como suficiente, pois presenta un grado de accesibilidade razoable para o conxunto do termo municipal; cecais houbese que incidir na mellora dos equipamentos existentes e tamén na comenencia (que traslada a vontade manifesta da cidadanía) de construír unha piscina cuberta, prevéndose o seu emprazamento nunha ampla zona deportiva próxima ao campo de fútbol na saída norte de Ribadavia.

5. EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL.

   Ao noso xuízo é suficiente o equipamento existente, aínda que no Plan de Rehabilitación do Castelo está prevista a supresión do actual auditorio, prevéndose o seu traslado a unha zona próxima situada no linde do Casco Histórico a desenvolver nunha área de reparto como proposta estratéxica.

Tamén se prevé a posta en funcionamento do Museo do Viño no edificio cedido á Xunta de Galicia en Camporredondo, e a reestruturación xeral do Museo Etnolóxico de Ribadavia con amplos investimentos estatais.

6. EQUIPAMENTO COMERCIAL.

Cremos que non é necesaria maior oferta, pois as necesidades básicas referidas á oferta pública de espazos comerciais queda dabondo cuberta coas instalacións que a Praza de Abastos dispón; no eido privado cómpre facer mención ao comercio de todo tipo implantado na vila de ribadavia, e no medio rural as tendas tradicionais e pequenos autoservizos que se reparten polo territorio municipal, que a modo de *"bazares"* abarcan a meirande parte das necesidades da poboación.

7. EQUIPAMENTO ASISTENCIAL.

Ao noso xuízo é suficiente o equipamento existente, aínda que se pretende a reubicación do asilo nunha parcela contigua, nun edificio de nova construción máis axeitado a este uso específico, pretendendo rehabilitar o Convento como parador de turismo.

8. CEMITERIOS E SERVIZOS MORTUORIOS.

Ao pé da estrada OU-401, entre os núcleos de Francelos e Prexegueiro, o Plan Xeral establece na súa ordenación a reserva de solo necesaria para a implantación dun novo cemiterio municipal (E-5-10) dado que o de Ribadavia xa está próximo ao seu esgotamento, e a súa ubicación é privilexiada para compatibilizar con outros usos a medio prazo. No tocante á inxente demanda de instalacións que ofrezan os servizos mortuorios axeitados ás necesidades actuais, o tanatorio existente cómpre en principio coas necesidades neste eido.

9. INFRAESTRUTURAS.

Como xa se ten indicado, as infraestruturas de saneamento e depuración de residuais aínda non están rematadas sobre todo nos núcleos rurais, polo que aínda deberán ser completadas e conectadas á depuradora.

No que se refire ao abastecemento de auga é preciso mellorar a capacidade de captación do río Maquiáns a curto prazo, sendo tamén preciso aínda que a medio-longo prazo racionalizar e centralizar o abastecemento de auga dos núcleos rurais para garantir un mellor, máis estable e máis seguro subministro de auga potable,

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

principalmente mediante a mellora das instalacións veciñais existentes e/ou nova construción de depósitos, depuradoras e redes xerais de distribución acordes coa entidade e seguridade que require o servizo.

No que respecta ao ferrocarril é preciso multiplicar o servizo de cercanías e fomenta-lo uso da estación para ese e outros usos compatibles.

A respecto da estación de autobuses construída e rematada fai xa uns anos, é absolutamente preciso poñela en funcionamento canto antes, toda vez que xa se ten acadado o acordo definitivo coa propiedade para a modificación puntual do planeamento que permita regularizar a situación urbanística da estación construída, e xa está en tramitación a citada modificación puntual do planeamento.

## 10. ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.

O actual sistema de espazos libres e zonas verdes tanto dentro como fóra dos núcleos de poboación de Ribadavia ofrenda as seguintes dotacións; por parroquias:

| PARROQUIAS | DENTRO DOS NÚCLEOS | FÓRA DOS NÚCLEOS | TOTAIS |
|---|---|---|---|
| CAMPO REDONDO | 324 | 6.852 | 7.176 |
| ESPOSENDE | 1.056 | | 1.056 |
| FRANCELOS | 9.093 | 11.751 | 20.844 |
| REGODEIGON | 8.926 | | 8.926 |
| RIBADAVIA (S. DOM. FÓRA) | 490 | | 490 |
| RIBADAVIA (S. DOMINGOS) | 94.341 | | 94.341 |
| SANIN | 1.124 | | 1.124 |
| VENTOSELA | 24.764 | | 24.764 |
| **TOTAIS** | **140.120** | **18.603** | **158.723** |

En termos exclusivamente cuantitativos, no conxunto das parroquias e sobre todo nos núcleos de poboación, hai unha respectable superficie de terreos dedicada a espazos libres e zonas verdes que acadan unha superficie total de 158.723 $m^2$, e que en previsión do dado poboacional estimado para o ano horizonte (5.805 residentes e 1.500 flotantes) supón un estándar de 21,72 $m^2$/hab. Este rateo, aplicado á realidade que nos ocupa, amosa unha imaxe bastante real e incluso reducida, xa que a execución do Parque Empresarial de Ribadavia comportou a previsión (aínda non executada) dunha superficie de espazo libre público de 95.108 $m^2$ (segundo medición trasladada do Plan Parcial á planimetría de PXOM) e consecuentemente con isto, o estándar de espazos libres por habitante quedaría aumentado a unha cantidade sensiblemente superior (34,74 $m^2$/hab) cando se execute esta previsión así mesmo recollida no PXOM. Por outra banda, en relación ás condicións de calidade de vida e cohesión esixidas no artigo 47 da LOUG, e referidas á previsión de

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

reservas de espazos libres en función da capacidade máxima residencial derivada do Plan Xeral, pódese xa asegurar aventurar un cómputo satisfactorio para a edificabilidade residencial actualmente executada a partires dos espazos libres existentes hoxendía, podendo obviar os novos que están propostos, que en calquera caso contribuirán a mellorar os estándares (que no caso dos espazos libres superan con creces -nun 50%- os esixidos LOUG) e a prever dotacións para a nova edificabilidade residencial prevista.

Certamente, a efectos xustificativos pode carecer de relevancia, xa que a xeneralidade ven definida legalmente a raíz do conxunto do termo municipal, pero no que á natureza propositiva que a un Plan Xeral se lle esixe, cabe salientar a dispersión das grandes áreas de espazos libres, feblemente artelladas en torno ao río Avia, e provocada, en parte, polo crecemento liñal dos asentamentos poboacionais principais, apoiado nos eixos de comunicación (estradas N-120 e OU-210) e determinados, estes últimos, polas condicións do relevo. É unha decisión e determinación fundamental do PXOM completar ese artellamento de espazos libres ao longo do río Avia para dotalos de unidade, conformando un itinerario atractivo como conxunto.

Xa que logo, neste documento se fixan as novas dotacións previstas no planeamento, seguindo este criterio denantes citado, co grao de definición necesario para que un documento destas características resulte operativo, e tratando de que durante os períodos de información pública, sexa posible a concertación precisa para o establecemento destes e doutros parámetros ordenadores concretos. De seguido se recollen os totais dos novos espazos libres propostos polo PXOM (por parroquias).

| PARROQUIAS | DENTRO DOS NÚCLEOS | FÓRA DOS NÚCLEOS | TOTAIS |
|---|---|---|---|
| CAMPO REDONDO | 12.158 | | 12.158 |
| REGODEIGON | 25.922 | 95.108 | 121.030 |
| RIBADAVIA (S. DOMINGOS) | 123.651 | | 123.651 |
| VENTOSELA | 10.911 | | 10.911 |
| **TOTAIS** | **172.642** | **95.108** | **267.750** |

Cómpre insistir no reforzo xa citado do sistema de áreas recreativas fluviais, que no decorrer do Avia, vai acollendo os principais espazos públicos abertos (Campo de fútbol de Francelos e espazos anexos, Paseo Fluvial de Ribadavia, Parque de A Veronza, O Souto e a inconexa cesión non efectiva aínda como espazo libre público do Parque Empresarial); de xeito que, en previsión das posibles áreas de desenvolvemento que respalden aos exiguos crecementos liñais dos núcleos ribeiráns (Francelos, Ribadavia e Regodeigón), se poida establecer o reforzo da súa comunicación a traveso de mallas urbanas definidas ou novos espazos públicos en solución de continuidade, habida conta, en todo momento da incompatibilidade

que conleva o desenvolvemento de actividades de tipo construtivo en zonas afectadas por lexislacións sectoriais como poidan ser a de augas e transportes terrestres. Consecuentemente con isto, o estándar de espazos libres por habitante quedaría aumentado a unha cantidade sensiblemente superior á actual (58,38 $m^2$/hab) cando se executen estas previsións recollidas no PXOM.

No cadro seguinte recóllense os totais de espazos libres tanto existentes como previstos no PXOM por parroquias.

| PARROQUIAS | ACTUAIS | PROPOSTOS | TOTAIS |
|---|---|---|---|
| CAMPO REDONDO | 7.176 | 12.158 | 19.335 |
| ESPOSENDE | 1.056 | | 1.056 |
| FRANCELOS | 20.844 | | 20.844 |
| REGODEIGON | 8.926 | 121.030 | 129.956 |
| RIBADAVIA (S. DOM. FÓRA) | 490 | | 490 |
| RIBADAVIA (S. DOMINGOS) | 94.341 | 123.651 | 217.991 |
| SANIN | 1.124 | | 1.124 |
| VENTOSELA | 24.764 | 10.911 | 35.676 |
| **TOTAIS** | **158.723** | **267.750** | **426.473** |

*4.4.3.4.4. NO QUE ATINXE Á CLASIFICACIÓN DO SOLO.*

Os criterios básicos que se seguiron para a clasificación básica do solo que figura no presente documento son os seguintes:

1. SOLO URBANO.

Clasifícase como **Solo urbano** en primeiro lugar a vila de Ribadavia, en continuidade coa súa caracterización urbanística e a clasificación do solo que xa establecían as NN. SS. Municipais vixentes, dada a especialización de usos a que se veu sometida dende sempre como capital municipal e mesmo económica de toda a comarca, xa dende a Idade Media, como sede central da comercialización do viño do Ribeiro, e a progresiva concentración de equipamentos de carácter xeral, usos especializados a nivel comarcal (como é o caso do Centro Comarcal, o Xulgado, os servizos sanitarios, servizos de emprego, axencia de Extensión Agraria, etc) e municipal, (sede dos principais servizos municipais, etc.) resultando xa secularmente a aparición de tipoloxías edificatorias propias dos núcleos urbanos, empezando polo seu Casco Histórico e estendéndose logo no seu arredor ata a configuración da vila tal e como hoxe a coñecemos, téndose estendido xa en menor medida e intensidade, aos núcleos rurais máis próximos, engulidos xa ou influenciados por ese continuo urbano que

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

se estende polo viario principal que parte dende a propia vila, tal é o caso de Francelos, San Cristovo ou Sampaio – Valdepereira – que se van a manter tamén como solo urbano, tal e como se clasifican nas NN.SS.MM.

Pódese reforzar aínda máis a súa función de capitalidade consolidando eses usos e tipoloxías, e para servir de punto de apoio a outros usos que se poidan desenvolver no seu entorno, caracterizado por unha magnífica cota de accesibilidade mediante calquera medio de transporte terrestre. En resume, trátase de consolidar a súa centralidade para que poida servir como punto de apoio e atracción, para novos usos residenciais e comerciais a nivel intermunicipal ou comarcal, que axude tamén a revitalizar o seu entorno rural.

O mesmo se pode dicir deses outros núcleos satélite (por proximidade e vinculación) que se clasifican tamén como urbanos a respecto da súa revitalización, potenciación e mellora da calidade de vida e aumento de dotacións públicas como obxectivos básicos que debe acadar o Planeamento.

En todos os casos estudiáronse as zonas de borde dos núcleos nas N.S.M. para incorporar aos núcleos zonas que xa están consolidadas, así como aquelas zonas suxeridas polos veciños na participación pública que cumpran as condicións que para o solo urbano establece a LOUG, tendo en conta que a baixa dinámica poboacional e a falta de consolidación ou xestión de zonas valeiras ou solares nunha alta porcentaxe dentro da delimitación das N.S.M. non permite moita marxe de xustificación de grandes ampliacións do solo urbano. De calquera xeito, o informe previo da CPTOPT obrigou a reducir a extensión do solo urbano e mesmo a súa cualificación alí onde non se podía xustificar axeitadamente.

Cómpre tamén dentro do solo urbano establecer as dúas categorías básicas de solo: consolidado e non consolidado, para elo atenderemos á definición que a este respecto establece a LOUG no seu Art. 12, de xeito que se integraron en solo urbano consolidado os soares e parcelas (que non estean incluídos en figuras de planeamento secundario para reparto de cargas e beneficios ou fins semellantes) que dispoñan dun grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, e que no caso de que non sexan aínda soares poidan acadar esta condición mediante obras accesorias e de escasa entidade. O resto do solo urbano que non cumpra estas premisas, ou que se atope nos casos citados no art. 12b) da LOUG, foi clasificado ou incluído na categoría de solo urbano non consolidado.

A ordenación polo miúdo do solo urbano baséase na que establecen as N.S.M. nos ámbitos de solo urbano consolidado que establece o P.X.O.M, alomenos no que se refire as aliñacións exteriores da edificación, pois no caso das alturas e fondos edificatorios as ordenanzas xenéricas das NSM producían en moitos casos disfuncións ou excesos de volume en zonas con viarios que non podían soportar tal intensidade edificatoria, polo tanto

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

nestes casos aplicáronse parámetros máis razoables tendo en conta tamén a realidade construída. Así mesmo aplicáronse os criterios e as delimitacións de protección do Casco Histórico de Ribadavia segundo as condicións que establecía o PEPRI, que tamén regulan a altura máxima das edificacións nesas zonas de protección ou cautela.

Procédese tamén a reestruturar o viario urbano básico para resolver distintas disfuncións de comunicación, acceso, aparcamento, etc. establecéndose trazados indicativos naquelas zonas de solo urbano non consolidado que non se ordenan detalladamente, aos efectos de garantir o funcionamento desa rede básica de comunicacións.

A ordenación das áreas de reparto responde a criterios de prioridade, definíndose a ordenación detallada daquelas situadas en zonas estratéxicas do núcleo onde se pretenden acadar obxectivos concretos ou onde o PXOM estima necesario definir con precisión esa ordenación para rematar pezas urbanas significativas, ou onde é precisa a consecución de dotacións ou espazos libres de determinadas características que é preciso concretar graficamente.

Así mesmo tratáronse de resolver as cuestións relativas á problemática urbanística que nos núcleos urbanos xa se tiñan detectado na información urbanística, basicamente a respecto das implantacións industriais, as infraestruturas, as dotacións, o catálogo e as ordenanzas urbanísticas.

Por outra banda, clasificáronse como solo urbanizable aquelas zonas de expansión natural dos núcleos urbanos, xa parcialmente edificadas, que foron cuestionadas no informe da CPTOPT e que poden acadar esa condición, segundo as condicións sinaladas na LOUG (núcleos de San Cristovo, Ribadavia e Sampaio), mantendo como solo urbano as partes destes núcleos que si poden ser xustificadas como tais.

## 2. SOLO DE NÚCLEO RURAL

Aínda que a LOUG plantexa certas incongruencias na definición urbanística e nas condicións de clasificación dos núcleos rurais -basea a súa existencia no mantemento de edificacións tradicionais, que non sempre se teñen conservado ata hoxe e que, aínda no caso de existir, desvirtuáronse ata perder tal condición, por mor de obras de reforma e/ou ampliación- isto non significa que non existan, pois os núcleos responden, na realidade, a outro tipo de regras de evolución. A condición de tradicionalidade sumada á de consolidación esixida do 50% fai que sexa realmente difícil aos ollos estritos da lei a existencia lexislativa ou xustificación urbanística dos núcleos rurais que, sumado ao establecemento de límites dimensionais de expansión (200 m.), deixan sen cobertura estrita a moitas zonas dos núcleos existentes, sen

unha alternativa real de clasificación, dado que tampouco acadan a condición urbanística de núcleos urbanos.

Cunha interpretación máis racional da LOUG fíxose unha proposta máis axeitada á realidade territorial que permite resolver as cuestións urbanísticas fundamentais dos núcleos de poboación, pero non foi aceptada, e de feito foi cuestionada no informe previo da CPTOPT.

Clasifícanse como **Solo de núcleo rural** os terreos que se inclúen no ámbito dos núcleos desta natureza que delimitaban as N.S.M. e que ratifica o propio Plan Xeral, partindo daquela delimitación básica contemplada nas N.S.Municipais, incluíndo algúns núcleos que non se tiñan delimitado, e ampliando a súa extensión naquelas zonas que se consolidaron recentemente con edificacións ou servizos ou en previsión da súa expansión, segundo establece a LOUG. En calquera caso o criterio fundamental para a delimitación dos núcleos foi o de reservar o terreo suficiente (dentro dos límites legais establecidos) para permitir a preservación de usos edificatorios naquelas zonas onde aínda non se ten edificado e son aproveitadas para outros usos produtivos (agrícolas, forestais, etc.). Deste xeito preténdense rendabilizar os servizos urbanísticos e de todo tipo que se prestan aos núcleos, eliminando á súa vez os impactos ambientais producidos polo espallamento indiscriminado de edificacións, cuestión esta que xa regula con notable rigorosidade a nova lexislación galega (LOUG).

No que se refire á restrición que se solicitaba no informe previo da CPTOPT a respecto do núcleo de Franqueirán, cómpre sinalar que se trata dun núcleo con máis edificacións tradicionais das que se sinalaban (que estaban mal identificadas no documento anterior, polo tanto procédese á súa localización exacta na presente entrega do PXOM), polo tanto, estímase que se xustifica suficientemente a delimitación inicial deste núcleo. As fotos individualizadas que identifican cada unha das edificacións tradicionais existentes (non identificadas no no documento anterior) no citado núcleo e o correspondente plano de situación se recollen no seguinte apartado.

## 3. SOLO URBANIZABLE.

O solo urbanizable previsto polo presente PXOM correspóndese con todos os terreos do Termo Municipal que o Plan non clasifica como Solo de Núcleos Rurais, nin como solo Rústico. En consecuencia, e tal como o considera a Lei 9/2002 (nisto, igual a 6/1998, do Estado) o Solo Urbanizable é un solo que, en certa medida, ven ter un carácter residual no seu uso e características actuais. É aquel que non é ningunha das outras clases de solo previstas no ordenamento xurídico vixente.

Pero dito isto hai que subliñar que a lexislación aplicable categoriza tamén este tipo de solo. O presente Plan recolle algunha desas categorizacións, como imos ver. En teoría son dúas

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

as categorías establecidas legalmente: o solo urbanizable delimitado e o solo urbanizable non delimitado (que, coas diferenzas de tempo e lugar poderíanse equiparar ao solo programado e non programado doutros ordenamentos).

O Plan Xeral, entendeu como de transformación estratéxica e prioritaria sectores de solo urbanizable por diversas razóns: expansión estratéxica e ordenada de usos necesarios (que polas razóns que máis adiante se explicarán non se poden desenvolver noutros tipos de solo ou noutras zonas do territorio), obtención de dotacións urbanísticas senlleiras, etc. e, nese senso, emprendeu conversas cos propietarios do solo deses sectores prioritarios de cara a concertar a programación do desenvolvemento urbanístico (a realizar polo concello e pola Administracións en exclusiva polas razóns estratéxicas e prioritarias que se sinalarán).

Os sectores considerados como non urxentes e prioritarios (a desenvolver despois do primeiro cuadrienio) polo Plan, ou aqueles nos que a iniciativa particular xa os tiña parcialmente ocupados con usos edificatorios produtivos, pero que non se amosou interese e/ou vontade de desenvolver en prazos programados, clasifícanse como non delimitados para posterior desenvolvemento por medio de plans de sectorización. En todo caso, a iniciativa pública á hora de redactar o planeamento de desenvolvemento, se determina para aqueles sectores que o PXOM entende como prioritarios, todo elo conforme se expresa no documento “Estratexia de actuación e Estudo Económico”.

Porque, de calquera xeito, e en concordancia coa letra e co espírito da Lei 9/2002, o Plan entende que é co desenvolvemento do solo urbanizable como se pode garantir un desenvolvemento sostible e a calidade de vida dos seus cidadáns (artigos 46 e 47 e Exposición de Motivos III, 5). E, xa que logo, o PXOM utilizando os diversos mecanismos que o ordenamento xurídico lle confire, garante a consecución dos novos sistemas xerais (de comunicacións, de equipamentos e de espazos libres) que se precisan e os usos estratéxicos xa apuntados para facer realidade eses fins que a lei lle atribúe ao planeamento.

Aos efectos de xustificar a necesidade real do solo urbanizable para os usos concretos propostos, tal como se solicita no informe previo da CPTOPT, imos a analizar independentemente para cada uso a súa necesidade e a imposibilidade da súa resolución noutros tipos de solo.

#### 4.4.3.5. A demanda de solo para actividades produtivas comerciais-industriais

No referente tanto ás prioridades municipais como ás conversas habidas entre o Concello e diversas Administracións e con moitas das empresas que desenvolven aquí a súa

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

actividade (ou en zonas próximas), denótase unha notable demanda de solo urbanizado nesta zona para usos comerciais-industriais (e boa mostra delo é que o Parque Empresarial comezado a desenvolver polo IGVS xa ten esgotada a súa primeira fase), polo tanto o concello pretende resolver o primeiro paso, que é dunha banda solicitar a execución das restantes fases do citado Parque Empresarial do IGVS, e por outra o da clasificación de máis solo para poder habilitar o espazo necesario para atender a estas demandas.

A este respecto, e para garantir a demanda real de solo para actividades produtivas, o Concello fixo unha esculca entre as empresas existentes na zona ou aquelas que aínda sendo de fóra de Ribadavia se interesaron pola existencia aquí de solo empresarial para o desenvolvemento das súas actividades, e o resultado desa esculca foi esperanzador, denotando o gran interese que existe por acadar solo urbanizado para usos produtivos.

A previsión de solo urbanizable delimitado previsto no PXOM limítase a recoller o Parque Empresarial do IGVS, o que implica que a previsión está axustada á demanda actual para este tipo de actividades, cunha reserva proporcional para afrontar en segunda instancia tanto a ordenación daquelas zonas xa ocupadas en parte con estes usos (debese ter en conta que os ámbitos de UNDI previstos entre A Quinza e a A-52 están actualmente ocupados por varias actividades distintas que acadan máis do 30% de solo dispoñible neto para actividades empresariais), como ter reservas para cubrir as necesidades no horizonte máximo do PXOM, en función das sinerxias producidas pola 2ª e 3ª fase do Parque Empresarial (que se ten que desenvolver inmediatamente para atender ás necesidades actuais). Tamén se pretende resolver aquí (en caso necesario) e a demanda de solo urbanizado que non se pode resolver aínda nos concellos da redonda por non dispor de solo clasificado ou urbanizado.

Ademais, iniciativas endóxenas deste tipo téñense levado a cabo con gran éxito en varios concellos, mediante desenvolvementos con iniciativas propias (tanto empresariais para instalación ou ampliación de empresas, como municipais de xestión de solo e desenvolvemento a prezos asumíbeis para a estrutura económica local) e no caso de Ribadavia, xa existen estas condicións de partida polo tanto, é moi razoable que se permita iniciar este proceso na planificación do PXOM para non coutar a independencia municipal para poder establecer o seu modelo, non só territorial, senón económico e demográfico (por estar moi vinculados estes tres factores) e ademais por coherencia, xa que se coartan estes usos no resto do territorio, sen outra posibilidade de escape que a previsión de solo urbanizable industrial en terreos moi aptos para elo, como se demostrará nos apartados correspondentes da presente memoria xustificativa.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

4.4.3.6. A necesidade estratéxica de solo residencial e de vivenda protexida.

No que se refire á necesidade de solo urbanizable residencial é tremendamente difícil poder xustificar só en base á traxectoria demográfica (de certo descenso poboacional) deste concello nas últimas décadas censais, e ademais sería absurdo xustificalo só a respecto do que pasou[8], sen alternativas reais de cambio que poden acadarse mediante unha axeitada e intelixente planificación territorial integral como a que permite o presente PXOM[9], pois en moitos casos a simple vontade política ou económica de encetar procesos realmente efectivos de reactivación a tódolos niveis non sirve, se non ven acompañada da posibilidade urbanística e legal de poder plasmar esas iniciativas no territorio, que é o verdadeiro soporte que vai a permitir materializar esas iniciativas, polo tanto imos a intentar explicalo non só en función da estratexia que a respecto das actividades produtivas e das perspectivas poboacionais se están a barallar desde o goberno municipal, e que se plasman territorialmente no PXOM como modelo que debe decidir o propio concello por cuestións de oportunidade, senón tamén dende a estratexia do desenvolvemento axeitado dos núcleos urbanos, necesitados dun certo orde no seu caótico crecemento e dun remate axeitado cara ao territorio circundante.

As razóns básicas da necesidade de terreo urbanizable para satisfacer necesidades residenciais pódense resumir nas seguintes:

1- Conseguir equipamentos e espazos libres, que tanta falta fan nos núcleos urbanos sobre todo nos núcleos de Camariñas e de Arou, que mellorarán a calidade de vida da poboación do Concello camariñán, xa que non posúe un presuposto tal como para facerse cos terreos necesarios para estas dotacións. Polo tanto, é dado que o Concello está a negociar cos propietarios deses terreos, tanto na zona do Castelo na entrada da ría de Camariñas como na zona do Monte do Castro ao carón da praia de Area da Vila, para conseguir unha zona verde e equipamentais que serán fundamentais para Camariñas, baseándose no interese público.

2- Conseguir rematar a inacabada, e ás veces caótica, trama dos diversos núcleos urbanos (na súa configuración fragmentada actual) conseguindo mellorar a imaxe de

[8] Por estas razóns vaise a realizar unha proxección posibilista de poboación que se recolle no apartado de cálculo da capacidade máxima residencial da presente memoria xustificativa.

[9] E que xa se ten experimentado con notable éxito en concellos como Allariz, no que se ten conseguido invertir incluso a tendencia poboacional negativa, por non falar de todo o resto de iniciativas que derivaron nesa difícil consecución nun territorio do interior de Galicia, partindo practicamente de cero en tódolos eidos a principios da década dos 90.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

conxunto deses núcleos, á vez que se posibilita a distribución dos novos equipamentos e dotacións, coa disposicións destes urbanizables residenciais respecto a trama urbana xa existente, da forma máis axeitada posible, para permitir o acceso ás dotacións da meirande parte da poboación destes núcleos urbanos e por ende da meirande parte da poboación do concello, atendendo o dito no artigo 47,1 da LOUG "*O plan xeral deberá preve-las reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ou conxunto de dotacións urbanísticas ao servizo predominante do conxunto da poboación, do seu asentamento, mobilidade e emprego, en proporción adecuada ás necesidades da poboación,...".* Así, en cada núcleo, os urbanizables sitúanse nas zonas estratéxicas para rematar esa inacabada malla urbana e para mellorar a súa imaxe de conxunto e a súa integración, con transicións axeitadas ás características do territorio circundante aos núcleos urbanos, de evidente valía, conseguindo así preservar ese territorio exterior aos núcleos.

3- Conseguir vivendas de protección oficial nestes solos urbanizables, en condicións moi favorables (artigo 64,f da LOUG), o que pode garantir do mellor xeito posible o éxito na iniciativa de fixar poboación no Concello, sendo este o piar básico no que se pode sustentar o relanzamento deste Concello para acadar sustentabilidade económica e poboacional para inverter a tendencia regresiva das últimas décadas. Realmente se necesitan iniciativas deste tipo para redinamizar as posibilidades de acceso a vivenda e loitar contra o descenso poboacional deste Concello.

4- Resolver a clasificación do solo de zonas que nalgúns casos están xa parcialmente ocupadas pola edificación e/ou que son zonas aptas para a expansión ordenada dos citados núcleos (unha vez rexeitada no informe previo da CPTOPT a súa clasificación directa como solo urbano ou de núcleo rural), seguindo as recomendacións da CPTOPT no seu informe, sobre todo tendo en conta que o excesivo constrinximento físico, topográfico e infraestrutural do solo urbano de Ribadavia, conleva a ter que utilizar a vía de escape e de planificación racional dos núcleos urbanos que establece o art. 32.5 da LOUG por ter este concello máis do 40% do seu territorio protexido como espazo natural nas NSP de 1991.

4.4.3.7. Criterios concretos para a determinación e situación dos sectores.

Para a concreción física no territorio das reservas necesarias, segundo as necesidades expostas nos apartados anteriores, e polo tanto para a clasificación do **solo urbanizable** seguíronse, de primeiras, catro criterios:

a) O da oferta de propietarios para desenvolver este tipo de solo.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

b) O da necesidade de incrementar a oferta de solo para acubillar usos relacionados coas necesidades residenciais, ou mesmo co atractivo turístico, alí onde, habendo condicións, non había oferta, ou os usos industriais-comerciais que se pretenden orientar cara a zonas específicas do territorio (como o solo industrial xa urbanizado en San Cristovo e outros que se poidan desenvolver ata esgotar a demanda), alomenos os que poidan causar un maior impacto.
c) O remate da trama urbana existente para mellorar a imaxe de conxunto dos núcleos urbanos e permitir a apertura dun novo viario máis axeitado para os mesmos.
d) A resolución de diversos problemas coa clasificación do solo, dos núcleos rurais de poboación, onde non se acadan as condicións que a LOUG establece a este respecto para a súa consideración como tais, por superar os parámetros mínimos esixidos, mediante a delimitación de sectores ao abeiro da D.T. 13ª da LOUG refundida.

Cumprindo algunhas desas condicións, ofertáronse varias zonas por parte dos veciños no período de información pública do Avance, para usos preferentemente residenciais, pero non se teñen aínda concretado convenios ou compromisos para o seu desenvolvemento, e ademais foron cuestionados no informe da CPTOPT, polo tanto estes ámbitos iniciais volveron a clasificarse como solo rústico na meirande parte dos casos, conservando unicamente como solo urbanizable delimitado residencial o sector que podía cumprir as condicións excepcionais sinaladas na D.T. 13ª da LOUG na zona de Maquiáns, e por outra banda como urbanizable non delimitado as que se consideraron actuacións estratéxicas, dentro do PXOM, para completar a ordenación racional futura dos núcleos urbanos (dadas as posibilidades que permite o art. 32.5 da LOUG en función das limitacións por espazos naturais) e no resto de solo urbanizable xa contemplado. Polo de agora non existe ningunha oferta, pero vanse a propor as novas delimitacións que cumpren as condicións sinaladas ata agora para confirmar a súa viabilidade nas fases seguintes, aos efectos de poder cumprir os obxectivos dos puntos b) ou c), a fin de forzar a probabilidade de que durante as exposicións públicas se dean as condicións para chegar a acordos de desenvolvemento de solos deste tipo, nestes emprazamentos (ou noutros que poidan cumprir as mesmas condicións), unha vez concretadas as expectativas, de xeito que poidan proporcionar unha interesante oferta de solo urbanizado para os usos que se pretenden, que ademais incrementarán a disposición de equipamentos e de espazos libres públicos municipais, facendo especial fincapé no interese municipal en resolver a xestión e a clasificación do solo dalgunhas zonas que xa estaban delimitadas nas N.S. Municipais vixentes como solo urbanizable, incorporándose ou

adscribíndose, de ser posible a estes solos urbanizables algunhas das dotacións ou espazos libres que estaban contemplados nas N.S.M. pero sen solución para a súa xestión a fin de tratar de resolver a xestión xeral do planeamento sen un excesivo custo para o Concello, e tratar en calquera caso de avanzar no posible nos acordos de desenvolvemento para todos os solos urbanizables que se delimiten, para axilizar e facilitar a súa xestión posterior nos prazos que se estipulen, ou a xestión anticipada (cando o determine o Concello) daqueles sistemas xerais que se adscriben a estes solos urbanizables, para a súa inmediata execución.

Por outra banda, como xa se ten sinalado, clasificáronse como solo urbanizable aquelas zonas de expansión natural dos núcleos urbanos xa parcialmente edificadas que foron cuestionadas no informe da CPTOPT e que poden acadar esa condición, segundo as condicións sinaladas na LOUG (núcleos de San Cristovo, Ribadavia e Sampaio), mantendo como solo urbano as partes destes núcleos que si poden ser xustificadas como tais.

Establécense xa nesta fase os usos que se deberán desenvolver nos solos urbanizables, distinguindo basicamente entre o carácter de solo urbanizable delimitado ou non delimitado por unha banda, e os usos principais a desenvolver neles por outra banda.

No caso do solo urbanizable non delimitado establécese xa o uso de cada sector (neste caso un de uso industrial-comercial no parque empresarial e outro residencial en Maquiáns).

No caso do urbanizable non delimitado distínguese tamén analogamente entre aquelas que comportan condicionantes importantes de emprazamento e uso (os usos industriais-comerciais) daquelas que se poderán adicar a outros usos máis facilmente integrables, de xeito que as primeiras irán condicionadas ou orientadas especificamente (no seu caso) a ese uso, e no resto só poderán desenvolverse usos residenciais, hoteleiros ou turísticos (a elixir no momento en que se delimiten os sectores correspondentes) ou tamén usos comerciais ou terciarios se se xustifican convenientemente, prohibíndose como usos básicos os considerados no primeiro grupo. Os ámbitos de solo urbanizable non delimitado adicados a usos industriais-comerciais localizáronse en zonas onde xa se edificaron construcións adicadas a estes usos pero que carecen das mínimas condicións de estruturación, urbanización e servizos necesarios, condicións estas que se pretenden resolver mediante o seu desenvolvemento urbanístico conxunto, os sectores para usos residenciais no resto do territorio, pero arredor dos solos urbanos en tódolos casos e se delimita tamén un ámbito de uso hoteleiro para dar cobertura urbanística á iniciativa de construción dun hotel-balneario que permita aproveitar as grandes posibilidades que neste eido ofrecen as augas termais de Prexigueiro, as máis importantes da comarca.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Deste xeito e a modo de resume distinguiríamos as seguintes zonas:

- Solo urbanizable delimitado:
  - 1 sector para usos industriais-comerciais (Parque Empresarial pendente de urbanización).
  - 1 sector para usos residenciais en Maquiáns.
- Solo urbanizable non delimitado
  - Distínguense 5 ámbitos para usos residenciais ou hoteleiros.
  - Distínguese un ámbito para usos hoteleiros.
  - Distínguense un ámbito para varios usos posibles: residenciais, hoteleiros, terciarios ou comerciais (nestes dous últimos usos se se xustifica suficientemente a necesidade e idoneidade de emprazamento).
  - Distínguense 3 ámbitos para usos industriais comerciais

Estas zonas repártense estratexicamente no territorio municipal en zonas axeitadas para elo, onde será obxectivo dos restantes procesos de información pública o tratar de acadar os acordos precisos para a súa clasificación definitiva ou o seu cambio a urbanizable delimitado (alomenos nalgunhas delas) e nos casos en que non se detecta un interese por manter a clasificación de solo urbanizable poderase optar por outros tipos de clasificación de solo que legalmente se poidan adoptar en función da caracterización urbanística dos terreos (sempre que non se trate dalgún dos emprazamentos estratéxicos que servirán como remate axeitado da trama urbana, pois nestes casos manteranse, aínda sen existir acordos inmediatos).

A respecto dos emprazamentos elixidos para este tipo de solo, acadouse axiña a conclusión de que as mellores zonas para elo debían conxugar dous factores fundamentais:

1- Dunha banda a proximidade ao viario principal estruturante do concello; (N-120, maila OU-210, a OU-401 e a OU-406); isto tense en conta sobre todo para os urbanizables industriais (UDI-PE en San Cristovo e UNDI-1, 2 e 3 en San Paio); no caso dos urbanizables residenciais buscouse tamén a conexión co viario estruturante principal dos núcleos urbanos para garantila capacidade das redes viarias e de servizos co fin de asegurar o seu correcto funcionamento.
2- Proximidade aos núcleos urbanos, conseguindo de tal maneira a concentración da edificación en loita co espallamento, dispersión da mesma

polo territorio e conseguindo ademais que ditos urbanizables sirvan coma remate da trama urbana dos núcleos mellorando a súa imaxe de conxunto.

Esas dúas circunstancias, unidas á ausencia de un especial valor ambiental ou produtivo dos terreos, fixeron das zonas seleccionadas as mellores posibles para garantir o éxito dos obxectivos que se pretenden para recuperar dous dos puntos febles de Ribadavia: unha actividade laboral nova o suficientemente estable e forte para poder manterse no tempo e a posibilidade de manter aquí a poboación máis nova que se vai independizando e incluso poder atraer a novos habitantes desde outros puntos xeográficos ao fío da oferta laboral e de vivenda en boas condicións económicas (vivenda pública protexida ou vivenda social). O éxito desta aposta estratéxica pode permitir a inversión a curto prazo da nefasta tendencia poboacional que marcan as últimas décadas, non só en Ribadavia senón en toda a Galicia rural, polo tanto cremos suficientemente xustificada a necesidade destes solos urbanizables, tanto residencial como industrial.

Aínda así, considerando suficientemente xustificadas as propostas, e en función do informe previo da CPTOPT (limitativo a este respecto), o Concello fixo un maior esforzo aquilatando a súa capacidade de oferta de solo, aceptando reducir razoablemente o solo urbanizable inicialmente delimitado en función da demanda real, de xeito que pásase dunha oferta total inicial de 1.617.393 m² (342.378 m² delimitados e 1.275.0154 m² non delimitados) a unha de 499.761 m² (169.711 m² delimitados e 330.050 m² non delimitados), o que supón unha redución do 69,1%. Esta oferta sintetiza netamente as necesidades de Ribadavia para a próxima década de vixencia do PXOM e ademais as reservas de solo para crecemento racional dos núcleos urbanos nas dúas décadas seguintes.

## 4. SOLO RÚSTICO

No que fai **ao solo rústico,** cómpre partir da premisa de que o solo rústico non é un solo residual, senón un solo activo, imprescindible para a continuidade das colectividades que teñen o seu asento no territorio do Concello, pois en Ribadavia as principais fontes de riqueza e actividade dependen de recursos naturais (cultivos e forestais). Xa que logo, a meirande parte do seu territorio **cualificase e/ou protéxese especialmente** en virtude das súas **funcionalidades produtivas, medioambientais, patrimoniais e/ou paisaxísticas,** en función das características territoriais detectadas no Estudo do Medio Rural e que deberán preservarse e mesmo potenciar a fin de garantir ese uso (ou potencialidade, no caso de que

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

non se concrete aínda), para asegurar un futuro con posibilidades e alternativas varias sen interferencias de uso indebidas ou non desexables. Cómpre tamén evitar que se dea aquí o que ata agora son xa evidencias claras dunha tendencia nefasta: a do **espallamento indiscriminado de edificación** polo territorio para o cal é preciso potenciar convenientemente os núcleos rurais delimitados polo PXOM, segundo o novo modelo da LOUG.

De acordo co xa sinalado e co disposto no artigo 15 da Lei 9/2002 hanse seguir os seguintes criterios:

a) Cómpre distinguir con precisión dentro do solo rústico aquel solo que se debe considerar como inaxeitado para o desenvolvemento urbanístico polas súas características ou os riscos naturais ou morfolóxicos (que se cualificará como de protección ordinaria), daquel no que a función principal é o de servir de fonte de recursos da protección medioambiental (tamén recurso económico), e outros que máis adiante se especificarán, que se cualificarán todos eles como especialmente protexidos. Deste xeito poderán regularse axeitadamente os usos a desenvolver no solo rústico en función das súas características obxectivas, reservando espazos acaídos para todos os usos que sexan necesarios fóra dos núcleos de poboación (ou que non se poidan realizar nestes) e que sexan admisibles segundo a LOUG nos tipos de solo respectivos. No que se refire ao primeiro (protección ordinaria) redúcese notablemente a superficie que inicialmente se delimitaba, e mantense, polo tanto, naquelas zonas que non teñan especial valor produtivo ou natural, e que poidan servir para o emprazamento de usos vinculados ao desenvolvemento dos núcleos urbanos ou rurais non permitidos ou non recomendados noutros tipos de solo, ou como reserva de expansión deses núcleos e das zonas de actividade industrial a eles vinculados no planeamento futuro ou por novas situacións sobrevidas durante a vixencia do presente PXOM, para dar saída ao excesivo constrinximento físico dalgúns núcleos urbanos, e en aplicación do que permite o art. 32.5 da LOUG en casos como Ribadavia, coa meirande parte do territorio incluído nunha delimitación de espazo natural a protexer nas NSP de 1991. En resume, quérese dicir que estes ámbitos serán os que poidan enmarcar no futuro os posibles desenvolvementos ou necesidades non integrables nos núcleos rurais de Ribadavia en tódolos eidos (máis alá do horizonte mínimo de 8 anos do presente PXOM), e polo tanto distínguese a estes efectos do resto do solo rústico, que se protexe especialmente.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

b) Hanse ter en conta tamén as necesidades **infraestruturais,** aos efectos de concordar e delimitar as zonas de servidume en solo rústico dos diferentes tipos de infraestruturas que condicionan dalgún xeito o seu entorno segundo as ordenanzas ou lexislación que as regulan, á fin de que xa nos planos se poidan reflectir claramente os ámbitos de afección respectivos que incidirán sobre as posibilidades de uso deses espazos vinculadas, directamente, ás incompatibilidades, necesidades de mantemento ou futura ampliación das citadas infraestruturas.

c) No caso do **solo rústico de protección de augas**, o PXOM entende –máis alá, mesmo, das esixencias derivadas da lexislación aplicable- que é preciso preservar do desenvolvemento urbanístico, e tanto por razóns medioambientais, como polos riscos que conlevaría non facelo, a complexa rede de ríos, regatos, zonas húmidas e áreas con risco de asolagamento, existentes neste territorio (con forte pluviosidade e topografía propicia para a multiplicación de cursos de auga), todas aquelas áreas de solo rústico que aínda non foran absorbidos polos núcleos rurais e que se atopen nesta circunstancia. De calquera xeito, entendemos que é mellor aplicar unha protección máis estrita (o réxime deste solo rústico concreto na LOUG é máis limitativo, ao noso entender que o que se recolle na Lei de Augas fóra dos 5 primeiros metros de servidume de uso público) a un ámbito máis reducido e razoable (25 m. neste caso a cada marxe do río, en total 50 m. como mínimo) que afectar con esta clasificación a un ámbito maior (os 100 m. de policía da Lei de Augas) que case sempre ten outras potencialidades máis vinculadas a outros tipos de clasificación de solo rústico (agrícola e forestal principalmente), que verían así limitadas as súas necesidades produtivas, sobre todo tendo en conta que este ámbito territorial (ata os 100 m.) seguiría formando parte da afección da zona de policía da Lei de Augas e estaría sometida ao seu réxime de afección (que como xa dixemos é máis permisivo que o da clasificación da LOUG xa citado).

Asegurar o paso das augas cara a súa conca hidrográfica natural, preservar os ecosistemas vexetais e faunísticos das ribeiras e humedais, adaptados ás canles e zonas húmidas, conservar a calidade ambiental do medio hídrico no seu conxunto e limitar os impactos paisaxísticos que puidesen producirse nestas zonas por mor da acción antrópica desacaída –que son as razóns que, en primeira instancia, aconsellan e/ou esixen a protección-, non é contraditorio coa

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

previsión de uso e disfroite ordenado destas paraxes sempre que se deseñe acaidamente ese uso e as intervencións supoñan creación de novos artificios.

Estímase tamén que o réxime do solo no ámbito da protección desta ordenanza debe estar superposto ao que corresponda aos terreos polas súas características produtivas, ou ambientais, paisaxísticas, etc., polo tanto a protección de augas ven a complementar con maiores condicionantes a cualificación que se corresponde por aquelas outras características máis obxectivas que a proximidade a un curso de auga.

d) No caso dos **terreos forestais**, e como condición particular (ademais das condicións naturais e produtivas dos terreos) existe a obriga de aplicar esta cualificación aos terreos que sufriron algún incendio nos últimos cinco anos (art. 32.1 b) da LOUG refundida), aínda que dos dados aportados polo correspondente servizo da administración autonómica (a pesar de ter solicitado información gráfica máis precisa) non se poden situar as extensións das áreas afectadas pois a documentación recibida é un listado dunha base de dados sen posibilidade de representación gráfica, polo tanto non podemos aportar os planos informativos relativos a este aspecto nin telo en conta para a clasificación de solo por esta circunstancia.

e) No caso do **medio natural**, e en función dos dados recabados na fase de información, e no que se contempla nos documentos de referencia neste ámbito, poñamos por caso as Normas Subsidiarias Provinciais, a Rede Natura, inventario de Humidais de Galicia, o planeamento xeral municipal vixente etc, recóllense varios ámbitos con esta clasificación de solo que se xustifican máis detalladamente ao final deste apartado, e que derivan basicamente da delimitación de protección de espazos naturais que contemplan as Normas Subsidiarias Provinciais como entorno do Río Miño, que inclúen a práctica totalidade do territorio municipal.

   En calquera caso os ámbitos con esta clasificación de solo se xustifican máis detalladamente noutros apartados deste PXOM, sobre todo no Estudo do Medio Rural e no Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

f) No que se refire ao **valor patrimonial ou arqueolóxico**, a respecto da aplicación das condicións de protección que requiran estes elementos ou conxuntos e os seus entornos, realizase unha separación conceptual entre o catálogo de elementos propiamente dito e a ordenanza de solo rústico (nos casos en que deba aplicarse esta), aclarando que solo se incluíran nesta categoría de solo

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

rústico aqueles elementos que se sitúan fóra dos núcleos de poboación, e o resto de elementos patrimoniais situados noutras categorías de solo (núcleos ou solos urbanizables) regúlanse polas novas condicións específicas do Catálogo, que non implica unha determinada clasificación de solo polo simple feito de merecer protección no eido patrimonial. Polo tanto, coidamos que as proteccións de patrimonio son, non tanto as que se derivan dunha clasificación específica de solo como as derivadas dunha superposición de condicións urbanísticas específicas sobre ámbitos de potencialidades ou características englobables en clasificacións reais de solo dependentes das características obxectivas dos terreos, é dicir, que en realidade demandan unha servidume legal máis superposta ás condicións da clase de solo de que se trate.

Complementariamente, estímase tamén que o réxime do solo no ámbito da protección desta ordenanza en solo rústico debe estar superposto ao que corresponda aos terreos polas súas características produtivas, ambientais, paisaxísticas, etc., polo tanto a protección patrimonial ven a complementar a modo de transparencia e con maiores condicionantes a cualificación que correspondese por aquelas outras características máis obxectivas que a proximidade a un elemento catalogado.

g) No que se refire ao **valor paisaxístico** tense considerado que non existen aquí zonas específicas de interese paisaxístico relevante por riba do propio valor produtivo ou natural do solo, por tanto óptase simplemente por ter en conta para a clasificación de solo ese valor produtivo ou natural como factor determinante, polo tanto non se establece este tipo de protección. Non obstante, e seguindo as indicacións do informe previo da CPTOPT tense considerado que existen zonas específicas das estradas principais dende as que se poden observar interesantes vistas ou perpectivas paisaxísticas de interese relevante sobre os dous ríos principais: o Miño e o Avia. Alén destas zonas cómpre sinalar que se poden considerar, nas ordenanzas correspondentes aos espazos naturais e nas de especial protección agropecuaria, algunhas condicións de protección específica a respecto da calidade visual destes espazos, entendendo que se protexen suficientemente tódolos posíbeis valores inclusive no ámbito paisaxístico.
h) Concordar as proteccións do planeamento coa **lexislación sectorial vixente** para acadar unha integración normativa axeitada ás necesidades do que se pretende protexer.

Conforme ao disposto no artigo 32 da LOUG distínguense dúas categorías de solo rústico: rústico de protección ordinaria e rústico especialmente protexido. En función do exposto nas epígrafes anteriores deste apartado, o solo rústico de protección ordinaria delimitouse exclusivamente en zonas de contorno dos núcleos rurais e sistemas básicos de comunicación xeral que se poida admitir como reserva de ampliación de futuro deses núcleos, preservando por tanto o resto do solo rústico protexido das construcións indiscriminadas.

O solo rústico especialmente protexido divídese á súa vez en varias categorías, en función da natureza do que se pretende protexer:

- Protección agropecuaria.
- Protección forestal.
- Protección de espazos naturais.
- Protección das augas.
- Protección de infraestruturas.
- Protección para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico.

Aplicaranse unha serie de criterios máis concretos a respecto do modelo e o tratamento que o solo rústico (ou non urbanizable segundo a denominación de aquel momento) disfrutaba nas N.S.M. vixentes (redactadas cunha lexislación moito máis permisiva naquel intre), de xeito que o solo sen protección especial que é maioritario nas NSM desaparece como concepto na LOUG, e a súa equivalencia máis próxima nesta, o solo rústico de protección ordinario, vai ter unha proporción superficial moi baixa no presente PXOM a respecto de todo o solo rústico, e estará emprazado fundamentalmente no entorno dos núcleos de poboación (urbanos ou rurais), coa función primordial de reserva de expansión xa citada dos propios núcleos, dadas as importantes dificultades que a LOUG establece para o cambio de clasificación do solo rústico de protección especial, que case imposibilitan ese cambio a posteriori.

No que se refire ao solo non urbanizable especialmente protexido, nas NSM vixentes fundamentábase por tres razóns diferentes:

- A protección das cumes dos montes principais, entre as que salienta a gran superficie delimitada no Monte Santa Marta, e as menores de San Cibrao, As Picoñas e Sta. Bárbara.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- A protección das marxes dos ríos Avia (no entorno dos núcleos urbanos) e do río Miño (no entorno exclusivamente do encoro de Castrelo).
- A protección dunha zona situada ao nordeste do núcleo de Sampaio.

O PXOM vai a recoller estas zonas de protección, cos axustes de borde que sexan precisos, (principalmente nos núcleos urbanos) e vai a amplialas moito máis no resto do territorio en función dos criterios de protección que pensamos que se deben aplicar para acadar o modelo de ordenación que temos establecido para Ribadavia e o que se cita no informe previo da CPTOPT, en consonancia tamén co modelo básico de ordenación do territorio que promulga a LOUG.

Deste xeito, e para compatibilizar a excesiva delimitación de protección de espazos naturais que contemplan as Normas Subsidiarias Provinciais como entorno do Río Miño, que inclúen a práctica totalidade do territorio municipal, amplíanse as zonas de protección dos cumes dos montes englobando aquelas zonas de maior interese ambiental ou forestal de especies autóctonas, segundo o estudo do medio natural realizado para o presente PXOM.

Igualmente se establecen as zonas de protección non só do encoro de Castrelo de Miño, senón de todos os ríos existentes no concello, segundo a lexislación correspondente. Do mesmo xeito delimítanse o resto de espazos a protexer por razóns de potencialidades agrícolas ou forestais, por interese paisaxístico, patrimonial ou histórico, por necesidades infraestruturais, etc.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

### 4.4.4. TIPOS DE MEDIDAS INCLUÍDAS NO PLANEAMENTO.

Toda intervención antrópica sobre o territorio de calquera magnitude ou intensidade, xera un efecto ou impacto sobre os principais parámetros ambientais que caracterizan ao mesmo. Aínda que, tales efectos poden presentar distinto signo (positivo ou negativo) e niveis de reversibilidade (ou de recuperación das condicións ambientais preexistentes á execución da actuación).

#### 4.4.4.1. Medidas protectoras e correctoras.

O novo PXOM considerou dende as primeiras etapas de elaboración os criterios de sostibilidade e minimización de impactos como se reflexa nas seguintes determinacións:

- Cumprimento dos límites de sostibilidade definidos nos artigos 45,46,47 da Lei do solo
- Adecuación da protección dos recursos naturais a través da clasificación e cualificación do solo verificado.
- Adecuación dos solos urbanizables á capacidade de acollida para ditos solos.
- Garantir a protección do Patrimonio natural a través das medidas concretas de protección nos solos urbanizables.

#### 4.4.4.2. Catalogo de medidas de carácter xeral.

O novo PXOM considerou tamén necesario a obriga de establecer condicións de carácter xeral que se deberán cumprir durante a sa redacción a ter en conta dende as primeiras etapas de elaboración, para acadar os criterios de sostibilidade e minimización de impactos que se pretenden.

Así mesmo considerouse tamén necesaria a obriga de establecer medidas que se deberán cumprir durante o seu desenvolvemento mediante planeamento secundario, ou na redacción ou execución de proxectos de obra no seu ámbito territorial a ter en conta dende as primeiras etapas de elaboración dos respectivos plans ou proxectos, para acadar os mesmos criterios de sostibilidade e minimización de impactos, tal e como se reflexa nas seguintes determinacións, en función dos tipos de afeccións.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

*4.4.4.2.1. Medidas de deseño do planeamento*

- Incluír o ámbito de ribeira, ou as zonas con vexetación autóctona, como espazo libre e zona verde onde coincida con solos urbanizables, mantendo así o recurso natural.
- No planeamento secundario deberase ter moi en conta a proximidade dos ríos para que se tomen as medidas preventivas necesarias para evitar todo tipo de impacto a estas canles.
- Recomendamos elaborar un proxecto de axardinamento dos sistemas xerais que teña en conta criterios de biodiversidade.
- Medidas de integración paisaxística.
- Incluír un programa de vixiancia e seguimento ambiental nas fases de redacción dos proxectos de urbanización.
- Aplicar un sistema de xestión medioambiental á obra.

*4.4.4.2.2. Atmosfera.*

- Deberanse incluír medidas para minimizar a polución e a produción de ruídos.
- Humectar o solo durante as labores de movemento de terras.
- Cubrir cun toldo impermeable os camións que transporten material.
- Lavar as rodas dos camións que saian das zonas de obras e a maquinaria empregada no proceso construtivo.
- Cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto.
- Prohibición de queimar restos ou calquera tipo de material, sen a autorización correspondente.
- Evitar a realización de obras ou movementos de maquinaria fóra do período diúrno; como medida preventiva para minimizar o incremento dos niveis sonoros producidos pola maquinaria utilizada.
- Levarase a cabo o correcto mantemento da mesma que permita o cumprimento da lexislación vixente en materia de emisión de ruídos en maquinaria de obras públicas; asemade, procederase á instalación dos dispositivos antivibratorios necesarios.
- Avaliar a posibilidade de instalar placas solares para os sistemas de calefacción e auga quente.

- Controlar o cumprimento da normativa de ruídos tanto municipal como xeral.
- Deberanse verificar nas licenzas o cumprimento das limitacións de ordenanzas e normativas; regularanse os usos e horarios de actividades de acordo á lexislación vixente.

*4.4.4.2.3. Impactos sobre o relevo e os solos.*

- Balizamento dos terreos de cesión de zonas verdes e elementos de intres natural, no ámbito das zonas urbanizables durante o proceso urbanizador.
- Adecuación das urbanizacións as condición topográficas.
- Revexetación dos taludes.no espazo de tempo máis curto posible para evitar as perdas de solo.

*4.4.4.2.4. Impactos sobre a hidroloxía.*

- Adecuación das zonas de acumulación de terras de xeito que se garanta a súa estabilidade.
- Evitar a chegada de vertidos accidentais aos canles de auga.
- As instalacións de obra e parques de maquinaria localizaranse preferentemente en áreas impermeables e afastadas dos cursos de auga.
- No suposto de realizar almacenamento temporal dos residuos, mentres non sexan entregados a un xestor autorizado, localizaranse dentro da zona de obras en superficies delimitadas e sinalizadas nas que se disporán contedores e/ou calquera outros medios necesarios para evitar posibles afeccións ao solo e como consecuencia ás augas superficiais e subterráneas.
- Xestión de residuos clasificados con xestores autorizados.
- A instalación nas novas urbanizacións da rede separativa de pluviais.

*4.4.4.2.5. Impacto sobre a vexetación.*

- Balizamento da vexetación arborada non afectada polas obras para evitar a súa destrución accidental ou innecesaria.
- Conservación do manto vexetal extraído en zonas nas que se vai a actuar, para estendelo nas zonas verdes ou nos axardinamentos, mantendo mentres non se use en condicións de conservación axeitadas.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Plantacións de vexetación autóctona ou frecuente na zona nos espazos de zonas verdes e beirarrúas.
- Transplante noutros puntos próximos daqueles exemplares arbóreos de interese mellor conservados que vaian a estar afectados polas obras.
- Para a realización de cortas das especies arbóreas débese ter en conta o disposto no Regulamento de Montes, tendo que facer a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso.
- Os restos vexetais que se produzan, deberán ser xestionados axeitadamente, prevalecendo sempre a súa valorización; no caso de depositalos no terreo, deberán ser triturados e espallados homoxeneamente, para permitir unha rápida incorporación ao solo; a eliminación da vexetación da área a revexetar será sempre mediante sistema de roza que facilite a revexetación natural.
- Promover o emprego de métodos de silvicultivo non agresivos para o medio; racionalización e optimización das técnicas de rego nas zonas verdes.

*4.4.4.2.6. Fauna.*

No caso da existencia na zona de nidificación dalgunha especie protexida, será necesario informar ao servizo de protección da natureza e obrar de acordo ás recomendacións deste.

*4.4.4.2.7. Impacto sobre a paisaxe.*

- Adecuar ás edificacións as tipoloxías existentes na zona.
- Aproveitar os axardinamentos das zonas verdes para provocar apantallamentos vexetais sobre as cuncas visuais dos edificios de carácter industrial e comerciais.
- Adecuación estética do entorno das edificacións.
- Plantacións e axardinamentos evitando deixar superficies de solo sen vexetación; elección nas plantacións arbóreas de especies autóctonas frecuentes na área.

4.4.4.3. Obxectivos para o desenvolvemento do planeamento e a ordenación.

Así mesmo considerouse tamén necesaria a obriga de establecer obxectivos que se deberán acadar durante o seu desenvolvemento mediante planeamento secundario, ou na redacción ou execución de proxectos de obra no seu ámbito territorial a ter en conta dende as primeiras etapas de elaboración dos respectivos plans ou proxectos, para acadar as medidas tendentes a cumprir os criterios de sostibilidade e minimización de impactos que

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

se pretenden, tal e como se reflite nas seguintes determinacións, en función dos tipos de obxectivos a acadar.

*4.4.4.3.1. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL..*

- Garantir na medida do posible a maior continuidade espacial dos espazos verdes (Conectibilidade biolóxica) e destes cos solos rústicos de protección.
- Promover a substitución da vexetación alóctona (pinos e eucaliptos) por vexetación autóctona.
- Fomentar a plantación de vexetación arborada autóctona tanto nos espazos verdes como nas plantacións lineais nos espazos peonís ou beirarrúas.
- Retirar o manto vexetal e garantir a súa conservación para o seu posterior uso nas superficies que permanezan sen urbanizar.
- Manter a integridade da rede fluvial garantindo así o menor impacto sobre os cursos de auga.
- Preservar da acción edificatoria as zonas de cumio topográfico.

*4.4.4.3.2. PROMOVER A MOBILIDADE SOSTIBLE.*

- Creación de carrís-bici e aparcadoiros.
- Fomento da mobilidade peonil.
- Fomento da accesibilidade.
- Conectar as áreas residenciais previstas e as adxacentes sempre que sexa posible cos sistemas xerais de zonas verdes mediante sendas peonís e ou carrís bici.

*4.4.4.3.3. PROMOVER A EFICIENCIA ENERXÉTICA.*

- Previsión de instalacións de captadores solares, acumuladores e ou instalacións fotovoltaicas.
- Requirimento do uso de iluminacións de baixo consumo en espazos comunitarios interiores e exteriores.
- Configuración arquitectónica: deseño solar pasivo (zonificación interior acorde coas condicións climáticas).
- Condicións de emprazamento e de orientacións das edificacións procurando a máxima eficiencia na captación solar do aproveitamento da luz solar.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

#### *4.4.4.3.4. PROMOVER UNHA PAISAXE DE CALIDADE.*

- Crear medidas de apantallamento visual cando sexan necesarios para evitar vistas pouco integradoras dende as áreas residenciais cara ás áreas con elementos ou construcións de impacto visual notable: naves comerciais, industriais ou estradas de alta capacidade.
- Axeitar a ordenación ao fomento e preservación das cuncas visuais de interese.

#### *4.4.4.3.5. PREVENCIÓN DA EMISIÓN DE RUÍDOS E VIBRACIÓNS.*

- Instalar apantallamentos acústicos que protexan das fontes sonoras relevantes en intensidade ou molestas.
- Ordenar os usos e actividades tendo en conta os ruídos e vibracións que poidan xerar, establecendo os filtros e transicións que sexan necesarias entre eles.

#### *4.4.4.3.6. FOMENTAR A REDUCIÓN E XESTIÓN DOS RESIDUOS.*

- Fomentar entre a poboación a selección en orixe, a reciclaxe e a redución de residuos.
- Ubicación racional das illas de recollida selectiva.
- Previsión da xestión dos residuos de construción e demolición.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

### 4.4.5. APROXIMACIÓN AOS EFECTOS PREVISIBLES.

En primeiro lugar, para a identificación dos elementos vulnerables recorremos o xa dito no estudo de sostibilidade e no estudo do medio rural, para salientar os espazos de maior interese.

#### 4.4.5.1. ESPAZOS DE INTERESE E HÁBITATS PROTEXIDOS.

Para establecer as áreas de especial interese considéranse as seguintes fontes de información.

- Inventario Nacional de Hábitat
- Catálogo de humedais de Galicia
- Protección de canles (Lei de augas)
- Tipo de vexetación arbórea (3IFN)

O inventario Nacional de Hábitat desenvólvese no territorio nacional e é unha consecuencia da aplicación da directiva de Hábitat (Directiva 92/43/CEE), que considera como Hábitats naturais, as zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais. Definición que será posteriormente modificada definindo un “hábitat” como “unha extensión topográfica homoxénea nos seus compoñentes físicos e bióticos na escala do fenómeno". O concepto de hábitat mantido na directiva difire claramente do seu sentido clásico, xa que en bioxeografía considérase hábitat como o lugar onde vive unha especie.
E dentro do inventario nacional de hábitats temos no concello de Ribadavia catalogados e cartografadas os seguintes hábitats:

##### *4.4.5.1.1. Hábitats de auga doce*

Así temos protexido as comunidades acuáticas permanentes de Ranuncullion e de Callitricho-Batrachion), e as súas beiras, xeralmente lamacentas ou limosas, colonizadas por herbais nitrófilos dominados por Chenopodiaceae e/ou Bidens spp.

##### *4.4.5.1.2. Vexetación primocolonizadora*

Aparece un interesante pasteiro primocolonizador que é asignado á asociación Airo praecocis- Sedetum arenarii. Izco, J. Guitián & Amigo 1985.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

*4.4.5.1.3. Prados e herbais*

Os hábitats herbosos, que noutro tempo constituíron a base do sistema de produción gandeira atópanse na actualidade en clara regresión, ao ser substituídos por pasteiros pauciespecíficos (Dactylis, Lolium, Arhenatherum, Trifolium) no seo de novos sistemas de explotación. Por iso as biocenoses galegas, que forman parte da lista de hábitats herbosos naturais e seminaturais da Directiva Hábitat, corresponden maioritariamente a comunidades pluriespecíficas distribuídas entre medios húmidos (Nat-2000: 6410, 6420, 6430), mesófilos (Nat-2000: 6510)

*4.4.5.1.4. Bosques*

En Galicia están presentes 11 tipos de Hábitats de interese comunitario de bosques, dos cales catro son considerados como Hábitats naturais prioritarios.

Do conxunto de bosques incluídos na Directiva, os que maior extensión acadan en Galicia corresponden ás carballeiras galaico-portuguesas, constituídas por Quercus pyrenaica e frecuentemente acompañados por Quercus robur (Nat-2000: 9230), ocupando unha menor superficie os faiais (Nat-2000), os bosques pluriespecíficos de fondos de val (Nat-2000: 9180*), e os acevedos (Nat-2000: 9380).

Os bosques mediterráneos presentes no territorio galego teñen unha valoración semellante, posto que só se inclúen dentro da Directiva Hábitat, como Hábitats naturais de interese comunitario, os aciñeirais (Nat-2000: 9330), os sobreirais (Nat-2000: 9340) e os bosques relitos de teixo (Nat-2000: 9580*).

Un terceiro grupo de bosques inclúe formacións higrófilas entre as que se atopan os bosques riparios (Valeriano-Alnetum, Senecio bayonensis-Alnetum, Galio broteriani-Alnetum) e os bosques de inundación, característicos dos grandes ríos galegos, configurados por un mosaico heteroxéneo de formacións riparias (91E0*), aluviais (91F0), e excepcionalmente brañentas (91D0*).

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Mapa das zonas hábitats




*4.4.5.1.5. Catálogo de humedais de Galicia*

No Inventario de Humedais de Galicia inclúense aqueles sistemas naturais, seminaturais o artificiais que poidan ser adscritos a algún dos tipos establecidos na clasificación de humedais de Ramsar[10] e cuxo interese ambiental poida ser corroborado con calquera dos sistemas homologados internacionalmente (Ramsar[11], Directiva Aves, Directiva Hábitat,

[10]Entre as múltiples definicions de humidal, sen dubida a adoptada pola Convención sobre os Humedais (Ramsar, Irán, 1971) no seu artigo 1 é a que ten unha maior aceptación a nivel científico e legal. A DEFINICIÓN RAMSAR "Aos efectos da presente Convención son humedais as extensions de marismas, pantanos e turbeiras, o superficies cubertas de augas, sean éstas de réxime natural o artificial, permanentes ou temporais, estancadas o correntes, doces, salobres o salgadas, incluidas as extensions de auga marina cuia profundidade en marea baixa non exceda de seis metros.

[11] Os humedais son ecosistemas de capital importancia, no só porque agora escasean e esteán ameazados, senon porque realizan funcións básicas, proporcionan recursos para moitos intereses e axentes como apoio a actividades humanas e constituen un valioso patrimonio cultural e natural. Reflexo delo é que os humedais son o único gran ecosistema obxecto dun tratado internacional, o Convenio de Ramsar, elaborado fai vinte anos e

IUCN) para a caracterización da biodiversidade no ámbito dos seus compoñentes bióticos e das ecofuncións que estes realizan no sistema.

Este catálogo reseña dentro do inventario as areeiras do Avia e o encoro de Castrelo do Miño. A Ficha de localización destes espazos no IHG recolle os seguintes dados:

| Cód. IHG | Nome do húmidal | Superficie (ha) | UTM X huso 29T (m) | UTM Y huso 29T (m) |
|---|---|---|---|---|
| 1130014 | Encoro de Castrelo de Miño | 756.33 | 576724 | 4685762 |
| 1130131 | Areeiras do Avia - 1 | 0.40 | 572615 | 4685012 |
| 1130132 | Areeiras do Avia - 2 | 2.35 | 572535 | 4685059 |
| 1130133 | Areeiras do Avia - 3 | 0.91 | 572476 | 4685241 |

A súa situación indícase no seguinte plano.




TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

no cal tódolos Estados membros da UE son Partes contratantes, ágas, Luxemburgo que, na actualidade, está en proceso de selo.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

*4.4.5.1.6. Protección de canles de ríos e regatos.*

O RDL 1/2001 polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas establece no seu artigo 6 "Definicións de ribeira" unha zona de servidume de 5 m para un uso público que se regulará regulamentariamente e unha zona de policía de 100 m de anchura na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolven.

No PXOM, ademais do indicado na Lei citada establécese unha clasificación do solo de rústico especialmente protexido de augas a unha área de protección de 25 m de anchura nas ribeiras de tódolos regatos menores e de 100 m. nos ríos principais do concello (Miño e Avia) naquelas zonas en que discorran fora dos núcleos de poboación urbanos ou rurais.

4.4.5.2. AVALIACIÓN COMPARATIVA DOS EFECTOS PREVISIBLES.

A evolución previsible comparativa dos elementos vulnerables avaliando dunha banda os efectos en ausencia de intervención e por outra avaliando a intervención do presente PXOM, e o resultado pódese describir do seguinte xeito para cada tipo de elemento xa descrito con anterioridade:

| Tipo de elemento | Efectos en ausencia de intervención | Efectos pola intervención do PXOM |
|---|---|---|
| Ríos e regatos | - Progresión da contaminación das augas e vertidos dende os núcleos de poboación ou vivendas próximas.<br>- Deterioro da vexetación ripicola. | - No entorno de núcleos rurais atravesados por regatos establécense espazos libres de uso público para fomentar a súa protección, uso, mantemento e captación de investimentos públicos.<br>- Establécese graficamente o ámbito de protección e/ou clasificación do solo rústico protexido que facilita a identificación dos ámbitos protexidos.<br>- Protección paisaxística das zonas situadas entre as principais estradas e os ríos Avia e Miño.<br>- Habilitación de sendas fluviais no Avia preservando a calidade espacial e vexetacional das ribeiras para conformar parques fluviais públicos con mantemento axeitado e conservación da biodiversidade.<br>- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos os ríos. |

| | | |
|---|---|---|
| Montes e zonas forestais | - Substitución de vexetación e arborado autóctono por especies de crecemento rápido que fomentan a extensión descontrolada da broza e consecuentemente a progresión dos incendios forestais, talas masivas e frecuentes que fomentan a perda de substrato e nutrintes, substitución de grandes superficies de arborado ou mato por viñedo e outros cultivos | - Protección como solo rústico de especial protección forestal, que limita moito os usos e o tipo de arborado, para conservar as especies forestais (preferentemente as autóctonas) e as condicións da paisaxe e o terreo natural.<br>- Limitación de usos ou construcións impropias deste medio ou non vinculadas a explotación directa destes recursos. |
| Zonas de arborado autóctono | - Substitución de arborado autóctono por especies de crecemento rápido.<br>- Proliferación do mato ou broza que dificulta o acceso e o mantemento.<br>- Talas máis frecuentes ou masivas con maquinaria que deteriora o substrato territorial.<br>- Posible fomento da especulación construtiva ou urbanística nas proximidades dos núcleos de poboación.<br>- Excesivo achegamento do arborado os núcleos de poboación fomentando o perigo en caso de incendio.<br>- Ausencia de protección especifica urbanística. | - Protección como solo rústico de especial protección de espazos naturais, que limita moito os usos e o tipo de arborado, para conservar as especies autóctonas e as condicións da paisaxe natural.<br>- Evitar a proliferación de usos construtivos vinculados a explotación forestal ou cultivos.<br>- Permite a explotación máis racional do monte e a captación de recursos para zonas protexidas de espazos naturais para o seu mantemento.<br>- Permite fomentar actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, sendas peonís, explotación racional dos recursos naturais, etc. |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| | | |
|---|---|---|
| Humidais (Areeiras do Avia) | - Abandono e deterioro por posibles accións de propietarios privados dos terreos para actividades impropias destes espazos a protexer.<br>- Contaminación por vertidos ao río inmediato a este espazo (o Avia).<br>- Perda de vexetación autóctona ou substitución de especies.<br>- Movementos de terra e outras actuacións que deturpen as condicións deste espazo. | - Protección como solo rústico de especial protección de espazos naturais, que limita moito os usos, para conservar as especies vexetais, as condicións topográficas e do terreo, as singularidades deste espazo como humidal e as condicións da paisaxe natural.<br>- Establécese en todo este ámbito a súa consideración como espazos libres de sistemas xerais de uso público para fomentar a súa protección, uso, mantemento e captación de investimentos públicos recollidos no estudo económico do PXOM para a adquisición dos terreos e a súa adaptación para o seu uso como espazo público mantendo as súas características naturais.<br>- Evitar a posibilidade de usos construtivos.<br>- Permite a captación de recursos específicos para zonas protexidas de espazos naturais para o seu mantemento.<br>- Permite fomentar actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, sendas peonís, explotación racional dos recursos naturais, etc.<br>- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos o río Avia inmediato a este espazo. |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| | | |
|---|---|---|
| Humidais (Encoro de Castrelo) | - Contaminación por vertidos ao río inmediato a este espazo (o Miño).<br>- Perda de vexetación autóctona ou substitución de especies nas ribeiras.<br>- Movementos de terra e outras actuacións que deturpen as condicións destes espazos nas súas ribeiras.<br>- Realización de actividades impropias das características deste espazo ou que atenten contra os valores a protexer ou contra as especies deste hábitat. | - Protección como solo rústico de especial protección de augas de todo o encoro e nun ámbito de 100 m. a partir do limite do encoro, que limita moito os usos, para conservar as especies vexetais, as condicións topográficas e do terreo, as singularidades deste espazo como humidal e as condicións da paisaxe natural.<br>- Evitar a posibilidade de usos construtivos nas ribeiras do río.<br>- Permite a captación de recursos específicos para zonas protexidas de espazos naturais para o seu mantemento.<br>- Permite fomentar actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, actividades acuáticas, explotación racional dos recursos naturais, etc.<br>- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos o río Miño. |
| Outros espazos singulares | - Abandono e deterioro por posibles accións de propietarios privados dos terreos para actividades impropias destes espazos singulares a protexer.<br>- Contaminación por vertidos ou lixo.<br>- Perda de vexetación autóctona ou substitución de especies.<br>- Movementos de terra e outras actuacións que deturpen as condicións destes espazos.<br>- Posible fomento da especulación construtiva ou urbanística nas proximidades dos núcleos de poboación.<br>- Posible ausencia de protección especifica urbanística. | - Protección como solo rústico de especial protección do tipo que corresponda as características do espazo de que se trate, que limita moito os usos e o tipo vexetación ou de arborado, para conservar as condicións básicas dese espazo e as súas características naturais ou produtivas máis salientables.<br>- Aproveitamento das actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXOM, que permitirán reducir a contaminación e os vertidos.<br>- Evitar a posibilidade de usos construtivos impropios. |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 4.5. PLANS E DIRECTRICES XERAIS E SECTORIAIS RELACIONADAS.

A lexislación e as directivas xerais sobre sustentabilidade, espazos naturais, etc, están relacionadas e recollidas no apartado de Marco Normativo e o PXOM ten asumidas as directrices que sobre estes mesmos temas se teñen avanzado por todos os organismos internacionais e que se inclúen no correspondente apartado de criterios e directrices do PXOM. No que se refire a plans sectoriais relacionados non temos constancia de que exista ningún que afecte en concreto ao termo municipal de Ribadavia.

### 4.5.1. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO E SOBRE AS PLANIFICACIÓNS RELACIONADAS.

Para a identificación dos elementos vulnerables recorremos o xa dito no estudo de sostibilidade e no estudo do medio rural, para salientar os espazos de maior interese, que xa se relacionaron en apartados anteriores coas súas características básicas, polo tanto imos a seleccionar neste apartado aqueles espazos ou hábitats que nos parecen estratéxicos neste territorio para analizar os posibles efectos previsibles.

| Tipo de elemento | Efectos previsibles pola intervención do PXOM |
|---|---|
| Ríos e regatos | - O acondicionamento de espazos inmediatos a regatos no entorno de núcleos rurais para o seu uso como espazos libres públicos pode implicar pequenas actuacións de preparación de sendas peonís, mobiliario imprescindible para o uso público deses espazos que poden incidir minimamente nas súas condicións actuais, pero o obxectivo é manter en calquera caso as condicións naturais do espazo, sen actuacións perniciosas ou desproporcionadas que os desvirtúen, pois o obxectivo das actuacións é fomentar a súa protección, uso e mantemento axeitados.<br>- Así mesmo, a habilitación de sendas fluviais no Avia para conformar parques fluviais públicos poden incidir minimamente nas súas condicións actuais, pero o obxectivo pretendido en ultima instancia é a preservación da calidade espacial e vexetacional das ribeiras e conservación da biodiversidade.<br>- As actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXO poderán incidir nalgúns casos na instalación de condutos soterrados que incidirán minimamente nas condicións orixinais do espazo, pero permitirán conducir a contaminación e os vertidos a zonas de tratamento axeitado destes residuos para a súa depuración. |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| | |
|---|---|
| Zonas de arborado autóctono | - Non se prevén efectos perniciosos sobre estes espazos en aplicación do PXOM, dada a protección á que están sometidos, que impide actuacións ilóxicas ou desproporcionadas.<br>- O fomento de actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, sendas peonís, etc pode nalgúns casos aumentar a afluencia de persoas e visitantes en grupo a estes espazos, que poderían incidir levemente nas súas condicións, pero con efectos pasaxeiros e de curta duración en calquera caso.<br>- A explotación racional dos recursos naturais pode implicar nalgúns casos a utilización de maquinaria que pode causar deterioros puntuais do substrato territorial, pero o axeitamento destes medios ao uso e a dimensión reducida (nunca masiva) das actuacións poderá minimizar estes efectos e permitir a súa corrección natural (ou artificial en caso necesario) en curtos períodos de tempo. |
| Humidais (Areeiras do Avia) | - A habilitación de este espazo como espazo libre de sistemas xerais de uso público pode necesitar da creación de sendas fluviais para conformar un parque fluvial que poden incidir minimamente nas súas condicións actuais, pero o obxectivo pretendido en ultima instancia é a preservación das condicións xeolóxicas e topográficas así como a calidade espacial e vexetacional das ribeiras e conservación da biodiversidade.<br>- O fomento de actividades de divulgación nestes espazos, como aulas da natureza, sendas peonís, etc pode nalgúns casos aumentar a afluencia de persoas e visitantes en grupo a estes espazos, que poderían incidir levemente nas súas condicións, pero con efectos pasaxeiros e de curta duración en calquera caso. |
| Humidais (Encoro de Castrelo) | - O fomento de actividades de divulgación neste espazo, como aulas da natureza, actividades acuáticas, observación de aves, actividades deportivas limitadas, explotación racional dos recursos enerxéticos, etc pode nalgúns casos aumentar a afluencia de persoas e visitantes en grupo a estes espazos, o emprego de embarcacións e outras que poderían incidir levemente nas súas condicións, pero con efectos pasaxeiros e de curta duración en calquera caso.<br>- As actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXO poderán incidir nalgúns casos na instalación de condutos soterrados que incidirán minimamente nas condicións orixinais do espazo (en calquera caso sería en zonas afastadas da ribeira inmediata do río Miño), pero permitirán conducir a contaminación e os vertidos a zonas de tratamento axeitado destes residuos para a súa depuración.<br>- O uso enerxético do encoro pode causar maiores efectos, pero este uso non depende xa do presente planeamento xeral. |

| | |
|---|---|
| Outros espazos singulares ou estratéxicos | - Non se prevén efectos perniciosos sobre estes espazos en aplicación do PXOM, dada a protección á que están sometidos, que só permite as accións normais para os usos vinculados as potencialidades ou as condicións naturais destes espazos, impedindo actuacións ilóxicas ou desproporcionadas.<br>- Protección como solo rústico de especial protección do tipo que corresponda as características do espazo de que se trate, que limita moito os usos e o tipo vexetación ou de arborado, para conservar as condicións básicas dese espazo e as súas características naturais ou produtivas máis salientables.<br>- As actuacións para o saneamento dos núcleos recollidos no estudo económico do PXO poderán incidir nalgúns casos na instalación de condutos soterrados que incidirán minimamente nas condicións orixinais do espazo (en calquera caso sería en zonas afastadas da ribeira inmediata do río Miño), pero permitirán conducir a contaminación e os vertidos a zonas de tratamento axeitado destes residuos para a súa depuración. |

O PXOM non plantexa actuacións de gran impacto sobre o territorio como estradas ou grandes infraestruturas, e as zonas nas que se plantexa a posibilidade de desenvolvementos urbanísticos (basicamente solos urbanizables ou crecemento dos núcleos existentes) están situadas en tódolos casos no entorno inmediato e en contacto físico cos núcleos existentes, e polo tanto afastados dos espazos estratéxicos ou sensibles dende o punto de vista da sustentabilidade ou do seu intres natural, polo tanto as accións previsibles para o desenvolvemento urbanístico destes ámbitos de solo urbanizable ou dos núcleos non van a afectar a esas zonas sensibles ou estratéxicas, debendo ter en conta que as modificacións obrigadas no primeiro documento de aprobación inicial polo informe previo da CPTOPT xa eliminaron os posibles emprazamentos erróneos de propostas de desenvolvemento e obrigaron a importantes aumentos da extensión das zonas especialmente protexidas, que agora alcanzan á práctica totalidade do espazo exterior aos núcleos existentes.

De calquera xeito o proceso de crecemento, urbanización e desenvolvemento do PXOM pode provocar efectos directos sobre diversos aspectos do ambiente e do medio que convén recordar, e que se recollen nos apartados seguintes.

4.5.1.1. Accións tipo do proceso urbanizador e a súa incidencia no medio.

As actividades potencialmente impactantes ligadas a posta en marcha de novos desenvolvementos urbanísticos recóllense na seguinte táboa, elaborándose tamén unha relación das accións primarias, susceptibles de producir un impacto sobre o medio.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Impactos propios da actividade urbanizadora

| FASES | ACCIÓNS PRIMARIAS | MEDIO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | ATMOSFERA | RELEVO E SOLOS | HIDROLOXÍA | VEXETACIÓN | FAUNA | PAISAXE |
| Fase de construción | Explanacións e movementos de terra | x | X | X | X | X | X |
| | Edificios e instalacións e infraestruturas | | X | X | x | X | X |
| | obras auxiliares | x | X | X | X | X | X |
| | movemento de maquinaria | | X | X | X | X | |
| | Residuos | X | | X | X | X | X |
| Fase de explotación | Trafico | X | | X | X | X | |
| | Actividade propia da urbanización | X | | X | X | X | |
| | Servizos xerais | X | | | X | | X |

4.5.1.2. Impactos sobre á atmosfera.

- Fase de urbanización e construción, nas que, con carácter xeral cómpre considerar que:
    1. Os impactos son temporais en tanto se realizan na fase de construción.
    2. Que os impactos derivados dos escapes dos vehículos están regulados pola lexislación e é preceptivo pasar as revisións periódicas (inspección técnica de vehículos) que entre outros paramentos regula as emisións.
    3. Con respecto a xeración de ruídos nesta fase produciranse ruídos de intensidade media, propios de ditas labores urbanizadoras, especialmente pola operación de maquinaria que afectará á atmosfera, sendo este impacto de carácter puntual.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Impactos sobre a atmosfera na fase de construción

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Explanacións e movementos de terra | Escavación | Incremento das partículas en suspensión.<br><br>Xeración de ruídos | Negativo, directo,simple, sinérxico,a curto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, periódico |
| | Recheos de terra | | |
| | Voaduras e perforacións | | |
| | Demolicións de edificios que interfiran | | |
| Obras auxiliares | Iluminación | Incremento luminosidade | |
| Movemento de maquinaria | Movementos interiores | Emisións dos escapes dos vehículos.<br><br>Xeración de ruídos. | Negativo, directo,simple, sinérxico,a curto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, periódico |
| | movementos exteriores | | |
| Destrución de residuos | Queimas incontroladas | Emisións de gases nocivos | Negativo, directo,simple, sinérxico,a curto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, periódico |

- Fase de explotación

  As emisións de gases á atmosfera polo sistema de calefacción e auga quente (se son de combustión) e circulación de vehículos, son en xeral gases de efecto invernadoiro.e están relacionados tamén cos procesos de “Smog fotoquímico”.

Impactos sobre a atmosfera na fase explotación

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Trafico | Emisión de ruído vibracións e contaminantes | Emisións dos escapes dos vehículos<br>Xeración de ruídos rodadura, aerodinámicos, e funcionamento motor. | Negativo, directo,acumulativo, sinérxico,a longo prazo, persistente, irreversible, recuperable, continuo, periódico |
| Actividade xeral | Emisións de ruído, vibracións, e contaminantes | Emisións de gases nocivos<br>Xeración de ruídos | Negativo, directo,acumulativo, sinérxico,a longo prazo, persistente, irreversible, recuperable, continuo, periódico |
| | Xeración de residuos | | |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

4.5.1.3. Impactos sobre o relevo e os solos.

- Fase de urbanización e construción:

  As labores de movementos de terras e explanacións provocarán un importante impacto porque os horizontes do solo serán eliminados ou alterados total ou parcialmente, e a topografía alterada.

Impacto sobre o relevo e os solos na fase de construción

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Explanacións e movementos de terra | Rozas e despexe<br>Escavación<br>Recheos de terra<br>Voaduras e perforacións<br>Prestamos e vertedoiros | Perdida de solo fértil<br>Cambios na topografía<br>Cambios na estrutura do solo | Negativo, directo, simple, sinérxico, curto prazo, permanente, irreversible, non recuperable, continuo, estable |
| Edificios e instalacións | Construción de edificios<br>Construción das infraestruturas<br>Obras de drenaxe<br>Construción de firmes | Diminución da permeabilidade do terreo<br>Incremento da erosión por escorrenta superficial | Negativo, directo/indirecto, acumulativo, sinérxico, corto prazo, permanente, irreversible, non recuperable, continuo, estable |
| Obras auxiliares | Camiños de servizos<br>Parques de maquinaria e oficinas | Diminución da permeabilidade do terreo<br>Incremento da erosión por escorrenta superficial | Negativo, directo/indirecto, acumulativo, sinérxico, corto prazo, permanentes, irreversible, non recuperable, continuo, estable |
| Movemento de maquinaria | Movementos interiores | Diminución da permeabilidade do terreo<br>Incremento da erosión por escorrenta superficial | Negativo, directo/indirecto, acumulativo, sinérxico, corto prazo, temporal reversible, recuperable, continuo, estable |

- Fase de explotación:

Durante a fase de explotación non son previsibles ningún tipo de impactos reseñables sobre o relevo e o solo.

4.5.1.4. Impactos sobre a hidroloxía.

- Fase urbanización e construción

Impactos sobre a hidroloxía na fase de construción

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Explanacións e movementos de terra | Rozas e despexe<br>Escavación<br>Recheos de terra<br>Prestamos e vertedoiros | Alteración de drenaxes superficiais<br>Alteración de caudais subterráneos<br>Alteración da calidade da auga | Negativo, directo,simple, sinérxico,a corto prazo, permanente, reversible, recuperable, continuo, non periódico |
| Edificios e instalacións | Construción de edificios<br>Construción das infraestruturas<br>Obras de drenaxe<br>Construción de firmes | Incremento da velocidade de escorrenta<br>Alteración da calidade da auga | Negativo, directo,simple, sinérxico,a corto prazo, permanente, reversible, recuperable, continuo, non periódico |
| Obras auxiliares | Camiños de servizos<br>Parques de maquinaria e oficinas<br>Cerramentos | Incremento da velocidade de escorrenta<br>Alteración da calidade da auga | Negativo, directo,simple, sinérxico,a corto prazo, permanente, reversible, recuperable, continuo, non periódico |
| Movemento de maquinaria | movementos interiores<br>movementos exteriores | Alteración da calidade da auga | Negativo, directo,simple, sinérxico,a corto prazo, permanente, reversible, recuperable, continuo, non periódico |

- Fase de funcionamento

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Impactos sobre a hidroloxía na fase de funcionamento

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Trafico | Emisión de ruído vibracións e contaminantes | Alteración da calidade da auga | Negativo, directo, acumulativo, sinérxico, longo prazo, permanente, reversible, irrecuperable, continuo, regular |
| Actividade xeral | Emisións de ruído, vibracións, e contaminantes | Alteración da calidade da auga | Negativo, directo, acumulativo, sinérxico, longo prazo, permanente, reversible, irrecuperable, continuo, regular |
| | Xeración de residuos | | |

4.5.1.5. Impacto sobre a vexetación.

- Fase de urbanización e construción

  Todo proxecto urbanizador implica unha reordenación de usos e polo tanto unha afección a cuberta vexetal.

Impactos sobre a vexetación na fase de construción

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Explanacións e movementos de terra | Rozas e despexe | Redución da cuberta vexetal<br>Diminución da actividade vexetativa<br>Alteración de habitas | Negativo, directo, simple, non sinérxico, corto prazo, permanente, irreversible, recuperable, descontinuo, irregular |
| | Recheos de terra | | |
| | Voaduras e perforacións | | |
| | Prestamos e vertedoiros | | |
| Edificios e instalacións | Construción de edificios | Redución da cuberta vexetal<br>Diminución da actividade vexetativa<br>Alteración de habitas | Negativo, directo, simple, non sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, irregular |
| | Construción das infraestruturas | | |
| | Obras de drenaxe | | |
| | Construción de firmes | | |
| obras auxiliares | Camiños de servizos | Redución da cuberta vexetal<br>Diminución da actividade vexetativa<br>Alteración de habitas | Negativo, directo, simple, non sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, irregular |
| | Parques de maquinaria e oficinas | | |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| | | | |
|---|---|---|---|
| Movemento de maquinaria | Movementos interiores | Redución da cuberta vexetal<br><br>Diminución da actividade vexetativa<br><br>Alteración de habitas | Negativo, directo, simple, non sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, irregular |
| Destrución de residuos | Queimas incontroladas | Redución da cuberta vexetal<br><br>Diminución da actividade vexetativa<br><br>Alteración de habitas | Negativo, directo, simple, non sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable, descontinuo, irregular |

- Fase de funcionamento.

  Os impactos sobre a vexetación nesta fase derivaranse da posible contaminación evacuada polo trafico rodado ou a actividade industrial.

Impactos sobre a vexetación na fase de funcionamento.

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Tráfico | Emisión de ruído vibracións e contaminantes | Diminución da actividade vexetativa | Negativo, indirecto, simple, non sinérxico, longo prazo, permanente, irreversible, irrecuperable, descontinuo, irregular |
| Actividade industrial | Emisións de ruído, vibracións, e contaminantes | Diminución da actividade vexetativa | Negativo, indirecto, simple, non sinérxico, longo prazo, permanente, irreversible, irrecuperable, descontinuo, irregular |

### 4.5.1.6. Impactos sobre a fauna.

- Fase de urbanización e construción.

Impactos sobre a fauna na fase de construción.

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Explanacións e movementos de terra | Rozas e despexe<br>Escavación<br>Recheos de terra<br>Voaduras e perforacións | Diminución o alteración do hábitat.<br><br>Alteración de pautas de conduta por estres inducido | Negativo, directo,simple, sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable,<br>Descontinuo, irregular |

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Prestamos e vertedoiros | | |
| | Demolicións de edificios que interfiran | | |
| Edificios e instalacións | Construción de edificios | Diminución o alteración do hábitat.<br><br>Alteración de pautas de conduta por estres inducido | Negativo, directo,simple, sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable,<br>Descontinuo, irregular |
| | Construción das infraestruturas | | |
| | Obras de drenaxe | | |
| | Construción de firmes | | |
| obras auxiliares | iluminación | Diminución o alteración do hábitat.<br><br>Alteración de pautas de conduta por estres inducido | Negativo, directo,simple, sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable,<br>Descontinuo, irregular |
| | Camiños de servizos | | |
| | Parques de maquinaria e oficinas | | |
| | cerramentos | | |
| movemento de maquinaria | movementos interiores | Diminución o alteración do hábitat.<br><br>Alteración de pautas de conduta por estres inducido | Negativo, directo,simple, sinérxico, corto prazo, temporal, reversible, recuperable,<br>Descontinuo, irregular |
| | movementos exteriores | | |
| Destrución de residuos | Queimas incontroladas | | |

- Fase de funcionamento.

  Cómpre introducir un aspecto non considerado de forma expresa na táboa que son as zonas verdes, e outros espazos que finalmente poidan sustentar unha cuberta vexetal, que poden xerar novos hábitats incluso nalgúns casos mellores que os existentes, e que poden servir de acubillo efectivo á fauna. Neste caso estariamos, por tanto, nun caso de impacto ambiental positivo.

  Por tanto, o impacto global sobre a fauna, que introduce o planeamento, resulta de considerar os impactos negativos en oposición o impacto positivo provocado pola creación de novos hábitats xerados nas zonas verdes e nos espazos privados vexetados.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Impactos sobre a fauna na fase de funcionamento.

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Trafico | Emisión de ruído vibracións e contaminantes<br>Trafico rodado | Diminución o alteración do hábitat.<br>Alteración de pautas de conduta por estres inducido | Negativo, directo, simple, sinérxico, longo prazo, permanente,irreversible, continuo regular |
| Actividade industrial | Emisións de ruído, vibracións, e contaminantes<br>Xeración de residuos | Diminución o alteración do hábitat.<br>Alteración de pautas de conduta por estres inducido | Negativo, directo, simple, sinérxico, longo prazo, permanente,irreversible, continuo regular |

4.5.1.7. Impactos sobre a paisaxe.

- Fase de urbanización e construción.

| ACCIÓNS PRIMARIAS | ACCIÓNS SECUNDARIAS | TIPO DE IMPACTO | CARACTERIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Explanacións e movementos de terra | Rozas e despexe<br>Escavación<br>Recheos de terra<br>Prestamos e vertedoiros<br>Demolicións de edificios que interfiran | Redución das cuncas visuais das zonas arboradas | Negativo, directo, acumulativo, sinérxico, a corto prazo, permanente irreversible, irrecuperable, continuo. |
| Edificios e instalacións | Construción de edificios<br>Construción das infraestruturas<br>Obras de drenaxe<br>Construción de firmes | Redución das cuncas visuais das zonas arboradas | Negativo, directo, acumulativo, sinérxico, a corto prazo, permanente irreversible, irrecuperable, continuo. |
| obras auxiliares | Sinalización<br>iluminación<br>Camiños de servizos<br>Parques de maquinaria e oficinas<br>cerramentos | Redución das cuncas visuais das zonas arboradas | Negativo, directo, acumulativo, sinérxico, a corto prazo, permanente irreversible, irrecuperable, continuo. |

- Fase de funcionamento. Non se prevé ningún impacto.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 5. DESCRICIÓN DOS PROCESOS QUE SE SEGUIRAN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

## 5.1. METODOLOXÍA BÁSICA A EMPREGAR[12].

Consultora Galega prantéxase a redacción dos instrumentos de planeamento, nomeadamente, os de carácter xeral, en base a un modelo, no que respecta a metodoloxía seguida, que xa é hoxe sobradamente coñecido. Exemplos como os de Corcubión, Brión e, especialmente, Allariz, constitúen xa un paradigma en Galicia. Nos procesos que levaron a dispor de documentos urbanísticos e de ordenación nestes concellos materializáronse as bases necesarias para que un planeamento sexa algo máis que un documento morto. Esas bases pasan pola procura de:

- Unha **corporación** que marque directrices e obxectivos claros a conseguir coa redacción do planeamento; polo mesmo, que entenda o planeamento como un instrumento de planificación e desenvolvemento.
- Unha **poboación** que participe en todas as fases do proceso de elaboración e tramitación facéndose oír, para expresar necesidades, arelas, etc. sobre de algo tan importante como o escenario no que se representa a súa vida social.
- Un **equipo básico** capaz, multidisciplinar e coherente, que sexa quen de plasmar nun documento técnico, as estratexias precisas para dar cumprida satisfacción a esas necesidades e aos obxectivos marcados.

Hoxendía este prantexo metodolóxico é maioritariamente asumido polos tratadistas, mais daquela cando se acometeu por caso, o planeamento de Allariz, só uns poucos críamos nela, por térmola posto en práctica moito antes, aínda que sen éxito parello ata a experiencia alaricana, por mor de ter fallado algún dos dous primeiros requisitos: ben porque a corporación non enténdese a importancia e posibilidades de planeamento de cara a un desenvolvemento integral,ben porque non fose posible transmitir á poboación o carácter positivo, dinamizador, que pode ter un documento de planeamento ben desenvolvido na súa elaboración e ben resolto na súa tramitación.

As N.S. de Allariz foron, ao noso entender o primeiro documento de planeamento urbanístico feito en Galiza que –son palabras do Sr. Alcalde de Allariz- *"constitúe un verdadeiro documento de dinamización cultural"* entendida esta calidade na máis ampla acepción do termo, que inclúe tanto a súa calidade de instrumento de dinamización socioeconómica, isto é, de motor de desenvolvemento, como de factor de dinamización sociocultural. Con posterioridade xa nos foi máis doado aplicarmos os principios

[12] Texto extraído do Concurso no que a empresa redactora ten participado para a redacción do PXOM de Ribadavia.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

metodolóxicos e así, agora mesmo, constitúen exemplos semellantes o PXOM de A Illa de Arousa ou o PXOM do Porto do Son e mesmo de Allariz onde xa se encetou a revisión do Planeamento feito a comezos dos anos noventa.

Son todos eles, documentos de carácter tan dinámico que os fan devir en documentos vivos, que precisan, polo tanto, seren revisados máis frecuentemente do que o sería se fosen instrumentos mortos, académicos, somentes teóricos. A dinamización integral –territorial, económica, social, cultural, etc.,- provoca cambios; e no caso concreto de Allariz, os cambios foron tan fondos que superaron abondo as previsións máis optimistas, e o feito de que Ribadavia estea nunha característica semellante, cando menos no que se refire a estrutura urbana do núcleo da capitalidade e o aproveitamento dos recursos que se poden plantexar na beira dos ríos, é unha garantía máis de que o modelo alí experimentado se poida estender, potenciando deste xeito o efecto conxunto dun modelo e un proceso que permita saír do declive económico e social (que evidencian os indicadores socioeconómicos) a un Concello como Ribadavia cuns síntomas semellantes aos que amosaba Allariz a principios dos anos 90, sen esquecer que Ribadavia amosa unha actividade económica máis forte que Allariz, antes de encetarse o planeamento urbanístico, que hoxe está á vangarda do desenvolvemento social, económico e cultural de toda a provincia-, e isto tan só nunha década de aplicación do modelo.

En razón de todo elo, para a realización do PXOM de Ribadavia nos propoñemos aplicar unha metodoloxía como a utilizada nos concellos denantes citados, que se houber que resumir, sintetizaríamos no seguinte: **consideración do planeamento como instrumento de desenvolvemento socioeconómico e non como corsé ou simple regulador das condicións de uso e a edificación.**

Para elo propoñemos que a realización recaia nun equipo que, na súa consideración básica, é o mesmo que veu traballando nas experiencias máis arriquecedoras da nosa empresa, coa incorporación dalgúns profesionais novos, bos coñecedores da realidade municipal, mesmo por razóns de veciñanza.

Nun nivel de maior aproximación á concreción das características do modelo a aplicar en Ribadavia, temos que dicir que concibimos o planeamento como un **instrumento que persegue a ordenación integral** dun territorio. E iso significa que non só se debe limitar a efectuar unha ordenación física dese territorio, senón que, **baseándose na análise dos sectores económicos** (isto é, o xeito de explotar e, ao tempo, preservar os recursos, sinalando as compatibilidades, a durabilidade dos procesos produtivos, etc.), **nos da propia estrutura social** (ou sexa, da maneira en como se artella a poboación no que fai a idades, sexos, ocupación, instrución, lecer), **nos que poderíamos dicir que son factores**

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

**incidentes de carácter histórico e antropolóxico** (o cal supón averiguar cales son as constantes que transcenden o tempo, que características diferencian aos colectivos sociais que habitan nun territorio verbo dos colectivos dos territorios próximos, etc.) **pretende actuar en compasada harmonía co territorio**, é dicir, facéndoo en función das leis que rexeron e deben seguir rexendo o seu evoluir; e todo elo nunha perfecta consonancia coa súa escala.

Xa que logo, non se trata somentes de axeitar cada área a uns usos e unhas intensidades dos mesmos (cousa, de seu, xa importante), senón de conseguir unha **correcta canalización das necesidades obxectivas e tamén dos desexos, as arelas, as esperanzas e as ilusións das comunidades que habitan o territorio, no presente caso, as de todas as parroquias do Concello.**

Unha tal ordenación ten que perseguir forzosamente un **modelo** (obviamente, económico, social e territorial). Para nós, e en función tanto dos parámetros que nos ofrende o Diagnóstico, como pola propia vontade de quen ten a responsabilidade para a formulación do presente PXO, ese **modelo**, que se basea no principio de autonomía de escala, tería que reunir as **seguintes condicións:**

- ser un modelo **diverso e equilibrado**
- ser un modelo **harmónico**
- ser un modelo **sostible**
- ser un modelo **análogo co de procedencia**

A **autonomía de escala** é un principio que se opón tanto á atomización (elección puramente individual ou de pequeno grupo, pomos por caso, comunas, familias...) como a autarquía. Non se trata nin de subsistir marxinalmente nin de reproducir en Ribadavia o modelo imperante no mundo, aquí nun marco pechado. Trátase de aproveitar ao máximo as capacidades propias en concordancia coa escala (as proporcións) do territorio e da poboación que o ocupa.

O **principio de autonomía de escala**, **é a opción que se ofrenda como acaída** de cara a que **en Ribadavia** se poida **producir un desenvolvemento xeral** (económico, social, cultural...) sen que este territorio perda os riscos básicos da súa personalidade. Non se trata tanto dunha elección -que por suposto o é- como dunha esixencia. As modificacións exprementadas no territorio, tanto no que respecta ás actividades, como no que atinxe aos continentes (edificios, espazos...) onde se dan esas actividades, teñen moito máis que ver coa xeneralización da dependencia que coa autonomía de escala.

Mais, con todo, cabe pensar que non ten por que ser inevitable a reversión do modelo de dependencia. Polo que nos sabemos de Ribadavia, coidamos que xa é tempo de modificar

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

o rumbo que atisbamos estase a producir desde polo menos unha década. E nese cambio é peza senlleira **o concepto de autonomía de escala tan ligado ao concepto de desenvolvemento integral,** e tan lonxe do mero crecemento dunhas magnitudes económicas nun momento dado.

Aínda que case folga afondar en cada unha das características que conforman o modelo que coidamos máis acaído para Ribadavia, pois o concepto definidor fala de seu, coidamos que non está por demais explicar un chisco qué se quere dicir por cada unha desas condicións que se lle esixen a ese modelo que debe presidir a elaboración, formulación e aprobación do Plan Xeral.

Por un **modelo diverso e equilibrado** hai que entender aquel que ten en conta os diferentes sectores produtivos. Fronte dos modelos onde prevalece ou domina unha actividade: monocultivo agrícola ou gandeiro, especialización industrial, conversión en área turística especializada, etc., como é o caso de Ribadavia, nós entendemos que é moito máis interesante perseguir a consecución dun **modelo diverso e equilibrado**, é dicir, aquel no que as **actividades se complementan**, tiran unhas das outras, se equilibran logo do desenvolvemento mutuo.

O modelo anterior á xeira actual (caracterizada pola xeneralización do sistema urbano-industrial e postindustrial) amais de moi primario e incapaz de resistir a comparanza cos modelos ensaiados noutros territorios, deixa de ser equilibrado no intre no que se modifican as infraestruturas viarias, se introducen actividades de enclave e se xeneraliza un sistema de asentamentos espallados. Cousas, todas elas que non favorecen o desenvolvemento racional e planificado das novas funcións que trouxeron aqueles feitos. Non se produce, agás en pequenas mostras, o desenvolvemento de novos sectores produtivos e, pola contra, experimentan consecuencias negativas os propios sectores tradicionais.

A primeira esixencia, a que vimos de analisar parte da necesidade de diversificar e equilibrar os sectores produtivos de Ribadavia. Pero isto non abonda. **É preciso facelo en harmonía.** É esta, a segunda característica esencial. Non se trata de diversificar o aparato produtivo de calquera xeito; trátase de facelo seguindo o **principio da harmonía.**

Unha terceira condición, igualmente básica para o futuro de Ribadavia e a da procura da **sostibilidade do modelo.** Quere isto dicir que hai que fuxir de propoñer determinacións que favorezan situacións que tan ben define o dito popular de *"pan para hoxe, fame para mañán".* Nun mundo con capacidades tecnolóxicas limitadas, a sostibilidade era ben doada de conseguir. Pero hoxendía os medios técnicos dos que poden botar man as sociedades humanas son de tal magnitude que, se non se controlan, poden desfacer os

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

piares aparentemente sólidos de calquera economía. Dese perigo non está libre ningún sector produtivo. Pero non é privativo dos recursos tradicionais o estaren en perigo. Pensemos que unha planificación sobredimensionada dos novos recursos a explotar, pode acabar coas condicións das que tamén dispón hoxendía Ribadavia para tal explotación. Outro tanto, a previsión de usos e intensidades industriais de cara ao incremento do valor engadido dos recursos propios, ou do desenvolvemento da diversidade produtiva e a creación de emprego, que é preciso arbitrar racionalmente se non se quere danar as economías doutros sectores xa implantados.

**Para fuxir dese perigo** é polo que hai que ter en conta esa condición de **sostibilidade do modelo**, segundo a cal o importante non está en facer medrar moito o Produto Interior Bruto ou a Renda per Capita de Ribadavia, senón en desenvolver unhas actividades produtivas con posibilidade de futuro en cada presente.

O salto adiante que pode experimentar a Ribadavia nos anos vindeiros, como consecuencia do desenvolvemento de novos sectores produtivos e a maior racionalización dos existentes, non debe significar unha ruptura pura e simple co pasado.

Nós entendemos que o verdadeiro desenvolvemento nunca é un acto de ruptura co pasado, senón froito e, á súa vez, crítica del. É o subdesenvolvemento o que deriva da ruptura que trae a acrítica superposición de culturas ou de modelos socioeconómicos distintos. **O desenvolvemento que propoñemos,** baseado no máximo aproveitamento dos recursos propios (conforme ás características que vimos de analisar**), ten que vir da man dunha remodelación de estruturas**, da organización produtiva e, loxicamente, tamén do propio hábitat, e só será quen de acadar os obxectivos desexados se tal remodelación ven orientada pola interpretación creativa do pasado sendo quen de seleccionar os aspectos conservables, readaptables, remodelables e potenciables conforme ás novas perspectivas.

Do mesmo xeito que Aldo Rossi falou de **cidade análoga**, nos podemos falar de **territorio análogo** e non só en sentido físico, senón tamén cultural e ata psicolóxico. Así, a **remodelación análoga** do modelo anterior ou o de procedencia, **devén** así **noutra categoría chave** para a posta en marcha do modelo.

Todo o que vimos de dicir conleva, á súa vez, a necesidade de observar, alomenos, tres principios: a) **O principio de primar accións que poidan ser reversibles** e coutar por completo aquelas intervencións cuxa modificación sexa manifestamente difícil ou imposible; b) **o principio de globalidade**; isto é o da necesaria coherencia entre o todo e as partes; e, c) o **principio de seguridade**, aquel que sempre aconsella fuxir de perigosas

aventuras cando sexa nidia a comenencia e a oportunidade de primar accións de pequena escala.

Coidamos que con todo o que se leva dito, han aparecer máis nidios e cómprensibles os criterios xerais que sería coherente empregar e, polo mesmo, as propias determinacións do planeamento para cada porción do territorio e para cada unha das actividades nelas previstas.

De calquera xeito, todo o que antecede non couta un **feito esencial**: temos que explicitar que **Consultora Galega asume por enteiro e así se compromete, a desenvolver todos e cada un dos traballos referidos no Prego de Prescricións técnicas que rexen no concurso.**

5.1.1.1. DESCRICIÓN DE TRABALLOS A REALIZAR.

Pódese facer unha breve reseña dos traballos a realizar en orde cronolóxica:

- En primeiro lugar procederase á **toma de información** necesaria tanto a nivel global (economía, demografía, sociedade, vivendas, equipamentos, infraestruturas, ensino, historia, patrimonio catastro, etc.) como territorial, sobre a base cartográfica a escala 1/5.000 para todo o territorio e a escala 1/ 2.000 para os núcleos de poboación
- Á súa vez realizaranse todas as reunións que sexan precisas coa Administración municipal ou os representantes designados a tal efecto, a fin de intercambiar a información necesaria acerca das posibilidades, necesidades, arelas e prioridades municipais en todos os ámbitos e poder desenrolar unha **estratexia de planificación**.
- Unha vez acadada toda a información precisa elaborarase un **diagnóstico** do estado e situación global de todo o Concello, así como un modelo de actuación que se porá en coñecemento da Administración municipal, a fin de sentar as bases para a posterior elaboración dunha proposta global de actuación en todo o territorio municipal, a que se lle dará a forma gráfica e textual necesaria para a conformación dun **documento de Avance** que poida transmitir as intencións e alternativas de ordenación pretendidas ou posibles.
- Ese Avance será exposto ao público segundo os trámites legalmente establecidos polo período mínimo dun mes, durante o cal, como xa se ten indicado noutros apartados desta memoria, Consultora Galega comprométese a atender a todos os que o soliciten por parte de técnico

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

competente alomenos tres días á semana no local que o Concello habilite ao efecto .

Unha vez rematada a **exposición pública do Avance** procederase ao estudo das suxestións presentadas conxuntamente cos representantes municipais, para acadar unha resolución caso por caso que se reflite no documento de Aprobación Inicial.

- Execución do **documento completo de Aprobación Inicial**, que conterá tanto a información urbanística elaborada nas anteriores fases, que conterá como mínimo os seguintes aspectos:
  - Como base de traballo que permita a máxima precisión: cartografía e fotografía aérea actuais e pasadas, parcelario (especialmente nos núcleos).
  - Para a análise de aptitude física dos terreos: pendentes e características xeolóxicas dos solos.
  - Usos do solo, facendo especial fincapé na existencia de áreas de singularidade ou fraxilidade ecolóxica, masas arbóreas de interese, zonas de elevada capacidade produtiva do solo, restos arqueolóxicos, fitos ou sendas paisaxísticas, etc.
  - Anchos e estados de pavimentación da totalidade da rede viaria.
  - Trazado e características dos servizos de auga, saneamento, electricidade, e calquera outro.
  - Estado e características das edificacións e construcións existentes (alturas, tipoloxías, materiais, criterios compositivos, etc.); elementos construídos de interese.
  - Estudo demográfico.
  - Programas ou previsións, de calquera administración e de índole local ou supralocal, que poidan ter algunha incidencia na planificación urbanística.

Todos estes aspectos recolleranse nos seguintes **documentos de información**:

a) Memoria Informativa.
b) Estudo do Medio rural e análise de asentamentos de poboación.
c) Planos
   - Usos do solo.
   - Situación xeográfica e comarcal.
   - Pendentes e altimetría.
   - División parroquial e sistema viario.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

- Trazado e características do viario e servizos urbanísticos de abastecemento de auga, saneamento e enerxía eléctrica.
- Etc.-

Así mesmo elaborarase a **documentación de ordenación** correspondente, recollida nos seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa da proposta de ordenación, con cadros de superficies das distintas clases de solo, equipamentos, zonas verdes, sistemas xerais, etc., cumprimento dos estándares mínimos de dotacións, previsións demográficas e proxeccións no horizonte do planeamento, actuacións concertadas públicas e privadas, aptitudes das áreas previstas para o desenvolvemente urbanístico.
b) Informe de suxestións presentadas ao Avance, e sobre os informes sectoriais das Administracións competentes.
c) Normativa urbanística.
d) Catálogo de bens a protexer con fichas individuais de cada elemento.
e) Estudo económico-financieiro, con programa de actuación e orde de prioridades.
f) Planos.
    - Estrutura xeral e orgánica do territorio e sistemas xerais.
    - Ordenación xeral e clasificación de todo o termo municipal.
    - Ordenación dos núcleos de poboación.

Este último documento **deberase expor ao público**, unha vez aprobado polo pleno da Corporación polo prazo mínimo dun mes, durante o cal Consultora Galega comprométese a enviar, do mesmo xeito que na exposición do Avance, a un técnico competente que poida atender a todos os interesados no local que o Concello designe, polo menos tres días á semana no tempo que dure a exposición pública.

- Execución do **documento para Aprobación Provisional**, que ademais de conter todos os documentos da fase de Aprobación Inicial, coas correccións precisas en función das alegacións presentadas na última fase de exposición pública e os informes Sectoriais das Administracións competentes, que serán consensuados cos representantes municipais do mesmo xeito que na primeira exposición pública. Así mesmo se recollerán todas aquelas novidades ou modificacións no que atinxe aos acordos, concertos ou convenios de actuacións con entidades públicas ou privadas que teñan xurdido dende o documento anterior.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Engadirase por tanto un informe sobre as alegacións presentadas na última exposición pública e sobre os informes sectoriais emitidos polas Administracións nese intre, especificando as consecuencias destas modificacións na ordenación xeral do Plan.

- Execución do **documento refundido final** con todas as modificacións impostas pola Administración municipal ou polos informes sectoriais das Administracións competentes sobre o documento de Aprobación Definitiva, unha vez acadados os acordos necesarios con esas administracións para cumprimento de todos os seus requirimentos e unha vez emitidos os informes favorables definitivos de todas as Administracións, especificando na memoria o alcance destas últimas modificacións.

A documentación escrita integrante do PXOM será informatizada. No caso da documentación gráfica á escala 1/ 5000 e 1/ 2000 tamén se realizará en formato informático unha vez que por parte do Concello ou a Xunta de Galicia se aporte a cartografía dixitalizada a escala 1/5000.

Consultora Galega S.L., en calquera caso, comprométese a asistir a todas as reunións que convoque o Concello para analisar calquera asunto relacionado co PXOM, tanto as de carácter interno (grupos municipais, concelleiros, persoal técnico e administrativo do concello, etc.), ben as de carácter externo (veciños, empresas, outras administracións, etc.).

5.1.1.2. CALENDARIO OFERTADO NO CONCURSO DO PXOM.

Consultora Galega para a realización do traballo do PXOM de Ribadavia, e conforme ás esixencias do Prego de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas ten proposto no Concurso o seguinte Calendario[13]

**Fase primeira.** Sinatura do contrato.

**Fase segunda.** Cartografía dos núcleos de poboación (**3 meses para a súa entrega**)

2.1. Memoria descritiva da fase de saída gráfica.

2.2. Colección de orixinais sobre soporte estable, coa cartela oficial.

**Fase terceira**. **Documentación información urbanística e Avance do planeamento**:

[13] Os prazos hanse entender de tempo efectivo de elaboración non computando os períodos nos que por parte das Administracións se empreguen na análise da documentación de cada unha das fases.

3.1. Recollida de información urbanística, elaboración da documentación gráfica e escrita correspondente.

3.2. Elaboración dun anteproxecto de ordenación no que se expresen os principios xerais do Plan (obxectivos, criterios e solucións xerais).

**6 meses**

**Fase cuarta**. **Documento para aprobación inicial,** que cómprenderá:

4.1. Elaboración do documento para aprobación inicial configurado como documento completo.

4.2. Introdución nese documento das correccións ou subsanacións que, no seu caso, se puidesen derivar do Informe emitido pola CPTOPT en virtude do artigo 41.3 da Lei 1/1997.

**4 meses**

**Fase quinta**. **Estudo de Informes e Alegacións e redacción do documento para aprobación provisional**, que cómprenderá:

4.1. A elaboración do Informe Técnico sobre alegacións e Informes das Administracións Sectoriais e do documento para a emisión do informe vinculante emitido pola CPTOPT, en virtude do disposto no artigo 42,5 da Lei 1/1997.

4.2. A introdución no documento, no seu caso, das correccións ou subsanacións que se conteñan nese Informe vinculante.

**2 meses**

**Fase sexta**. **Redacción do documento refundido ou final** resultante da aprobación definitiva adoptada pola CPTOPT.

**1 mes**

**TOTAL 13 MESES**

Asemade, en aplicación da "*Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación de los efectos de determinados planes y programas en el medio ambiente*" deberase incorporar na tramitación do PXOM o proceso descrito no artigo 7 "*Avaliación ambiental"* da citada lei, co

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

obxecto de introducir no procedemento administrativo aplicable para a súa elaboración e aprobación un proceso de avaliación ambiental no que o órgano promotor integrará os aspectos ambientais e que constará das seguintes actuacións:

a) A elaboración dun informe de sostibilidade ambiental, cunha amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que será determinado polo órgano ambiental.
b) A celebración de consultas.
c) A elaboración da memoria ambiental.
d) A consideración do informe de sostibilidade ambiental, do resultado das consultas e da memoria ambiental na toma de decisións.
e) A publicidade da información sobre a aprobación do plan.

## 5.2. DESCRICIÓN DETALLADA E ACTUALIZADA DO PROCESO DE TRAMITACIÓN DO PXOM.

A descrición detallada do proceso (a excepción das actuacións dependentes do órgano ambiental –neste caso a Consellería de Medio Ambiente- derivadas da aplicación da Lei 9/2006, pois o xeito e o momento para a súa cumplimentación dependerán de ese órgano que a partires da recente entrada en vigor desta lei deberá establecer a plasmación real deses trámites en cada plan en función do seu estado de tramitación nestes intres, sendo este documento o primeiro paso na avaliación deste proceso no caso concreto do PXOM de Ribadavia) será o que se describe nos apartados seguintes (nuns casos como acontecementos xa pasados e no resto -dende o informe previo da CPTOPT, que é o momento da tramitación no que se atopa o PXOM- falaráse de tramitación futura e aínda non efectivizada).

### *5.2.1.* FASE 1-1. INFORMACIÓN E AVANCE DE PLANEAMENTO.

Seguindo os principios que conforman o urbanismo democrático e continuando a positiva experiencia urbanística e de xestión dos últimos 5 anos, o Concello de Ribadavia dende o momento de resolver a adxudicación dos traballos de redacción do PXOM, publicitou o feito e animou á poboación para que se manifestase a este respecto e fixese chegar ao concello e ao equipo redactor tanto as súas opinións sobre os temas xerais que se xulgasen de interese, como a formulación de propostas concretas de interese particular. Como froito desa publicitación e da labor concreta de xestión levada a cabo polo departamento de urbanismo e os servizos técnicos municipais, en conxunción co equipo

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

redactor do PXOM, foron tanto as contribucións de cidadáns que amosaron o seu interese polos contidos do plan no que respecta a tratamentos de parcelas ou zonas concretas como doutra banda o inicio de conversas con particulares de cara á xestión de zonas de interese prioritario para a ordenación xeral do territorio de Ribadavia.

Deste xeito, á hora de elaborar a Diagnose e as propostas que conformaron o Avance de Planeamento xuntáronse estas experiencias previas e todas aquelas propostas, problemas a resolver e acordos recompilados con posterioridade á aprobación das NN.SS. vixentes.

Unha vez rematados os traballos desta primeira fase o Equipo fixo entrega no concello da documentación integrante do Avance de Planeamento.

### 5.2.2. FASE 1-2. A EXPOSICIÓN PÚBLICA DO AVANCE E ANÁLISE DAS SUXESTIÓNS.

O Avance de Planeamento, que foi ratificado polo Concello, foi posto a información pública.

A publicación deste primeiro período de información pública foi realizada inicialmente no periódico La Región e La Voz de Galicia o día 26 de Marzo do 2004 e no Diario Oficial de Galicia do día 26 de Marzo do 2004.

A exposición ao público propiamente dita realizouse dende o 27 de Marzo do 2004 ata o 27 de Abril dese mesmo ano na Casa de Cultura de Ribadavia. A atención ao público para a realización das consultas pertinentes foi atendida durante este período (e aínda despois) polos membros da Oficina Técnica do concello e dous días á semana por parte de membros do Equipo Redactor nese mesmo lugar. Nos primeiros días da exposición pública organizáronse reunións explicativas en todas e cada unha das parroquias para expoñer os contidos do Avance do PXOM e tamén as novas condicións que establece a LOUG para a ordenación urbanística.

Durante todo este proceso e tamén con posterioridade á exposición do Avance continuaron con máis intensidade se cabe, e tamén con máis efectividade as conversas cos particulares iniciadas dende o concello para a xestión de terreos ou de usos de carácter estratéxico (por exemplo os usos industriais ou residenciais a desenvolver en solos urbanizables).

#### 5.2.2.1. A resposta cidadá na exposición pública do Avance.

A participación pública no proceso de información do Avance foi moi importante, cecais habería de calificarse como espectacular e, ademais, numericamente se ten traducido nunha cantidade proporcional de suxestións.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Imos a facer unha análise o máis exhaustiva posible respecto das suxestións presentadas, para estudiar convenientemente o alcance do que se solicita e do nivel de aceptación que a xuízo do equipo redactor se podía acadar na presente entrega da documentación.
As suxestións particulares presentadas acadan un número de 91, entre as que convén detallar as seguintes cuestións:

No que se refire á temática das suxestións, case todas se refiren a cambios na clasificación do solo (85, o 93,4 %) fronte a 6 (6,6%) de outras temáticas diferentes.
As que se refiren a estas temáticas diferentes tratan maioritariamente de pequenos detalles dentro do solo urbano, cun total de 3 suxestións (o 50 % deste grupo) e as outras 3 (o 50% restante) refírense a cuestións particulares moi puntuais.
Se nos referimos dentro do grupo maioritario á procedencia da clasificación de solo no avance exposto, a predominancia maioritaria das solicitudes procede do solo rústico de protección de ordinaria (44, o 48,4% delas) seguidas do S.R. de protección agropecuaria (30, o 33%), seguidas do solo urbanizable (8, o 8,8%) solo urbano (5, o 5,5%), seguidas do S.R.P. Forestal (3, o 3,3%) e 1 (1,1%) procedentes de solo de núcleo rural.
A respecto do nivel de aceptación das suxestións na presente entrega do avance adaptado á LOUG, téñense aceptado 70 suxestións (77 %), desestimándose 5 (5,5 %) pola imposibilidade de acadar o solicitado, ben por ir en contra da lexislación urbanística e sectorial vixente, como en contra dos criterios básicos do PXOM ou do modelo de ordenación pretendida, e aceptáronse en parte 15 suxestións (16,5 %), ademais de unha suxestión (1,1 %) que se refería a unha cuestión relativa ás N.S.M. actuais, non ao Avance do PXOM, e que polo tanto queda pendente de resolución. Pódese dicir polo tanto que o nivel de aceptación total ou parcial é moi grande (93,4 %).

### 5.2.3. FASE 2-1. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL.

É nesta fase onde se require dun maior salto, cualitativo e cuantitativo a respecto da fase anterior (pasar dun Avance a un documento completo con tódalas determinacións dun PXOM).
En todo caso, o período de produción do Documento para tramitar decorreu ata Agosto do 2005, data, na que se ten a entregado o Documento no Concello.
De calquera xeito, foi durante o ano 2005 cando se mantivo unha cadencia de reunións máis intensiva, no que respecta ao Grupo de seguimento do Plan.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

### 5.2.4. FASE 2-2. REMISIÓN AO CONSELLEIRO PARA O INFORME PREVIO.

Unha vez entregado o Documento de Aprobación Inicial do PXOM no concello en Agosto do 2005, este o ten dilixenciado e remitido, xunto co expediente completo ao Conselleiro da C.P.T.O.P.T. para o seu informe, que foi emitido en Xaneiro de 2006.
Foi durante o ano 2006 cando se mantivo unha reunión cos servizos técnicos da Consellería de Política Territorial logo do informe previo para unha serie da aclaracións sobre o seu contido.

### *5.2.5.* FASE 3-1. CORRECCIÓN DO DOCUMENTO PARA A SÚA APROBACIÓN INICIAL.

Transcorrido este trámite, e unha vez realizadas as correccións para a súa adaptación ao informe da C.P.T.O.P.T. procederase a entregar o documento corrixido, e poderá continuar a tramitación do PXOM, para proceder logo á súa Aprobación Inicial polo Concello.
Aos efectos da avaliación ambiental do PXOM para dar cumprimento a Lei 9/2006, a lexislación reguladora dos plans e programas introducirá no procedemento administrativo da súa elaboración e aprobación un proceso de avaliación ambiental no que o órgano promotor integrará os aspectos ambientais mediante a elaboración dun informe de sostibilidade ambiental, coa amplitude, nivel de detalle e grao de especificación que determine o órgano ambiental (a Consellería de Medio Ambiente), para o que será consultada a tal efecto.

### 5.2.6. FASE 3-2. APROBACIÓN INICIAL, EXPOSICIÓN PÚBLICA, INFORME DAS ADMINISTRACIÓNS E ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS.

Unha vez entregado o documento corrixido de Aprobación Inicial poderá continuar a tramitación do PXOM, procedendo á súa Aprobación Inicial polo Concello. Seguidamente será sometido ao trámite de información pública como mínimo durante un mes, segundo o establecido no Art. 85 da LOUG, aínda que para dar cumprimento a Lei 9/2006 como período de consultas cómpre acadar un mínimo de 45 días de exposición.
O **Equipo Redactor**, en aplicación da mesma metodoloxía seguida na exposición pública do avance, **comprométese a manter tódalas reunións que sexan precisas ou demandadas polo Prego de Condicións, e pola Corporación**, para acadar o maior consenso posible, e tamén igual que na exposición do Avance, a manter en horario de oficina un mínimo de unha persoa do equipo no local onde se leve a cabo a exposición pública do PXOM dous días á semana mentres dure esta.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

Simultaneamente darase audiencia aos concellos limítrofes e tamén remitiranse exemplares do mesmo a todas as administracións con competencias sectoriais no urbanismo (en materia de costas, portos, medioambiente, patrimonio cultural, estradas, etc.), que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial específica indique outro prazo. Igualmente os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir o seu informe respecto da conformidade coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada. Asemade, deberá solicitar da consellería competente en materia de medio ambiente o preceptivo informe ambiental, que será emitido no prazo de un mes. Transcorrido este prazo sen que se comunique o informe solicitado, poderá continuarse o procedemento de aprobación do plan.

Finalizada a fase de exposición ou consultas, elaborarase unha memoria ambiental co obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do Plan, na que se analizarán o proceso de avaliación, o informe de sostibilidade ambiental e a súa calidade, avaliando tamén o resultado das consultas realizadas e como se tiveron en consideración e analizarase a previsión dos impactos significativos da aplicación do plan.

O **Equipo comprométese** igualmente a **participar** en todas cantas **reunións** sexa necesario manter cos técnicos das citadas Administracións para lograr que os **Informes** que deben emitirse dende eses organismos sexan **positivos** e poder así dar remate a esta fase do PXOM.

Recibidos os informes destas Administracións, o **Equipo Redactor** procederá, de común acordo coa Dirección dos traballos a rematar o correspondente informe, que xa se tivera iniciado antes, en función da necesidade de **ir analizando as alegacións segundo se lle remitan** polo concello para ir gañando tempo, estimándose que poderá emitir ese **Informe Técnico para Alegacións no prazo de un mes,** logo de rematado o período de Exposición Pública, para que poida ser analizado e informado polo concello en dous meses máis, acadando un tempo total de 3 meses nesta fase.

### 5.2.7. FASE 4-1. ELABORACIÓN DO DOCUMENTO DE APROBACIÓN PROVISIONAL.

Para **corrixir** o Documento Aprobado Inicialmente para refundilo nun Documento para a súa Aprobación Provisional, mantense un **prazo de 2 meses,** a contar dende o momento en que se produza o visto e prace que sobre o Informe de alegacións fagan os correspondentes órganos municipais.

### 5.2.8. FASE 4-2. APROBACIÓN PROVISIONAL POLO CONCELLO E REMISIÓN DO EXPEDIENTE O CONSELLEIRO PARA INFORME DEFINITIVO.

Unha vez entregado o documento corrixido de Aprobación Provisional poderá continuar a tramitación do PXOM, e o pleno do concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterao, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que deba outorgar a aprobación definitiva.

A consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo, a integridade documental tanto do proxecto de Plan coma do expediente e das actuacións administrativas realizadas. De apreciarse a omisión ou defectuosa formalización dalgún trámite, ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación do proxecto, requirirá a reparación das deficiencias observadas, fixando prazo para o efecto. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva.

Unha vez completado o expediente, o conselleiro adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Aprobar definitivamente o plan. A aprobación poderá ser parcial cando as deficiencias só afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata que o concello emende as deficiencias e lle remita o documento corrixido á consellería para a súa aprobación definitiva.

b) Se non procede outorgar a aprobación definitiva, o órgano competente sinalará as deficiencias e subseguintes modificacións que procede introducir, co obxecto de que, unha vez reparadas e aprobadas polo concello, se eleve de novo o documento para a súa aprobación definitiva, agás que quedase relevado de facelo pola escasa importancia das modificacións.

c) Denegar a aprobación definitiva no suposto de que o Plan en tramitación se considere inviable porque as deficiencias constatadas non sexan susceptibles de emenda.

O **Equipo comprométese** a **participar** en todas cantas **reunións** sexa necesario manter cos **técnicos da CPTOPT** para lograr que os **Informes** que deben emitirse dende este organismo (neste caso sobre o documento de Aprobación Provisional) sexan **positivos** e poder así dar remate ao proceso de tramitación do PXOM, redactando un último documento final que resolva tódalas cuestións apuntadas no derradeiro informe do Conselleiro da CPTOPT e poida ser aprobado xa con carácter definitivo, co obxecto de dotar a Ribadavia dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO

### 5.2.9. FASE 5 - DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.

En caso de necesitar algunha das correccións sinaladas no apartado anterior redactaráse un novo documento de Aprobación Definitiva.

Loxicamente, nesta fase deberían estar incluídas (no seu caso) as seguintes subfases: remisión ao conselleiro do documento de Aprobación Definitiva e aprobación definitiva da CPTOPT.

TEXTO REFUNDIDO ELABORADO SEGUNDO OS CONDICIONANTES DA ORDE DE DATA 29-11-2019 DE APROBACION DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA. O SECRETARIO